

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 3

SESION ORDINARIA DO 23 DE FEBREIRO DE 2009

ASISTENTES

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Pérez, Fco. Xabier
Calviño Rodríguez, Xulio
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Díaz Vázquez, Raquel
Domínguez Olveira, Santiago
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
González Sagarra, Javier Pablo

Iglesias Bueno, Marta
Lago Rey, María Jesús
Larriba Leira, Elvira
López Atrio, Laura
López Carreira, Xesús
López Font, Carlos
Martiño Gómez, Antonio
Méndez Piñeiro, María
Molares Pérez, Lucía Emilia
Muñoz Posse, Carlota
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Veloso Ríos, Iolanda

NON ASISTE:

Porro Martínez, María Corina

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e vinte minutos do día vintetrés de febreiro do ano dous mil nove, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio (con atraso), López Carreira, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste a Sra. Porro Martínez. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sr. Mariño Mendoza e Sra. Maure Noiva e mailo o Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno do Concello en sesión ordinaria, convocado con orde do día do 19 de febreiro que obra en poder dos señores e señoras concelleiros. Constátase a existencia de quórum e ábrese sesión pública. Adianto que se vai someter a votación a retirada do punto 8º da orde do día.

1.- (18).- ACTAS ANTERIORES (S. ORD. 24.11.08 E EXT. 22.12.08).

(Están ausentes as Sras. López Atrio e Porro Martínez).

Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas correspondentes ó Pleno da Corporación das sesións ordinaria do 24 de novembro e extraordinaria do 22 de decembro de 2008.

2.- (19).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 20.01.09 NOMEANDO A UNHA CONCELLEIRA PARA EXERCER AS SÚAS FUNCIÓNS NO RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA, ASÍ COMO ESCRITO DE DATA 03.02.09 DA DEVANDITA CONCELLEIRA ACEPTANDO A MESMA.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 29 de xaneiro de 2009, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

"A proposta do Voceiro do Grupo Político Municipal do Partido Socialista, de data 27 de xaneiro de 2007, en base ó acordo plenario de 03.09.2007 que modificaba o anterior acordo do 17.07.2007 relativo ás dedicacións exclusivas e parciais dos concelleiros, tendo en conta que unha das dedicacións parciais do dito grupo de 9 horas quedou vacante, segundo Resolución da Alcaldía de data 30.09.2008, é polo que en virtude do art. 75.5 da LBRL, RESOLVO,

S.Ordinaria 23.02.09

Primeiro.- D^a. RAQUEL DÍAZ VÁZQUEZ exercerá as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva cunha retribución bruta anual de 67.167,96 €, con efectos dende o 1 de febreiro de 2009.

Segundo.- A retribución aboarase en catorce pagas, o importe revisarase anualmente na mesma proporción que as do persoal ó servizo do Concello.

Terceiro.- A retribución por dedicación exclusiva implicará a súa incompatibilidade con outras con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, órganos ou empresas deles dependentes, así como o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas.

Cuarto.- Notificar a presente resolución ó interesado, advertindo que no prazo dos tres días seguintes á notificación, deberá dirixir escrito a esta Alcaldía a través da Secretaría Xeral do Pleno, no que se manifieste a aceptación ou non aceptación da dedicación, escritos dos que deberá darse conta ó Pleno na seguinte sesión que este órgano realice.

Sexto.- Notificar a presente resolución á Unidade de persoal deste Concello, á Tesourería, á Intervención Xeral e á interesada.

Sétimo.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no Taboleiro de Editos do Concello."

Por escrito de data 3 de febreiro de 2009, a concelleira Sra. Díaz Vázquez manifesta a súa aceptación do réxime de dedicación exclusiva.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ó Pleno da Corporación.

3.- (20).- DAR CONTA DA POSTA EN FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN TÉCNICA DE CARÁCTER MIXTO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AS ASOCIACIÓNS CONCESIONARIAS DOS MERCADOS MUNICIPAIS. EXPTE. 63/551.

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, en sesións do día 25 de xaneiro de 1999, acordou aprobar a creación dunha comisión técnica de carácter mixto entre as Asociacións Concesionarias dos Servizos Públicos dos Mercados Municipais e o Concello.

Por escrito de data 10 de febreiro de 2009, o Tenente de Alcalde, concelleiro delegado de Comercio, informa do que segue:

S.Ordinaria 23.02.09

"...A citada comisión mixta non tivo continuidade na súa actuación. Sen embargo dende esta Concellería de Turismo estímase procedente a continuación da súa actividade, ó entender que constitúe un marco idóneo para o avance na prestación do servizo público de mercados.

Por conseguinte, o Tenente de Alcalde e Concelleiro de Mercados ten tomada a decisión de continuar coa actividade da comisión mixta que, logo dos contactos mantidos e a convocatoria ós xerentes no pasado mes de decembro, traballará para definir inicialmente as súas competencias e normas de funcionamento coma órgano de relación do Concello de Vigo cos mercados municipais e os seus usuarios.

Para as tarefas de secretaría da comisión e asesoramento en materia de mercados, en tanto no exista provisión específica ó fin, encoméndase a D. Miguel A. Pola Tombo, vocal do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo, os labores de proposta e asesoramento, co apoio administrativo do persoal desta Tenencia de Alcaldía e do persoal adscrito ó dito Tribunal.

Por isto, e previa remisión á comisión informativa de Xestión Municipal, dáse conta ó Pleno do Concello de Vigo da continuación da actividade da comisión técnica de carácter mixto entre os concesionarios dos mercados e o Concello segundo o relatado no presente."

Do anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ó Pleno da Corporación.

4.- (21).- DAR CONTA DA MEMORIA DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO CORRESPONDENTE Ó ANO 2008.

ANTECEDENTES.- Con data 12 de febreiro de 2009, o presidente do Tribunal Económico-Administrativo do Concello remite a memoria do devandito Tribunal correspondente ó ano 2008 co seguinte contido:

"Cumprimentando o disposto na Disposición adicional terceira do Regulamento do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo (RTEACV), aprobado por acordo plenario do 14 de xuño de 2004, elabórase a presente Memoria correspondente ó ano 2008, en base ós datos que obran no arquivo do Tribunal, da que se da conta ó Pleno da Corporación.

Despois de catro anos de funcionamento, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo tense consolidado como un órgano técnico e independente na garantía dos dereitos dos cidadáns e cidadás de Vigo, en tanto que contribuíntes, coa resolución das reclamacións económico-administrativas interpostas en relación ós tributos e outros ingresos de dereito público que nutren a facenda municipal.

Ademais, o Tribunal seguiu exercendo funcións de colaboración e asesoramento ós

distintos órganos de xestión do Concello en relación coas normas e procedementos de xestión, recadación e inspección dos ingresos municipais de dereito público. Todo isto tense traducido nunha mellora da actividade municipal e nunha diminución da conflictividade fiscal, dun xeito singular nos temas relacionados co proceso recadatorio das multas de tráfico.

No ano 2008 tense consolidado o coñecemento do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo. As reclamacións presentadas teñen unha mellor e individualizada fundamentación xurídica, tendo diminuído as presentadas baixo un mesmo modelo ou tipo sen ter en conta as peculiaridades de cada unha. Tamén apréciase non só un aumento dos motivos de impugnación tanto de dereito substantivo (suxeito pasivo, contribuínte, responsabilidade solidaria e subsidiaria, exencións , bonificacións, etc.), como de dereito procedimental (carencia ou notificacións defectuosas, caducidade, prescrición, etc.), senón tamén que a maioría das reclamacións presentadas baséanse en varios motivos

O exercizo 2008, ó non ter habido modificacións legislativas sobre do financiamento das entidades locais que obrigasen a adoptar novos criterios sobre os distintos supostos da regulación dos ingresos que integran a Facenda local, pódese considerar coma unha continuación dos anteriores, no que se consolidan os criterios sostidos polo Tribunal nas resolucións das distintas reclamacións económico-administrativas, compartidos na súa case totalidade polos Tribunais da xurisdición contencioso-administrativa.

A) Reclamacións económico-administrativas	
- Presentadas.....	278
- Resoltas.....	259
- Estimadas	9
- Desestimadas	196
- Declaradas inadmisibles.....	54
B) Conceptos	
- Exaccións Unificadas de Industriais (EUI).....	9
- Imposto sobre Bens Inmóbiles.(IBI).....	10
- Imposto s/incremento valor dos terreos natureza urbana.....	5
- Lixo vivendas	5
- Outros tributos	11
- Procedementos sancionador e recadatorio.....	219
C) Recursos contencioso-administrativos interpostos.....	15

O igual que nos exercizos económicos anteriores, o Tribunal, de conformidade co disposto nos artigos 137-1-b da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 2º-b do Regulamento Orgánico do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, do 14 de xuño de 2004, emitiu o seu preceptivo ditame sobre os proxectos de modificación de vinte e cinco ordenanzas fiscais do Concello para o ano 2009.

Así mesmo informou reclamación da AEAT sobre devolución, por revogación de actos.
"

Do anterior a Presidencia dá conta ó Pleno da Corporación.

5.- (22).- RECTIFICACIÓN DO EPÍGRAFE I VÍAS PÚBLICAS DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS, REFERENTE Ó RAMAL 4 DO CAMIÑO BREA-MUIÑEIRA NA PARROQUIA DE LAVADORES. EXPTE. 16889/240.

ANTECEDENTES.- Con data 26 de xaneiro de 2009 o xefe do Servizo de Patrimonio, coa conformidade da xefa da área de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado, informa do que segue:

"Primeiro.- No Inventario Municipal de Bens e Dereitos, aprobado por acordo Plenario do 4 de maio de 1993, consta no seu epígrafe I-Vías Públicas, o Camiño Brea Muiñeira R-4 na parroquia de Lavadores, C. Rueiro 01170, con orixe no Camiño Brea Muiñeira e final en finca particular, dunha lonxitude de 105 m (folla cartográfica 21-25).

Segundo.- Por sentenza do 15 de marzo de 2007 do Xulgado de Primeira Instancia nº 11 de Vigo, confirmada en apelación por sentenza 08.09.2008 da Sección Sexta da Audiencia Provincial, no Procedemento Ordinario nº 396/05 sobre acción declarativa de dominio exercitada por D. Alberto Caride Guisande respecto á franxa de terreo que discorre ó longo do linde norte da súa finca coñecida como "Lugar de Brea" (correspondéndose co tramo final do ramal 4 do Camiño Brea Muiñeira), estimouse a demanda interposta e declarouse que dita franxa de terreo é propiedade do actor.

Sentenzas de 1ª e 2ª Instancia das que se deu conta á Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 3 de novembro do 2008.

Terceiro.- A teor da declaración de dominio que fai as devanditas sentenzas a prol do demandante e que ven afectar, no tramo final do ramal 4 do Camiño Brea Muiñeira de Lavadores, a consideración de vía pública que resulta do Inventario municipal, interesouse do servizo de Cartografía da Xerencia de Urbanismo a información descritiva e gráfica co que resulta dito camiño trala sentenza ditada, ós efectos de proceder a súa rectificación no inventario en cumprimento e execución de dita resolución xudicial.

O topógrafo municipal emite o pasado 7 de xaneiro informe sinalando que dito camiño queda, trala sentenza do 15.03.2007, coa seguinte descrición:

Código:	1070300
C. Rueiro:	01170
Denominación:	Camiño Brea Muiñeira R-4
Orixe:	Camiño Brea Muiñeira
Final:	Finca particular (núm. 42)

S.Ordinaria 23.02.09

Lonxitude: 72
Núm. Folla: 21-25

Así mesmo achega a correspondente folla cartográfica 21-25 coa rectificación gráfica de dito ramal resultante.

Cuarto.- Conseqüentemente co que antecede, dado o deber das Administracións Públicas e demais entidades públicas e privadas do respecto e cumprimento das sentenzas e demais resolucións xudiciais que sexan firmes ou executivas de acordo coas leis, tal e como dispón o art. 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, cumpre, co fin de adecuar o inventario municipal de vías públicas á realidade xurídica resultante da sentenza ditada polo Xulgado de Primeira Instancia nº 11 de Vigo, proceder á rectificación no inventario anulando o tramo final do Camiño Brea Muiñeira R-4, resultando este coa descrición e grafía proposta polo Servizo de Cartografía que consta no expediente.

Quinto.- Resulta competente para a adopción do acordo de rectificación do Inventario Municipal o Pleno Municipal, de acordo co disposto no artigo 34 do RD 1372/86 de Bens das Entidades Locais."

Polo anteriormente exposto o xefe de Patrimonio emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 16 de febreiro, ditamina favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente a Sra. Porro Martínez)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar a rectificación do epígrafe I Vías Públicas do Inventario Municipal de Bens, referente ó ramal 4 do Camiño Brea Muiñeira na Parroquia de Lavadores, de acordo coas seguintes características técnicas e a grafía reflectida na folla 21-25 do Servizo de Cartografía da Xerencia de Urbanismo de data 07.11.2009:

- Código: 1070300
- C. Rueiro: 01170
- Denominación: Camiño Brea Muiñeira R-4
- Orixe: Camiño Brea Muiñeira
- Final: Finca particular (núm. 42)
- Lonxitude: 72
- Núm. Folla: 21-25

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ós interesados, servizos municipais

S.Ordinaria 23.02.09

correspondentes e á Xerencia Municipal de Urbanismo.

6.- (23).- FELICITACIÓN POR PARTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL Ó AXENTE DA POLICÍA LOCAL D. JUAN MIGUEL COVELO COSTAS.

ANTECEDENTES.- O superintendente xefe da Policía Local, coa conformidade do concelleiro delegado, con data 3 de febreiro emite o seguinte informe proposta:

"Primeiro.- Que en data 5 de marzo de 2008, o policía deste Corpo con rexistro profesional nº 406 D. Juan Miguel Covelo Costas, é proposto, polo inspector principal D. Alberto Freire Estévez e polo inspector D. Francisco Javier Álvarez Ferreira, para felicitación e condecoración, por un acto notorio no cumprimento dos seus deberes, no que puxo en risco a súa vida.

Segundo.- Os feitos ocorreron o día 3 de marzo de 2008, ás 10 horas e 19 minutos na a rúa Mestre Soutullo nº 3, onde un individuo encerrouse no baixo con dúas bombonas de butano, cun chisqueiro na man, sen contestar ás chamadas e do interior do inmovible desprendíase un forte cheiro a gas.

Terceiro.- O policía antes mencionado, ó chegar ao lugar dos feitos, dunha maneira heroica, pondo en risco a súa vida, abriu unha fiestra da parte traseira accedendo ao local que estaba as escuras, chamando repetidas veces ao individuo, que nunha delas contestou con voz tenue, ameazando con acender o chisqueiro e voar todo, entón o policía sen dubidar un momento nin pensar na súa integridade física abalanzouse sobre el, que estaba tombado na cama, tapado con mantas e cunha manguera conectada a unha bombona e introducida nas mantas, con claros síntomas de inhalar gran cantidade de gas, e sacouno ao exterior.

Cuarto.- Dos feitos foron testemuñas a muller do mencionado (da cal pesa unha orde de afastamento) e a filla menor de ambos, que se atopaba nun estado de ansiedade elevado, ambas residen no terceiro andar do edificio e de mutuo acordo verbal a muller permítelle vivir no baixo.

Quinto.- O acto de valentía deste policía pondo en risco a súa vida para salvar a do individuo en cuestión e evitar unha posible explosión con consecuencias impredecibles, tanto en vidas humanas como en danos materiais, na vivenda propia como nas lindeiras xa que son construcións antigas, tivo un eco mediático nos medios de comunicación, como na primeira páxina e páxina 3 do Faro de Vigo, primeira páxina e páxina 10 do Atlántico Diario, primeira páxina e páxina 14 de La Voz de Galicia, páxina 27 do Diario de Pontevedra, páxina 53 de ABC do día 04/03/2008 e páxina 49 de Atlántico Diario do 05/03/2009, (achégase en documento 1, os recortes de prensa) así como e nas televisións locais e autonómica.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Que no disposto no artigo 66 do decreto 315/1964, do 7 de febreiro,

S.Ordinaria 23.02.09

polo que se aproba o Texto articulado da Lei de Funcionarios Civís do Estado, "1. Los funcionarios que se distingan notoriamente en el cumplimiento de sus deberes podrán ser premiados, entre otras, con las siguientes recompensas: a) Mención honorífica. b) Premios en metálico. c) Condecoraciones y honras. 2. Estas recompensas se anotarán en la hoja de servicios del funcionario y se tendrán en cuenta como merito en los concursos."

Segundo.- Que a efectos da Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de Policía Local, no seu capítulo IV. distincións e recompensas, o artigo 74. 1. di: "Os membros dos corpos de Policía local de Galicia poden ser distinguidos ou recompensados de acordo co que se determine regulamentariamente".

Terceiro.- Que con motivo do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, no seu artigo 89 di: "As Corporacións Locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, condecoracións ou outros distintivos honoríficos, a fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios".

Cuarto.- Que para os beneficios do Decreto 204/2000, do 21 de xullo, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, polo que se refunde a normativa vixente en materia de coordinación de Policía Local de Galicia, Orde do 2 de xullo de 1997, pola que se aproba o baremo de méritos para promoción interna das Policía Local de Galicia (DOG do 10 de xullo de 1997, nº 132).

Quinto.- Que actos como o descrito no relato dos feitos son os que dignifican e dan credibilidade, tanto á persoa e ao Corpo policial, como ás institucións, polo que merecen ser recoñecidos como tal publicamente.

CONCLUSIÓN PROPOSTA

Que se teña por interposto o seguinte informe proposta, procédase a decretar a correspondente felicitación, por parte da Corporación Municipal, ao Axente con rexistro profesional 406 D. JUAN MIGUEL COVELO COSTAS, para os efectos oportunos. A petición esta claramente motivada en base aos feitos e fundamentos anteriormente expostos, por unha actuación heroica ao arriscar a súa vida en beneficio da sociedade, ao evitaren posibles danos de valor incalculable. Actuacións deste calibre son as que dan valor a un colectivo ao dignificar e dar credibilidade, tanto á persoa na súa motivación profesional como ao persoal policial e ás institucións, polo que se solicita que se aprobe a devandita petición, co fin de que esta actuación tan meritoria teña recoñecemento público e institucional que merece."

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do día 16 de febreiro de 2009, ditaminou favorablemente a anterior proposta.

INTERVENCIÓN DO SR. FIGUEROA VILA: Por suposto que nós estamos de acordo con estas felicitacións pero nos parece que logo dun ano xa tiveron tempo máis que

suficiente para o traer a un Pleno. Parécenos fóra de tempo e de lugar. En calquera caso imos votar a favor porque estamos de acordo con este tipo de felicitacións pero tamén nos gustaría saber cales van ser os criterios para outros tipos de felicitacións por cousas que se fagan ben neste Concello, cremos que hai persoal desta casa que fai magníficos traballos.

(Está ausente a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta formulada polo Superintendente xefe da Policía Local con data 3 de febreiro de 2009 e, xa que logo, o Pleno da Corporación felicita ó axente da Policía Local con número de rexistro profesional 406, don Juan Miguel Covelo Costas, pola súa actuación nos feitos acontecidos o día 3 de marzo de 2008 que se relatan no citado informe proposta transcrito nos antecedentes deste acordo.

7.- (24).- FELICITACIÓN POR PARTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL Ó AXENTE DA POLICÍA LOCAL D. ENRIQUE TOUCEDO GARRIDO.

ANTECEDENTES.- O superintendente xefe da Policía Local, coa conformidade do concelleiro delegado, con data 4 de febreiro emite o seguinte informe proposta:

"Primeiro.- Con data 28 de outubro de 2008 prodúcese un incendio nunha vivenda Os veciños e dous dos moradores da mesma atopábanse no exterior e manifestan que unha persoa maior estaba no interior, na súa habitación e deitada na cama.

Segundo.- O policía con rexistro profesional núm. 475, Enrique Toucedo Garrido, ó chegaren ó lugar dos feitos, sen dubidar un instante, poñendo en risco a súa integridade física e mesmo a súa vida, accedeu ao interior da vivenda para rescatar a esa persoa, facéndoo a gatas, arrastrándose polo chan, a escuras e cun pasamontañas mollado para non inspirar CO₂ e non queimar a cara.

Terceiro.- O rescate foi dificultoso, pois a vítima estaba asustada e nerviosa e agarrábase con forza a unha vala de suxeición que tiña a cama e no quería saír, tendo o policía que forcexar, recibindo ata unha labazada e, tras moitos esforzos nun ambiente cheo de fume e lapas, conseguiu collela en brazos e sacala ao exterior.

Cuarto.- Tanto a vítima como o policía sufriron unha intoxicación por inhalación de fume da que tiveron que ser asistidos no Hospital Xeral-Cíes.

Quinto.- O acto de valentía e profesionalidade deste policía, pondo en risco a súa vida para salvar a doutra persoa, tivo un eco mediático nos medios de comunicación; así na portada e páxina nove de Faro de Vigo, portada e páxina 55 de Atlántico Diario, portada e páxina 12 de La Voz de Galicia, páxina 4 de ADN de data 29/10/08 (achéganse en documento 1 os recortes de prensa) e nas televisións locais, autonómica e nacionais.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Que no disposto no artigo 66 do decreto 315/1964, do 7 de febreiro, polo que se aproba o Texto articulado da Lei de Funcionarios Civís do Estado, "*1. Los funcionarios que se distingan notoriamente en el cumplimiento de sus deberes podrán ser premiados, entre otras, con las siguientes recompensas: a) Mención honorífica. b) Premios en metálico. c) Condecoraciones y honras. 2. Estas recompensas se anotarán en la hoja de servicios del funcionario y se tendrán en cuenta como merito en los concursos.*"

Segundo.- Que a efectos da Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de Policía Local, no seu capítulo IV. distincións e recompensas, o artigo 74. 1. di: "*Os membros dos corpos de Policía local de Galicia poden ser distinguidos ou recompensados de acordo co que se determine regulamentariamente*".

Terceiro.- Que con motivo do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, no seu artigo 89 di: "*As Corporacións Locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, condecoracións ou outros distintivos honoríficos, a fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios*".

Cuarto.- Que para os beneficios do Decreto 204/2000, do 21 de xullo, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, polo que se refunde a normativa vixente en materia de coordinación de Policía Local de Galicia, Orde do 2 de xullo de 1997, pola que se aproba o baremo de méritos para promoción interna das Policía Local de Galicia (DOG do 10 de xullo de 1997, nº 132).

Quinto.- Que actos como o descrito no relato dos feitos son os que dignifican e dan credibilidade, tanto á persoa e ao Corpo policial, como ás institucións, polo que merecen ser recoñecidos como tal publicamente.

CONCLUSIÓN PROPOSTA

Que se teña por interposto o seguinte informe proposta, procedase a decretar a correspondente felicitación, por parte da Corporación Municipal, ao Axente con rexistro profesional 475 D. ENRIQUE TOUCEDO GARRIDO, para os efectos oportunos. A petición esta claramente motivada en base aos feitos e fundamentos anteriormente expostos, por unha actuación heroica ao arriscar a súa vida en beneficio da sociedade. Actuacións deste calibre son as que dan valor a un colectivo ó dignificar e dar credibilidade, tanto á persoa na súa motivación profesional como ó

persoal policial e ás institucións, polo que solicita que se aprobe a devandita petición, co fin de que esta actuación tan meritoria teña o recoñecemento público e institucional que merece."

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do día 16 de febreiro de 2009, ditaminou favorablemente a anterior proposta.

(Está ausente a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta formulada polo Superintendente xefe da Policía Local con data 4 de febreiro de 2009 e, xa que logo, o Pleno da Corporación felicita ó axente da Policía Local con número de rexistro profesional 475, don Enrique Toucedo Garrido, pola súa actuación nos feitos acontecidos o día 28 de outubro de 2008 que se relatan no citado informe proposta transcrito nos antecedentes deste acordo.

8.- (25).- DEFINICIÓN DO PERÍODO DA "SEMANA GRANDE DE VIGO". EXPTE. 2969/335.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 15 de xaneiro, o concelleiro delegado de Animación Sociocultural formula a seguinte proposta:

"O Concello Pleno, na súa sesión de data 30 de setembro de 1991, acordou a institucionalización da "SEMANA GRANDE DE VIGO", indicando que esta se iniciaría o primeiro domingo de agosto, coincidindo coa festividade do Santo Cristo da Victoria.

En sesión de data 10 de xullo de 1992, o Pleno acordou rectificar o acordo anterior no senso de que o inicio da "Semana Grande Vigo" coincidise coa festividade do día 25 de xullo e rematase co primeiro domingo de agosto, festividade do Santo Cristo da Victoria.

Esta concellería considera que as datas máis indicadas para celebrar a "Semana Grande" deberían estar máis vinculadas ás festividades da patroa e do patrón da cidade (15 e 16 de agosto), recollendo tamén a referencia a unha celebración de grande arraigo na cidade como é a procesión do Cristo da Victoria e tendo en conta igualmente o novo calendario de celebración da Semana Grande realizado o pasado ano así como as datas de ocupación máxima hoteleira e visitas turísticas á cidade.

En virtude do exposto, esta concellería propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

A SEMANA GRANDE DE VIGO iniciárase o luns seguinte ao primeiro domingo de agosto (festividade do Santo Cristo da Victoria) e concluirá o día 15 de agosto (anterior á festividade de San Roque, patrón da cidade)."

A comisión informativa de Cultura, Industria, Comercio e Patrimonio Histórico, en sesión do 16 de febreiro, ditamina favorablemente.

A Alcaldía-presidencia, no nome do Goberno, propón a retirada do expediente da orde do día.

(Está ausente a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN DA RETIRADA DA ORDE DO DÍA: Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Oliveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez e Muñoz Posse, acórdase a retirada do presente expediente da orde do día.

Explicación de voto do concelleiro Sr. Figueroa Vila, no nome do grupo municipal do Partido Popular:

Abstémonos porque o Goberno retira este punto pero non nos dá ningún tipo de explicación. En calquera caso teño que dicir que nós íamos votar en contra deste expediente porque nos parece que as dúas festas máis importantes da cidade, o Cristo da Victoria e San Roque, estaban fóra desta Semana Grande. Se as dúas festas máis importantes da cidade están fóra da Semana Grande nos gustaría saber como se xustifica. Que saiban tamén os cidadáns que o Grupo Popular votaría en contra se o expediente viñese a Pleno tal como estaba na orde do día.

9.- (26).- DAR CONTA DA REMISIÓN Ó MINISTERIO DE FOMENTO DOS INFORMES DE PLANEAMENTO E XESTIÓN E DO DIRECTOR DOS SERVIZOS TÉCNICOS SOBRE A MODIFICACIÓN DO TRAZADO DO AVE. EXPTE. 11560/411.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 5 de xaneiro de 2009, rexistro de saída da Xerencia Municipal de Urbanismo núm. 066662, o delegado da Área de Urbanismo e Vivenda remite á Dirección xeral de Ferrocarrís do Ministerio de Fomento o informe que se transcribe deseguido emitido con data 19 de decembro de 2008, polo enxeñeiro municipal director dos Servizos Técnicos da Xerencia:

"Este informe redáctase en relación coa documentación titulada "ESTUDO INFORMATIVO COMPLEMENTARIO DO EIXE ATLÁNTICO DE ALTA VELOCIDADE TRAMO: VIGO-PONTEVEDRA/"MODIFICACIÓN DO TRAZADO NO ACCESO NORTE A VIGO" (xullo 2008), remitido polo Ministerio de Fomento, Secretaria Xeral de Plans e Proxectos, Dirección Xeral de Ferrocarrís, o día 27 de novembro de 2008.

OBXECTO.

O obxecto do informe desta oficina municipal de Planeamento é analizar a incidencia do estudo informativo no plan urbanístico municipal.

O plan urbanístico vixente no termo municipal de Vigo, ao que se fai referencia neste informe como PXOM, é o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) con aprobación definitiva parcial do 16/05/2008 (DOG 3/06/2008) (BOP 6/08/2008).

LOCALIZACIÓN.

O ámbito da modificación do proxecto referencia comprende o acceso dende o norte á estación de Vigo, entre o túnel previsto no val do río das Maceiras, no termo municipal de Redondela e o acceso á estación de Urzáiz. No estudo informativo do ano 2002, que foi obxecto de declaración de impacto ambiental en 2005, o trazado discorría en parte en superficie, xunto á autoestrada AP-9 pola parroquia de Teis, zonas de Frián, Buxo e Canadelo

ANTECEDENTES.

1.- O proxecto de construción do "Acceso norte a Vigo" forma parte do Eixe Atlántico de Alta Velocidade Ferrol-A Coruña-Santiago-Pontevedra-Vigo- Fronteira Portuguesa, que está a desenvolver o Ministerio de Fomento en Galicia e enmárcase dentro da planificación para o desenvolvemento da Rede de Altas Prestacións definida no Plan Estratéxico de Infraestruturas e Transporte (PEIT), 2005-2020.

2.- O Plan Director de Infraestruturas (PDI) aprobado polo Goberno o 4 de marzo de 1994, que inclúe o Eixe Atlántico (Tui-Redondela-A Coruña) dentro do programa de

contempla como obxectivo prioritario a mellora das prestacións e a sensible redución dos tempos de viaxe no Eixe Atlántico.

3.- O estudo informativo "Eixe Atlántico de Alta Velocidade. Tramo Vigo-Pontevedra", redactado en xuño de 2002, foi obxecto de resolución do 24 de xuño de 2005, da Secretaría Xeral para a Prevención da Contaminación e o Cambio Climático do Ministerio de Medio Ambiente, á vista do informe emitido pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se formula a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) (publicada no BOE do 14 de xullo de 2005).

4.- O 3 de marzo de 2006, a Secretaría de Estado para infraestruturas e Planificación do Ministerio de Fomento, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo asinaron un acordo marco en relación coa integración urbana do acceso norte do eixe atlántico de alta velocidade á cidade de Vigo.

5.- Na revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) con aprobación definitiva parcial do 16/05/2008 (DOG 3/06/2008) (BOP 6/08/2008) os accesos ferroviarios a Vigo considéranse elementos do SISTEMA XERAL DE COMUNICACIÓNS E TRANSPORTES/FERROVIARIO.

En concreto nas fichas e planos de sistemas xerais distínguense os seguintes elementos:

- SX/CO -TR/F 01 ENTRADA NORTE/RÍOS
- SX/CO -TR/F 02 ENTRADA NORTE TEIS
- SX/CO -TR/F 03 PORTO
- SX/CO -TR/F 04 ESTACIÓN NORTE DO AVE
- SX/CO -TR/F 05 ACCESO NORTE DO AVE

O estudo informativo afecta aos elementos SX/CO TR/F 02 ENTRADA NORTE DE TEIS, SX/CO -TR/F 04 ESTACIÓN NORTE DO AVE e SX/CO -TR/F 05 ACCESO NORTE DO AVE

Na ficha do SX/CO TR/F-05 especificase que a concreción do acceso norte ferroviario de alta velocidade remítase a un "PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS ACCESO NORTE DO AVE", ao que fai referencia os ámbitos de chan urbano non consolidado APR A 5-24 BUXO, APR A 5-27 AMIEIRO, APR A 5-29 FRIAN, APR A 5-32 TRAVESÍA COUTADAS E APR a-5-34 MONTECELO ALTO 1. No que se refire á estación intermodal e zona comercial prevista estación de ferrocarril a ordenación detallada establécese na área de ordenación pormenorizada en chan urbano consolidado AOP 05 ESTACIÓN RENFE e, en parte, no chan urbano non consolidado do APRA 5-47 ESTACIÓN INTERMODAL, con ordenación detallada.

CARÁCTER DA MODIFICACIÓN.

A modificación que agora se propón elimina o percorrido en superficie do ferrocarril do acceso ferroviario de alta velocidade, gracias a un novo túnel que partindo da cabeceira norte da estación de Vigo chega ata a boquilla norte do longo túnel previsto no proxecto de construción "Vigo-Dás Maceiras" do Eixe Atlántico de Alta Velocidade.

En total, a lonxitude deste túnel será de uns 8.300 m, dos cales uns 7.600 m escavaríanse mediante tuneladora cunha sección bitubo.

Esta solución requirirá que a planta de plataformas da estación se depriman uns 15 m respecto á actual praia de vías para realizar o paso do túnel baixo as vivendas próximas cunha cobertura suficiente que garanta a nula afección ás edificacións existentes

INCIDENCIA URBANÍSTICA DA SOLUCIÓN.

Dende o punto de vista urbanístico a solución proposta polo estudo informativo presentado requirirá das seguintes actuacións:

O trazado definitivo do acceso deberá ser concretado no Plan Especial de Infraestruturas, xa previsto.

A solución final do acceso norte ferroviario, incluído o destino e ordenación dos terreos de RENFE que se desafecten do uso ferroviario, poderían integrarse no Plan Especial de Infraestruturas "Acceso Norte do Ave", xa previsto polo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) recentemente aprobado, pero se se queren engadir os terreos situados fóra do ámbito previsto no PXOM, é dicir entre o APR A 5-24 BUXO e o TM de Redondela, debería procederse a unha modificación puntual do Plan Xeral.

A depresión das vías na zona da estación podería alterar as condicións volumétricas e de aproveitamento das áreas AOP-05 ESTACIÓN e APR A 5-47 ESTACIÓN INTERMODAL, co que se requiriría unha modificación puntual do PXOM.

Igualmente o trazado subterráneo baixo a APR AOD A 5-39 VÍA NORTE pode imposibilitar tecnicamente a ordenación detallada incluída polo Plan xeral nese ámbito, o que obrigaría a modificar o Plan Xeral no que concirne á devandita AOD.

CONCLUSIÓN.

A modificación do trazado do acceso do AVE norte presentado o 08/08/1008 pola Secretaría Xeral de Infraestruturas da Dirección Xeral de Ferrocarrís obrigará á tramitación do Plan Especial de Infraestructura ferroviaria xa previsto no Plan Xeral de Ordenación Municipal e, máis recomendablemente, dunha modificación de Plan Xeral para axustar e coordinar as determinacións do proxecto de acceso ferroviario co plan urbanístico, precisando o destino e ordenación dos terreos ferroviarios desafectados con motivo da variación do trazado."

Informe do enxeñeiro municipal director dous Servizos Técnicos:

"Obxecto:

Nova alternativa para o acceso da nova liña ferroviaria de alta velocidade á estación de viaxeiros de Vigo, que supón unha modificación parcial da alternativa aprobada no estudo informativo no tramo comprendido entre a actual estación de Vigo e a boquilla norte do denominado Túnel 1, no val do río Maceiras.

- 12 de novembro de 2008.- Resolución da Secretaría de Estado de Cambio Climático sobre a decisión de non sometemento a avaliación de impacto ambiental do proxecto modificación de trazado do estudo informativo Eixo Atlántico de Alta Velocidade Tramo Vigo-Pontevedra, no acceso norte a Vigo.

Subtramos afectados polo cambio de trazado:

- Acceso norte a Vigo (sen proxecto construtivo)
- Vigo-Das Maceiras (con proxecto construtivo e coas obras iniciadas)

Nova solución:

Só se mantén o trazado en planta dos primeiros 500 m próximos á estación de Vigo e a partir de aí modifícase o trazado do resto dos dous tramos. En cota o cambio é máis significativo posto que se chega á estación a unha cota 15 m por debaixo da actual. Na boca do túnel do lado Dás Maceiras (conexión co subtramo Dás Maceiras-Redondela) o trazado e cota das vías é o mesmo.

- Modificación acordada pola DX de Ferrocarrís, Xunta de Galicia e Concello de Vigo: Modificación do perfil lonxitudinal da solución aprobada no estudo informativo co obxecto de mellorar a permeabilidade urbana e a integración do ferrocarril. Despois de estudar o trazado concluíuse que se debería modificar tamén o trazado en planta. Esta solución consiste nun túnel de 8.300 m. saíndo da estación de Vigo a unha cota 15 m. inferior á actual. O obxecto deste cambio é conseguir unha distancia de seguridade en alzado, que permita pasar baixo as edificacións máis próximas.

Vantaxes da modificación:

- 1.- Elimínase o percorrido en superficie do ferrocarril
- 2.- Redución do trazado nuns 460 m.
- 3.- Custo non excesivamente superior á actuación aprobada máis as obras necesarias na cidade para a integración do ferrocarril.
- 4.- Optimización do investimento necesario para a adopción do sistema de perforación por tuneladora ao empregala ao longo de máis percorrido coa mesma instalación.
- 5.- Menor afección a edificacións próximas ao trazado (antes 2 km e agora 400 m).
- 6.- Eliminación de afección por ruídos.
- 7.- Mantéñense as características funcionais da Estación.

Características xerais:

Estación de Vigo

- Permite construír a Nova Estación de Vigo a ceo aberto
- O desvío cara ao leste do novo trazado propicia alcanzar moito antes (debido á orografía de Vigo) un resguardo importante entre o túnel e a superficie.
- Estación con 6 vías e catro plataformas de 400 m (máximo)
- Previuse o acondicionamento da estación de mercadorías de Guixar para o tráfico de viaxeiros (provisional).
- A execución das infraestruturas ferroviarias da estación correrá a cargo da Dirección Xeral de Ferrocarrís.

- O edificio da estación e as súas instalacións de servizo anexas

Túnel:

- Lonxitude 8.266 m.
- A sección formulada é de dous tubos independentes, separados 30 m (entre eixes) e nas boquillas realízase a transición a un intereixe de 4,30 m (unha soa boca por lado).
- A sección do túnel é circular cun diámetro libre de 8,50 m.
- Cada 400 m comunicásenos ambos os dous tubos cunha galería (gálibo de 5 x 3 m aprox.)
- O trazado é en case toda a súa totalidade unha aliñación recta.
- Pendente Máxima de 1,75% (17,5 milésimas) e na maioría do túnel de 5 milésimas.
- A maioría da escavación é ascendente (doado evacuación de augas)

Urbanismo:

Nos primeiros 400 m de túnel, ata a rúa Aragón, discorre baixo tres actuacións urbanísticas (APR):

- a) A-5-39 Vía Norte - 26 m de cobertura. O túnel pasará baixo edificacións previstas na ordenación detallada do APR, pola que se debería valorar as afeccións e extremar a coordinación entre ambas as dúas actuacións.
- b) A-5-41 Verías- non se prevén afeccións.
- c) A-5-37 Travesía de Aragón.- Non se prevén afeccións.

Servizos afectados

A única interferencia que cabe mencionar é o túnel da Madroa de abastecemento a Vigo (de sifón dos Valos a depósito de O Casal), a separación vertical a este é de 100, non obstante podería verse afectado pola execución das galerías de comunicación situadas entre ambos os dous tubos cada 400 m. (non se fan con tuneladora).

Hidroxeoloxía:

Non se prevén afeccións aos pozos da zona.

Influencia do túnel nas edificacións supradacentes.

Buscouse un equilibrio entre a maior profundidade das cimentacións das edificacións existentes e a menor profundidade posible da estación.

Afeccións potenciais posibles:

- 1.- Inestabilidades do terreo durante a construción
- 2.- Asentos por subsidencia do terreo estimados nun máximo de 6 mm.
Prevese un plan de auscultación e un seguimento intensivo do terreo adxacente.
3. Ruído e vibracións.- Ruídos non representativos e vibracións de valores admisibles, controlables durante a perforación e corrixibles en función da

velocidade de perforación.

Vías e instalacións ferroviarias:

Elimínase a vía sobre balastro e pasa a ser todo o percorrido sobre placa (formigón).

Expropiacións

Elimínanse todas.

Análise ambiental

- 1.- Impacto sobre o medio terrestre, pasa de "moderado" a "moderado-severo"
- 2.- Impacto sobre o medio hídrico, compatible
- 3.- Impacto sobre o medio atmosférico, pasa de "compatible" a "nulo-compatible"
- 4.- Impacto sobre a vexetación, pasa de "moderado" a "nulo-compatible"
- 5.- Impacto sobre a fauna, pasa de "compatible" a "nulo"
- 6.- Impacto sobre a paisaxe, pasa de "compatible" a "nulo"
- 7.- Impacto sobre usos do chan, pasa de "moderado" a "nulo"
- 8.- Impacto sobre o medio humano, pasa de "severo" a "positivo"
- 9.- Impacto sobre o patrimonio cultural, nulo.

Medidas preventivas: as mesmas que as previstas na DIA.

Valoración e prazo

311.277.538,54 € e 28 meses de prazo

Comparación das alternativas

- Comparación técnica
 - Redúcese a lonxitude (de 9.050 m a 8.630 m.)
 - Auméntase a pendente máxima (de 15 milésimas a 17,5)
 - Redúcese o radio mínimo (de 325 m a 250 m)
 - Estas restricións de radio e pendente ao ser próximas á estación non supoñen redución da velocidade.

Comparación económica en execución por contrata (c/IVE)

Alternativa aprobada	391.163.106,25 €
	38.524.407,95 € de incremento (9,83%)
Nova alternativa	429.687.514,20 €

Conclusión:

O trazado do presente estudo informativo complementario do Eixo Atlántico de Alta Velocidade/acceso norte de Vigo, respecto á alternativa aprobada, constitúe unha mellora.

Reduce a ocupación de terreos e as afeccións en planta, ao tramo final de conexión coa nova estación de Urzáiz. Coincidente nese punto co ámbito a-5-39 VÍA NORTE,

con ordenación detallada aprobada e co desenvolvemento da cal deberán coordinarse as obras da AVE, así como valorar as afeccións á devandita ordenación detallada."

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 29 de xaneiro de 2009, tomou coñecemento do contido do anterior informe e acorda a súa remisión ó Pleno da Corporación.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Non imos entrar no fondo deste tema porque se terá que debater moi a miúdo neste Concello no futuro porque a día de hoxe todo o relacionado co AVE é unha incógnita. As tuneladoras puxéronse en marcha pero non funcionan, os trazados están sen aprobar, as empresas non saben cal é o modificado nin o teñen aprobado, en definitiva estase montando unha estrutura electoral ata o 1 de marzo e a partir de aí supoño que nesta cidade teremos un debate importante con todo o relacionado co AVE.

En calquera caso o que nos preocupa é o compromiso que vostede, Sr. Alcalde, adquiriu o día 26 de xaneiro cos veciños de que esa mesma semana se poría en contacto con eles para aclarar a situación na que estaban e tamén que faría as xestións oportunas. A día de hoxe a información que temos é que non só vostede non chamou a eses veciños senón que mesmo cando eles chaman nin lles contestan nin lles dan unha resposta ós seus problemas.

Se o Alcalde de Vigo adquire un compromiso formal no Pleno como así foi, diante de todos os medios de comunicación e do colectivo veciñal e non cumpre a súa palabra evidentemente non hai nada máis que dicir. Para que imos debater, falar do fondo, das formas.

A través dos membros de comunicación xa estamos acostumbrados que o Alcalde de Vigo nos engane a todos pero que nun Pleno, o órgano máximo de representación desta cidade, onde están os corporativos representantes dos veciños, máis os medios de comunicación que son quen reflicten a actualidade e trasládana á cidadanía e mesmo nese caso concreto os propios afectados estaban presentes, pediríamos ó Sr. Alcalde que cumpra a súa palabra porque logo dun mes e pico xa vai sendo hora de que polo menos se poña en contacto cos veciños ou lles atenda ás súas chamadas. Queremos deixar constancia e denunciar que nos parece que o Alcalde de Vigo non pode enganar a un colectivo e menos aínda facelo no Pleno.

SR. MARIÑO MENDOZA: Hai que deixar moi claro que o Alcalde non enganou a ninguén en ningún momento, as xestións estanse a facer co Ministerio para solventar o antes posible este problema pero existe unha tramitación que hai que desenvolver e os prazos non se poden saltar. Vostedes son moi aficionados a saltar prazos e a dicir sempre que é o que este goberno non é quen de facer pero si é certo que vostedes dubidaban que o AVE chegaría por Cerdedo e así chegará. Dubidaban de como sería o AVE, facían bromas cun ascensor, dicían que era imposible cumprir os prazos, que este goberno nunca cumpriría as promesas que fai e o certo é que as tuneladoras están embocadas, os túneles estanse a facer.

Na inauguración botamos de menos ese churrasco que nos ían ofrecer alí cos veciños porque ningún de vostedes se achegou pero as tuneladoras comezaron en prazo e como vostede ben sabe ou debería os túneles teñen que se comezar de maneira manual e así foi como se fixo a primeiros de xaneiro como prometeu o Alcalde desta cidade.

A vostedes non lles serve nada, nin sequera a mellor solución, a que non ten ningunha outra cidade deste país, contar cun tren de alta velocidade con conexión directa a Madrid vía Cerdedo, ratificada polo Presidente e a Vicepresidenta do Goberno. Iso tampouco lle vale, seguramente aquela proposta de seu que o AVE ía en gabia, ía ter afectacións, expropiacións, onde os veciños ían ter que sufrir durante toda a súa vida os ruídos e o paso do tren era moito mellor aposta que esta. Dende logo que a súa postura é inconcibible, o único que terían que facer neste caso é sumarse a este goberno porque a solución que este Alcalde foi quen de acordar para a entrada do AVE nesta cidade é insólita e marcará o futuro para os próximos anos.

Quero repetir que as xestións co Ministerio de Fomento para que se resolvan os problemas destes veciños estanse a realizar. O antes posible chegará esa solución, pero como vostede ben sabe os trámites non son os que nós queremos, teñen que ser os que están regrados pola Lei e así se fará. En ningún momento imos deixar de lado ós veciños e sempre imos apostar por a mellor solución para a cidade e o que nunca escoitei de ningún membro do seu grupo é que foi un gran logro para este Alcalde e para este goberno acadar que o AVE chegue en túnel.

É un pouco triste que vostede nin sequera fose quen de recoñecer isto.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: En relación con este tema non imos entrar na discusión electoralista do AVE, a súa estrutura ou a tuneladora porque o que se trae hoxe aquí

é un expediente determinado que non ten nada que ver cos prazos nin con nada.

Si quixera volver remarcar a postura do BNG neste tema que xa quedou expresamente definida nesta Corporación.

Sr. Alcalde, o BNG considera que hai o tema dos afectados co que levamos moitos meses e pedimos que o problema se solucione de inmediato. Todo o demais son debates electoralistas nos que non imos entrar pero si reclamamos unha vez máis do Ministerio de Fomento que urxentemente se solucione dunha vez por todas o problema destas familias e evidentemente vostede, coma Alcalde desta cidade, ten que abandeirar esa reclamación.

SR. FIGUEROA VILA: Paréceme ben que o concelleiro do Partido Socialista queira defender ó Sr. Alcalde pero do trazado do que estamos a falar agora, de momento é o do Eixo Atlántico. Vostedes seguen enganando porque o trazado definitivo do AVE por Cerdedo segue sen estar aprobado e poden chamar á empresa e pregunten onde está ese modificado que teñen que aprobar no Ministerio e que a día de hoxe aínda non o fixo.

En calquera caso lle podía dar as licitacións de todos os tramos porque as teño aquí pero non imos facer ese debate porque para nós hoxe é moito máis importante que un Alcalde de Vigo no último Pleno enganara ós veciños, está recollido nas actas. Dixo que se poría en contacto cos veciños que están aí presentes e que terían unha xuntanza; a día de hoxe esa xuntanza aínda está por se realizar.

Paréceme moi ben que vostedes falen en presente do que chegou pero as cousas seguen sen se facer, as promesas do ano 2012, etc. A tuneladora téñena aí pero está sen funcionar; ían traela o 1 de xaneiro e veu o 1 do febreiro, veu a Sra. Vicepresidenta do Goberno pero a tuneladora non funcionou e segue sen funcionar a día de hoxe. Paréceme ben que o fagan cara a unhas eleccións pero o 1 de marzo rematan e a partir de aí veremos cal é o ritmo de obra, os avances e as licitacións de todos os tramos.

Se un Alcalde engana a uns cantos veciños no Pleno da Corporación, que fará coas demais presentacións e montaxes que están facendo vostedes de cara a un tema única e exclusivamente partidista e electoral, pero iso será motivo de debate cando proceda.

SR. MARIÑO MENDOZA: Chámame a atención que nas súas declaracións vostede di

que chamemos á empresa. Nós falamos con Fomento e non coas empresas; coas empresas falan vostedes constantemente, nós adicámonos a tramitar as cousas como teñen que ser e non chamamos ás empresas para lles pedir a súa opinión ou en que momento están. Nós mantemos as xuntanzas con quen as temos que manter que é Fomento, quen está a facer o AVE.

Tamén lembrarlles que esa variante que nos traerá o AVE a Vigo directamente por Cerdedo, sendo conselleira a Sra. Porro, foi ela mesma quen dixo que non quería esa variante e quen a desbotou. Nós, gobernados por este Alcalde, somos quen realmente acadamos que o AVE chegase directamente a Vigo dende Madrid con esa variable que vostedes desbotaron. É máis, o problema que estes veciños afectados teñen a día de hoxe provocárono vostedes, Sr. Figueroa, porque non foron quen de solucionar o problema que supuña a entrada do tren de alta velocidade en Vigo.

En practicamente seis meses nós acadamos dous túneles de entrada, o que é moito máis seguro que un só, completamente soterrados. A outra opción afectaría a estes veciños e a moitos máis durante o resto das súas vidas porque lembremos que non é unha obra de quince días, é un AVE para o resto dos días dos cidadáns desta cidade. Esas decisións son moi importantes e non se poden tomar tan á lixeira. Cando vostedes decidiron que entraba en gabia, en trincheira, que daba igual, deberían pensar que os veciños estaban encantados en que o tren lles pasase por diante porque así non terían que mercar un espertador para se erguer polas mañás.

Nós cremos que esta é a boa solución e dende que está confirmado que o tren entra en túnel, completamente soterrado, repito que a única cidade de España que non vai ter nin un só metro de tren de alta velocidade en superficie, non vin do seu grupo nin un só recoñecemento do logro que representa para esta cidade.

O problema dos veciños afectados xerárono vostedes, Sr. Figueroa, que foron quen trazaron onde saía o túnel e como era o resto do percorrido. Ese é o seu problema, vostedes foron quen meteron ós veciños nesa lea pero non se preocupe que nos ocuparemos de quitar ós veciños da desfeita na que vostede os meteu.

A PRESIDENCIA: Dado que o punto da orde do día era outro e fun aludido directamente en varias ocasións, quero dicirlles ós veciños que é un compromiso que asumín aquí en público e que reitero porque eu sempre cumpo os meus compromisos e porque a partir do día un eu vou seguir coma Alcalde e vou estar ó seu carón cada momento que faga falta e cando chegue o momento de negociar que

vai ser moi pronto. Van estar no meu despacho e estarei ó seu carón en todo momento.

Que saiban que teñen o apoio explícito, manifesto e aberto do Alcalde da cidade.

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todos os asistentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

10.- (27).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PROPOÑENDO ACORDOS A ADOPTAR CO GALLO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER O PRÓXIMO 8 DE MARZO.

11.- (28).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA CO GALLO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.

ANTECEDENTES.- Os voceiros dos grupos municipais do BNG e do PSdeG-PSOE, acordan unificar as dúas mocións citadas na orde do día e presentan á aprobación do Pleno da Corporación unha única moción co seguinte texto:

"O 8 de marzo é unha data sinalada, a conmemoración do Día Internacional das Mulleres, data que as organizacións sociais comprometidas na defensa dos dereitos das mulleres lembran cada ano para procurar marcar un paso adiante neste camiño.

Tamén está presente nesta data a homenaxe ás 129 mulleres que morreron nunha fábrica téxtil dos Estados Unidos en 1908, cando estaban facendo unha folga, en defensa dos seus dereitos como traballadoras, e o empresario prendeu lume aos locais da fábrica con todas elas dentro. Dise que as teas que estaban cosendo eran violetas, tamén se di que o fume que saía da fábrica ardendo era violeta e que se podía ver a quilómetros de distancia. A fábrica era a Cotton de Nova York.

Este ano veñen á nosa memoria especialmente os dereitos laborais das mulleres; nestes momentos de crise que está vivindo a nosa sociedade, a defensa dos dereitos laborais das mulleres faise necesaria ante o fracaso das políticas económicas ultraliberais defensoras do mercado libre sen ningún control público, que afectan ao mercado laboral e que ameazan coa redución de postos de traballo que sen dúbida van afectar as mulleres. A feminización da pobreza e a volta ao ámbito privado das mulleres vai incidir inevitablemente na súa autonomía persoal, ligada á económica, e

vai supor un retroceso no proceso de construción da liberdade persoal e social das mulleres. O lugar que asigna o patriarcado e o capitalismo ás mulleres é este, o do privado, porque xa lle ten dado bos rendementos económicos, mentres tanto prívase ás mulleres da autonomía persoal que é imprescindible para a realización plena dos seus dereitos de cidadanía nunha sociedade democrática.

Polo dito propónse a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Asumir por parte da Corporación Municipal que as políticas de igualdade do goberno municipal teñen carácter transversal e se deben implicar nelas todas as áreas.
- 2.- Comprometerse para a preservación do emprego feminino e no traballo contra a feminización da pobreza a través do establecemento de medidas de contratación específicas para as mulleres.
- 3.- Promover activamente o asociacionismo feminino e a participación das mulleres na vida política e social sen esquecer o colectivo de mulleres inmigrantes.
- 4.- Garantir que todas as organizacións que reciban subsidios do Concello adopten prácticas non discriminatorias e o recollan explicitamente nos seus documentos legais.
- 5.- Valorar e primar que todas as organizacións, empresas ou entidades que reciban financiamento público a través de contratos ou servizos adopten prácticas non discriminatorias e estas se recoñezan a través dun plan de igualdade específico. Facer pública a adopción deste criterio.
- 6.- Dotarse dende o Concello dos servizos públicos que atendan o traballo do coidado que as mulleres realizan de modo gratuíto e que favorezan outras opcións para a vida persoal das mulleres.
- 7.- Diseñar políticas de corresponsabilidade para implicar ós homes nas tarefas de coidado.
- 8.- Diseñar medidas dirixidas a paliar o desemprego feminino a través de plans de formación dirixidos ás mulleres que lles permitan recuperar o emprego, no caso de estar desempregadas, ou reformular a súa actividade profesional a través de información das medidas creadas dende o goberno galego. Expoñer e dar a publicidade precisa para chegar a información ás mulleres, tamén do rural."

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Entendo que as mocións números 10 e 11 da orde do día se fusionan nunha soa a proposta dos grupos proponentes.

SRA. VELOSO RÍOS: Efectivamente presentáronse por parte dos Grupos municipais do BNG e Socialista dúas mocións co gallo do día internacional da muller o 8 de marzo. Entendemos que dado o carácter que teñen referíndose á data do 8 de marzo na que

tradicionalmente se acorda a moción que se leva a Pleno entre os tres grupos políticos a partir das tres mocións que se presentan, aínda que neste caso son dúas, propoñéndose á aprobación do Pleno unha única moción que xa entregamos por escrito ó Secretario Xeral e tamén ó Grupo Popular.

Deseguido a concelleira Sra. Veloso Ríos procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

(Están ausentes as Sras. Iglesias Bueno e Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que as a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polos grupos municipais do BNG e do PSdeG-PSOE, relativa á celebración do Día Internacional da Muller, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

12.- (29).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO SE CONDENEN AS AGRESIÓNS ACONTECIDAS NA MANIFESTACIÓN ORGANIZADA POR GALICIA BILINGÜE EN SANTIAGO, ASÍ COMO RECOÑECER O DEREITO DOS VIGUESES E VIGUESAS E UTILIZAR CALQUERA DAS LINGUAS OFICIAIS RECOÑECIDAS EN GALICIA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de febreiro, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

"O pasado domingo día 8 de febreiro en Santiago celebrouse unha manifestación do colectivo Galicia Bilingüe reclamando a liberdade das persoas de elixir o idioma no que se expresar na súa vida cotiá, nos comercios e na educación dos nenos e nenas nos centros de ensino en Galicia. No desenvolvemento de dita manifestación producíronse numerosos incidentes por parte de grupos contrarios á mesma, incidentes que trouxeron como consecuencia a agresión a diversas persoas, a rotura de numeroso mobiliario urbano e a detención de polo menos 10 persoas.

O Partido Popular asistiu a dita manifestación na defensa da liberdade que constitucional e estatutariamente corresponde a cada galego e galega de expresarse

no idioma que libremente elixa.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

1.- Que por parte do Pleno do Concello se condenen as agresións e actos vandálicos sufridos na devandita manifestación á que asistiron numerosas viguesas e vigueses.

2.- Que do mesmo modo se recoñeza e defenda o dereito das viguesas e vigueses de expresarse na súa vida cotiá, no ámbito profesional e no educativo en calquera das linguas oficiais recoñecidas no Estatuto de Autonomía de Galicia e nas leis.”

A comisión informativa de Réxime Interior, en sesión do 16 de febreiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: O pasado 8 de febreiro en Santiago de Compostela realizouse unha manifestación convocada polo colectivo Galicia Bilingüe reclamando a liberdade das persoas para elixir o idioma no que se expresar na súa vida cotián en comercios, en educación e en calquera outra relación privada ou coa administración. No transcurso da dita manifestación e tamén con anterioridade á mesma, celebrouse podemos cualificar coma unha contra-manifestación na que grupos radicais independentistas agrediron ás persoas que se manifestaban en defensa da liberdade de elección do idioma, supostamente en defensa do galego. Unhas 250 persoas, segundo os axentes da Policía, derrubaron e romperon contedores, escaparates, marquesiñas, un coche da Policía, botaron ós manifestantes pedras e botellas de cristal e tiraron ó chan bolas para provocar esvaróns entre as persoas que pacífica e libremente se manifestaban. Loxicamente os anti-disturbios tiveron que responder a esas agresións coa forza policial

Dende o Partido Popular estamos convencidos e así manifestamos ó longo desta campaña, que as persoas teñen que ter absoluta liberdade para elixir o idioma no que se expresar, liberdade que está recollida tanto na Constitución Española de 1978, como no propio Estatuto de Autonomía de Galicia, como nas leis que tratan o tema do idioma.

A lingua galega que é patrimonio de todos nós, ademais é un elemento esencial da nosa identificación como pobo e de integración na nosa plural sociedade en todos os ámbitos. As linguas nin se prohiben nin se impoñen; ámanse, aprécianse e valóranse porque deben ser instrumentos de unidade e non de división, imposición e pelexa entre os galegos e galegas.

O motivo polo que traemos esta moción ó Pleno é que é preciso asumir que en Galicia existen dúas comunidades lingüísticas que conviven dende hai centos de anos e que non teñen por que estar pelexadas senón que deben convivir pacificamente. En todo caso deben respectarse unha á outra, non o facer é negar a historia da nosa terra.

Por todo isto traemos ó Pleno esta moción na que pedimos en primeiro lugar e pola asistencia de numerosos veciños e veciños nosos, a condena das agresións e dos actos vandálicos sufridos na devandita manifestación e en segundo lugar que se recoñeza o dereito e das viguesas e vagueses de se expresar na lingua que queiran.

SRA. VELOSO RÍOS: Na exposición da moción falouse dalgunhas cuestións coas que coido que estamos todos de acordo. Non existe ningún problema nin ningún conflito social, non existiu ata o de agora e segue sen existir e hai convivencia entre as persoas galego falantes e as castelán falantes na nosa comunidade, mesmo hai persoas que utilizan un ou outro idioma dependendo do contexto e tampouco teñen ningún tipo de conflito consigo mesmos.

Temos que partir negando que haxa ningún tipo de persecución contra as persoas que falan castelán na nosa comunidade e ninguén pretende que isto sexa así. Cando alguén se manifesta, por suposto co lexítimo dereito de expresar a súa opinión, ese dereito de manifestación ten que ser respectado e temos que condenar calquera tipo de violencia ou de agresión que poida sufrir calquera persoa que estea exercendo libremente o seu dereito a se manifestar.

O que si é certo é que no noso país existen dúas linguas, galego e castelán, que non están nunha situación normalizada. Mentres que o castelán si o está, o galego non. Por iso é necesario que a sociedade e as administracións asumamos as accións precisas para normalizar a situación do galego porque cando dúas linguas están perfectamente normalizadas e en plano de igualdade, evitaríase calquera tipo de conflito porque tanto dereito ten unha persoa a utilizar unha lingua coma a outra.

Por iso non só defendemos sempre o respecto á lexislación vixente e tanto me refiro á Lei de normalización lingüística aprobada en 1983 por unanimidade de todas as forzas políticas que estaban representando ó pobo galego no Parlamento, como ó Plan de normalización lingüística de 2004. Tamén nos podemos referir ó resto da lexislación vixente en materia lingüística comezando pola propia ordenanza municipal.

Nesta lexislación o que se pretende é impulsar accións para o desenvolvemento da normalización da lingua galega e tamén se promove a elaboración doutras ferramentas de desenvolvemento lexislativo como foi o decreto do ensino.

Nós afondamos algo máis nesa lexislación. Pretendemos que o galego e o castelán estean en pé de igualdade dende todos os puntos de vista e tamén dende o punto de vista xurídico. Avogamos pola igualdade do estatus xurídico, tanto do galego como do castelán, por iso queremos que no Estatuto Galego se recoñeza o dereito e o deber de coñecer e utilizar tanto o galego como o castelán. Ata agora só existe o deber de coñecer o castelán e queremos que exista o deber e o dereito de falar e coñecer os dous idiomas.

Por iso, entendendo que o fondo da cuestión é común a todas as persoas que aquí estamos, propoñemos unha parte dispositiva distinta que coido que pode acadar o acordo de todas as forzas políticas que sería o seguinte: un primeiro punto que diría "Apoiar o dereito de manifestación e condenar e rexeitar calquera tipo de acción que conculque este dereito fundamental. O segundo punto sería: "En aras de impulsar a liberdade lingüística efectiva de toda a cidadanía galega e igualar xuridicamente o galego co castelán, que no novo Estatuto de Autonomía se contemple o deber de coñecer o galego e o dereito do usar, sen que ninguén poida ser discriminado por razón de lingua. Así mesmo o goberno local asumirá e impulsará de maneira decidida os contidos da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística e o Plan de Normalización Lingüística de 2004, aprobadas ambas co consenso de todas as forzas políticas, así como impulsar accións que supoñan o seu desenvolvemento normativo tales como o decreto do ensino".

SRA. LÓPEZ ATRIO: A partir da moción presentada polo Partido Popular quero manifestar o apoio á presentación das respostas que fixo o BNG por parte da Sra. Veloso.

Considero que no fondo hai unha predisposición non favorable ó galego nesta defensa porque estamos expoñendo que non se siga ó pé da letra a legalización que se fixo deste tema. O decreto 124/2007, do 28 de xuño, ten que ser desenvolvido axeitadamente e polo tanto non se ve en absoluto a necesidade de enfrontar ás dúas linguas, pero se algunha dificultade hai neste país é co galego e non co castelán.

A pesar de ser falado maioritariamente polos galegos non é recoñecido socialmente nin valorado suficientemente porque a maioría da xente pensa que a utilidade é a

única valoración que merece calquera cousa. Se iso fose así desaparecerían moitas cousas deste mundo que producen, ademais de suficientes satisfaccións, outras cousas.

No caso da lingua cada pobo ten a posibilidade de manifestar a realidade que vive coa súa lingua. Non podemos pensar que só a utilidade en número de falantes é xustificable para a defender.

Quizais estamos demasiado preocupados coa aprendizaxe de certas linguas co pretexto que algún día poderemos necesitalas; seguro que así será, esas e moitas máis, ó mellor nas que pensamos hoxe non son precisamente as que teremos que usar mañá, pero si desprezamos a aqueles que falan ó noso carón, a aqueles que se comunican con nós nunha lingua diferente da que mentalmente pensamos que é útil.

Coido que é moi importante a convivencia das dúas linguas pero hai que entender que cando algunha delas está en inferioridade, que neste caso é o galego, tanto nos medios de comunicación, como na valoración social, como no tratamento que se lle dá, deben arbitrarse medidas de compensación sen que isto supoña un ataque á outra lingua. En modo ningún é un ataque amparar o galego para atacar ó castelán.

Todos nós somos quen de falar en castelán e galego sen ningún problema, polo menos os galegos non teñen ningunha dificultade do entender, do falar e do ler; quizais un pouco máis do escribir aqueles que non o practicaron. Consideramos que neste caso hai que xustificar a presenza das Leis para poder igualar o galego e o castelán.

SR. CONDE GIL: Sra. Veloso, non imos admitir a emenda que nos propón, coido que vostedes non se decataron que o que está a propoñer actualmente xa está no Estatuto de Galicia; quizais porque no seu día non o votaron a favor. Leo o artigo 5 do Estatuto que no seu apartado 1º di "A lingua propia de Galicia é o galego. 2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito dos coñecer e dos usar. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa e disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua".

Paréceme que o que di o Estatuto autonómico é precisamente o que vostede propón polo que pensamos que non ten moito sentido aceptar a súa emenda.

O que si cremos é que hoxe en día existe unha grave inmersión lingüística, mesmo

aquí estase a discutir o regulamento que rexerá o Pleno e quérese impoñer ós concelleiros e concelleiras exclusivamente o uso do galego nas intervencións no Pleno. Vostedes mesmos nos remitiron un informe realizado polo departamento que vostede preside de Normalización Lingüística no que sectaria e manipulando fanse argumentos a prol da obrigatoriedade do uso do galego, obviándose en todos casos os propios artigos ás que fai referencia nos que se recoñece, como non pode ser doutro xeito, a posibilidade do facer tamén en castelán.

Fan referencia á Constitución do ano 1978, que por certo vostedes tampouco apoiaron no seu día, na que se recoñece o dereito e o deber dos españois de usar e coñecer a lingua castelá e non poden as administracións impoñer ós cidadáns un ou outro uso. Entendemos que a liberdade debe estar por riba de todo.

A Sra. López Atrio tamén di que non existen problemas entre o galego e o castelán. Non sei se o venres día 20 de febreiro leron no Faro de Vigo onde a propia UNESCO, no atlas que fai das linguas do mundo en perigo, di que o galego deixa de ser unha lingua en perigo: "As propias institucións internacionais están recoñecendo que o galego ten hoxe a protección suficiente e que non está en perigo".

Non entendemos como por exemplo no anteproxecto de lei do comercio integral de Galicia, no seu artigo 8, obrígase a usar o galego na rotulación, cunha multa bastante grave para quen o incumpra. Non entendemos que non se recoñeza os dereitos dos pais a elixir lingua na que queren educar ós seus fillos, que o decida un claustro de profesores. Quen é un claustro para decidir os dereitos dos pais.

O decreto 124/2007 é un auténtico decreto de inmersión lingüística, prioriza e xeneraliza o uso do galego no centro aínda que non sexa a lingua das familias; pensamos que iso é un tema moi grave. Obriga a dar as asignaturas troncais en galego, así coma os libros, pode darse dende o 50% ata a totalidade das asignaturas. Impide ós alumnos a utilizar o castelán oralmente ou por escrito nas asignaturas que se imparten en galego. É un grave problema de liberdade para os cidadás.

O máis curioso é que se aplica aínda que o Consello Consultivo de Galicia cando fixo o seu informe no seu día advertiu da ilegalidade. Nas subvencións ás empresas se prioriza o uso do galego, dan 10 puntos polo compromiso de facer todos os temas en galego o que nos parece bastante grave. Na sanidade os historiais médicos atópanse redactados só na lingua galega e os médicos tamén teñen dificultadas. Danse máis puntos nos concursos de traslados a un médico que teña coñecementos de galego a outro que por exemplo sexa premio extraordinario da súa especialidade médica.

Entendemos que é un caso de imposición. Alégrame que agora a Sra. Veloso, que fala no nome do BNG, condene as agresións que sufriron os membros de Galicia Bilingüe na manifestación de Santiago porque Galicia Nova, que é a organización xuvenil do BNG, na súa páxina web sinala que "Tal como manifestou o BNG quere amosar a súa desconformidade coa convocatoria impulsada pola organización Galicia Bilingüe, co apoio do partido Popular, o pasado domingo en contra da lingua propia do noso país".

En todo caso entendemos que a manifestación non foi en contra da lingua galega senón que foi a prol da liberdade, única e exclusivamente. Di que rexeitan "...a desmedida actuación dos corpos e forzas de Seguridade do Estado sobre aqueles que facendo uso da liberdade de expresión pacificamente sufriron agresións, identificacións e detencións por manifestar a súa opinión de apoio á defensa do galego sen interromper ós manifestantes da outra convocatoria".

Isto non é certo, calquera que vise a prensa, a televisión ou escoitase a radio sabe que estaban perturbando gravemente o dereito de manifestación dos integrantes da manifestación de Galicia de Bilingüe. Eu lin a nota de prensa do diario O País, nada sospeitoso, que fala de romper escaparates, marquesiñas e mesmo un coche da Policía, botar contra os manifestantes pedras e botellas de cristal e tirar ó chan bolas para provocar esvaróns entre os manifestantes. É máis, un dos detidos que é membro de "Nos UP", Carlos Morais, gran persoeiro, a súa organización recibiu varias subvencións da Xunta de Galicia no ano 2008 e mesmo no mes de xaneiro de 2009; penso eu que sería para pagar os servizos prestados.

Sra. López Atrio, tampouco lles entendo. O Partido Socialista está mentindo continuamente, onte mesmo o Presidente da Xunta, próximo ex-presidente, facía unhas declaracións nun mitin en Noia que saíron na prensa escrita, nas radios e nas televisións, nas que desmarcándose do BNG, maximo que pola quentura electoral e polos nervios que lles atinxen, di que tampouco pasará polo aro dunha educación doutrinaria dun ou outro signo, senón que debe ser en liberdade, sen imposicións nin dunha banda nin da outra. Hai que ter cara, fan unha cousa co Diario Oficial de Galicia e logo predicán outra.

Reiterou "Non pasarei nunca polo aro da imposición lingüística porque as linguas nin se prohiben nin se impoñen, ámanse, aprécianse e valóranse porque son instrumentos de unidade".

Quizais deberían poñerse de acordo co líder do seu partido que di que "Mentres sexa

presidente estarei comprometido coa normalización do galego e co respecto ó castelán. Non quero guerras de idiomas" sentenciou. Póñanse de acordo, falan dunhas cousas en Vigo e o seu líder que se presenta ás eleccións fala doutra cousa en Noia.

SRA. VELOSO RIOS: Di que a proposta que facemos de que se iguale o estatus xurídico das linguas galega e española non ten sentido porque xa está recollido no Estatuto. Como ben leu no Estatuto está recollido o dereito a coñecer e usar tanto o español como o galego pero non é norma superior e na Constitución Española está recollido no seu artigo 3 o dereito e o deber de coñecer o español, só o español; en ningún sitio está recollido o dereito e o deber de coñecer o galego e iso é o que nós queremos que recolla o Estatuto, que tanto o español como o galego en Galicia se poidan utilizar e que exista o dereito e o deber de coñecer as dúas linguas.

Por outra banda o galego xa non está en perigo de extinción segundo a Unesco; pois nos temos que alegrar todo o mundo pero que non é unha lingua que estea en igualdade co español é indubidable e iso seguro que non o di a Unesco. Quizais o feito de que non estea en perigo de extinción non é por casualidade, non é porque o ultimamente o galego comera máis e xa non teña problema de morrer por inanición. Igual ten algo que ver coa lexislación e coas medidas que se tomen para normalizar a situación desta lingua; igual ten que ver coa Lei de normalización que temos dende 1973, cun plan de normalización dende o ano 2004 e cun decreto do ensino que posibilita que todos os rapaces e rapazas poidan aprender tanto o español coma o galego e que logo, no seu desenvolvemento como persoas adultas, persoas con formación elevada, cunha licenciatura, mesmo cun doutoramento, non teñan problemas para se desenvolver de maneira fluída en calquera das dúas linguas. Non temos máis que escoitar xente cunha alta formación académica que se di incapaz de falar o galego. Seguro que non é tan complicado, xente que é quen de sacar unha licenciatura en dereito, un doutoramento e un máster e falar inglés, francés e alemán, non entendo como non poden falar galego.

O que queremos é que todos os rapaces e rapazas do noso país sexan quen de se desenvolver nas dúas linguas porque ademais iso seguro que favorecerá ás súas capacidades para aprender outras linguas e poder comunicarse que é do que se trata.

Facía referencia a un informe enviado dende o Servizo de Normalización Lingüística;

este informe xorde do Consello Social da Lingua, un órgano consultivo do que se dotou a este Concello para consultar cuestións relacionadas coa lingua. Nese Consello elaborouse ese informe que logo se remitiu polo Servizo de Normalización no que, efectivamente, se lembra a todos os concelleiros e concelleiras a lexislación vixente e a obriga que temos de utilizar o galego no desenvolvemento do noso cargo. O Consello Social da Lingua está formado por múltiples entidades da nosa cidade. Como vostede ben di referíndose ó País, que é un medio de comunicación non sospeitoso, coido que as organización que forman parte do Consello Social da Lingua tampouco se poden cualificar de sospeitosas; falamos de todos os sindicatos, da Real Academia Galega da Lingua, de Caixanova, o Porto, a Universidade, Zona Franca, Club Financeiro, Bispado de Tui Vigo, unha serie de entidades da nosa cidade representativas da sociedade viguesa.

Tamén fai referencia ós dereitos lingüísticos dos pais e das nais para decidir a lingua na que estudan os seus fillos e fillas. Os pais e as nais teñen ese dereito a decidir dentro dun marco lexislativo porque estamos chegando a un punto que xa ata queremos revocar a Constitución, queremos tamén eliminar o deber de coñecer o español. O que se di e que queremos que os nosos fillos e fillas podan educarse na súa lingua materna; entón todas as persoas que agora mesmo temos na nosa sociedade e que veñen doutros países, que os seus fillos e fillas teñen como lingua materna o francés, o árabe, o chinés, tamén teñen que ter o dereito e estudar en chinés, árabe ou francés nas nosas escolas? Imos derrogar o decreto do ensino, a Lei de Normalización e imos derrogar ou polo menos pedir unha modificación do artigo 3 da Constitución Española para que todo o mundo poida escoller en que lingua se educan os seus fillos e fillas e se respecte á súa lingua materna?

Paréceme que temos que empezar a controlar este tipo de propostas, temos que nos adaptar á lexislación da que nos dotamos porque estamos falando de lexislación aprobada por unanimidade. Sexamos un pouco razoables porque o que está claro é que este debate se produce en campaña electoral, vostede tamén fixo referencia a iso. Tamén alguén tan pouco sospeitoso como o presidente da Real Academia Galega da Lingua onte mesmo, nunha entrevista na Radio Galega, sinalaba que era lamentable que se utilizase politicamente este tipo de debates.

Paréceme que se crea un problema que non existe nos centros educativos para logo ofrecer a solución en campaña, dicir que se gobernan derrogarán o decreto. Tamén derrogamos a Lei de Normalización? Cambiamos a Constitución Española? Sexan

claros de ata onde van chegar.

Ademais, que proposta nos fan? Que sistema lingüístico propoñen para os nosos fillos e fillas? Que maneira teñen vostedes de garantir o coñecemento do galego e do español para poder exercer o dereito recoñecido pola Constitución e polo Estatuto a utilizar calquera das dúas linguas? Cal é a súa proposta? Como se vai conseguir que o galego sega a ser unha lingua que non estea en perigo de extinción? Ou é que iso non é o que nos interesa? O que nos interesa é garantir os dereitos individuais das persoas que falan español porque non se fala dos dereitos lingüísticos das persoas que falan francés, árabe ou chinés e moito menos das persoas que falan galego, por suposto.

Fagan unha proposta en lugar de inventar un problema e crear solucións a un problema que non existe. Déannos unha solución á situación real da lingua galega no noso país.

Por suposto que condenamos os actos de violencia e tamén Galicia Nova condena eses actos porque non está dicindo que foi un uso desmedido da violencia por parte das forzas de Seguridade contra as persoas que estaban atacando e rompendo escaparates. En ningún momento se fala diso, fálase de que non se pode utilizar a forza contra a xente que exerce o seu dereito a manifestarse de forma pacífica como estaba facendo Galicia Bilingüe ou o PP.

Por iso e en vista de que non aceptan o texto que presentamos, propoñemos agora a votación separada dos dous puntos da súa moción porque si estaríamos disposto a votar a prol do primeiro punto. Non así do segundo por todas as razóns que coido que se expuxeron aquí.

SR. CONDE GIL: Sra. Veloso, xa esperaba a petición da votación separada e non o imos admitir. Vostedes teñen unha auténtica esquizofrenia coa Constitución o que me parece normal porque non a votaron no seu día polo que deben estar en contra dela. Sra. Veloso, vólvelle fallar a memoria ou quizais é que non a leu pero a Constitución que vostede quere derrogar, cousa que están no seu lexítimo dereito se gañan unhas eleccións por maioría absoluta no Parlamento Nacional o que afortunadamente non vai acontecer nunca, no apartado 2 do artigo 3 sinala a Constitución que "As demais linguas española (entre as que coido se atopa o galego) serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus Estatutos". No apartado 3 di "A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural

que será obxecto de especial respecto e protección.

Polo menos digamos a verdade e non tentemos manipular as normas ás que podemos ter acceso todos, tal como fixo vostede no ditame do Consello Social da Lingua para a comisión de elaboración do novo regulamento do Pleno do Concello, no que no seu artigo 3 fai unha visión nesgada, o propio Estatuto de Autonomía de Galicia fai o mesmo, na norma 5/1988 de uso do galego como lingua oficial polas entidades locais só fai mención ó apartado 1º: "As convocatorias, sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas e actas das entidades locais de Galicia redactaranse en lingua galega".

Pero vostede esquece o apartado segundo: "Sen prexuízo do exposto no apartado anterior as ditas entidades poden facelo ademais na outra lingua oficial". Isto non é un tema sen importancia, é un respecto da Lei e da Constitución que é a norma fundamental de España. Ningunha norma de carácter inferior, como pode ser unha lei, pode ir en contra do dito na Constitución e tense que respectar esa co-oficialidade. Mesmo as ordenanzas e os regulamentos municipais que poidamos aprobar e todo teñen que respectar a dita norma.

A súa propia candidata, número un pola provincia de Pontevedra, Dª Teresa Táboas, sinala nunha entrevista aparecida este sábado no diario Faro de Vigo que "...Na intimidade falo galego, español e inglés". Isto é o normal, que calquera cidadán fale o idioma que queira e precisamente é o que nós defendemos, que cada quen poida falar no idioma que queira, en galego ou en castelán. Alégrome que a Sra. Táboas teña a suficiente catadura moral para o facer no idioma que queira.

Pero se imos ver as iniciativas que o BNG presenta no Parlamento de Galicia como gran contribución á normalización lingüística, vemos unha proposta dun gran nivel intelectual, xurídico e social á Mesa do Parlamento do Sr. Bieito Lobeira, dicindo que: "As bonecas faladoras non artellan unha soa palabra en galego". Isto é unha gran contribución ó desenvolvemento de Galicia, como tamén o é a outra idea que tiveron de sinalar que nos tiñamos que rexer polo horario portugués en vez do horario español.

Tamén me di que o que lle lin antes referente a Galicia Nova non se refire ós manifestantes. Volvo lelo porque coido que queda bastante claro: "En relación a isto Galicia Nova, aínda que non comparte os motivos políticos políticos e ideolóxicos da convocatoria de Galicia Bilingüe, respecta o seu dereito a manifestarse, igual que tamén respectamos ás persoas que de xeito pacífico se manifestaron a prol do

idioma de xeito retranqueiro ou paródico". Estes foron os outros, os das pedras, das bolas, das botellas, os que agrediron á Policía e ós cidadáns. "Deste xeito rexeitamos a desmedida actuación das forzas e corpos de Seguridade do Estado sobre aqueles que, facendo uso da liberdade de expresión pacificamente, sufriron agresións, identificacións e detencións". Que eu saiba non detiveron a ninguén de Galicia Bilingüe, os únicos dez detidos foron da contra-manifestación que precisamente tentou rebentar a manifestación de Galicia Bilingüe.

"...Por manifestar a súa opinión de apoio á defensa do galego sen interromper ós manifestantes da outra convocatoria". Isto é o que pon.

Do mesmo xeito o Sr. Quintana di que ten un respecto absoluto polas persoas que se manifestaron pero a seguir di que estaban trabucadas.

O que propoñemos en definitiva é respectar a liberdade das persoas a expresarse no idioma que constitucional, estatutaria e legalmente lles corresponda que, como todo tema de liberdade, é unha cousa que só pode decidir cada quen. Derrogar o decreto 124/2007 para que os nenos se poidan alfabetizar na lingua materna que decidan os seus pais e que se poidan expresar no idioma que os alumnos e os pais queiran. Por último facer o que dicía a Sra. Táboas, que os nenos non só se poidan expresar en galego ou castelán senón que tamén o poidan facer fluidamente en inglés.

(Está ausente a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil, instando se condenen as agresións acontecidas na manifestación organizada por Galicia Bilingüe en Santiago, así como recoñecer o dereito dos vigueses e viguesas e utilizar calquera das linguas oficiais recoñecidas en Galicia, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

13.- (30).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOLICITANDO ACLARACIÓNS SOBRE ÓS CONVENIOS ASINADOS RELATIVOS Á TRANSMISIÓN DOS TERREOS DA ETEA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de febreiro, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

"O Grupo Municipal do Partido Popular ten a constancia de que existen dous textos distintos sobre o convenio asinado entre o Consorcio da Zona Franca, a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo polo que se transmiten os terreos e instalacións da ETEA; nun deles na súa cláusula quinta se establece que "O Concello de Vigo, accederá á titularidade das instalacións deportivas e terreos delimitados na Zona 4". Sen embargo no outro sinalase: "O Concello de Vigo accederá á titularidade no seu estado actual das instalacións deportivas e terreos delimitados na zona 4..."

Por todo isto o Partido Popular propón o seguinte acordo:

Instar ao Goberno Municipal a que aclare cal dos dous convenios é o válido e en todo caso que se esixa ó Consorcio da Zona Franca que entregue as devanditas instalacións en perfecto estado de uso."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 16 de febreiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Presentamos esta moción porque neste expediente están xurdindo dúbidas nas últimas semanas e, como nos parece un tema de importancia para a cidade e sobre todo para os intereses dos vigueses e viguesas, pensamos que o mellor é traelo a un Pleno para que se faga o debate correspondente e ó mesmo tempo se poidan clarificar as posturas de cada grupo. Que non esteamos a través dos medios de comunicación, sobre todo o Goberno, con posturas e con propostas totalmente distintas.

Coido que a ETEA é un asunto referente e importante coma espazo público para a cidade de Vigo, que é necesario resolver axiña e ter un proxecto concreto cara ó futuro da cidade e parécenos que con tantos convenios, tantos posicionamentos distintos nas últimas semanas, o Goberno non ten moi clara a postura con referencia

a este espazo público e cando falo do Goberno o fago dos dous partidos.

Lévanos presentar esta moción que coidamos que é moi difícil atopar nun expediente dous convenios totalmente distintos. Parécenos grave que unha institución como a Zona Franca non remita a documentación con antelación suficiente para que o grupo maioritario desta Corporación poida facer un posicionamento claro e concreto. Parécenos grave o escurantismo co que se está a levar este expediente.

En calquera caso e chegado o momento de tomar unha decisión mesmo na Zona Franca, aparecen dous documentos totalmente distintos onde a cláusula 5 non está reflectida coa mesma literalidade. Un di "O Concello de Vigo accederá á titularidade no seu estado actual das instalacións deportivas e terreos delimitados como zona catro, así como a zona un establecida no anexo dous". O outro documento di "O Concello de Vigo accederá á titularidade das instalacións deportivas e terreos delimitados como zona catro, así como a zona un".

Un di que se reciben no estado actual e o outro non di absolutamente nada, só di que se recibirán as instalacións deportivas e terreos que as delimitan.

Parécenos que isto é grave porque logo aparecen reflectidas nos distintos medios de comunicación as posturas encontradas do Goberno que unha parte di que as instalacións que se recibirán serán reformadas e pagadas polo Consorcio da Zona Franca e a outra parte di que hai que esixir a Zona Franca que remodele esas instalacións. Se o propio equipo de Goberno non ten un posicionamento único, que é o que vai pensar a oposición?

Pois pensamos que este é un documento tramitado dun xeito chafalleiro, á presa e correndo cara un proceso electoral que o único que importa é salvar a situación do 1 de marzo e logo xa veremos o que acontece. Teña claro a veciñanza de Teis e de Vigo que pode acontecer calquera cousa e seguramente neste expediente, con tanto engano permanente, é fácil pensar que sexa así. Tanto os corporativos como a cidadanía en xeral comprenderán que se nun expediente tan sinxelo, como que se diga nunha cláusula se as instalacións pasan ó Concello no estado actual ou reformadas, ten tanta complicación e tanto debate político, que pode haber detrás de todo o expediente?

Pensamos isto porque dende finais do ano 2006 o Sr. Pérez Touriño anunciou a posta en marcha da Cidade do Mar, da que fixo unha presentación con todos os voceiros da Corporación cando a presidía a Sra. Porro. Estiveron presentes o Sr. Toba, a Sra. Porteiro e eu mesmo nesa xuntanza a finais do ano 2005, onde o Sr. Touriño díxonos

que en tres meses nos remitiría un proxecto da Cidade do Mar para que a Corporación puidese tomar unha decisión.

Cando nós chegamos ó goberno da cidade había unha proposta concreta presentada polo BNG e apoiada polo Partido Socialista para a remodelación e reconstrución da ETEA onde a demanda presentaría o retorno do investimento que se fixera alí, buscando espazos públicos para todos os cidadáns e buscando unha zona de lecer para a propia ETEA. Mesmo o BNG presentou un proxecto que se aprobou neste Pleno, engadido a aquel proxecto que presentou de D. César Portela, onde se falaba dunha zona de lecer, mesmo de aproveitamentos náuticos, etc. Aprobouse por unanimidade e traballouse nesa proposta.

En calquera caso, cando o Sr. Touriño como presidente da Xunta de Galicia chegou á cidade de Vigo para facer esa proposta, os grupos políticos dixémoslle que esperábase eses dous ou tres meses para estudar a proposta da Cidade do Mar. Dende finais do ano 2005, primeira visita oficial que fixo o Presidente á cidade de Vigo, ata as eleccións do ano 2007, cunhas declaracións no medio a finais de novembro do ano 2006, ese proxecto a día de hoxe descoñécese.

A cidadanía e os grupos políticos non temos unha proposta concreta do proxecto da Cidade do Mar. Sabemos que hai unha idea, unha proposta que xa ven dende o ano 2005 pero que mesmo a día de hoxe non se plasmou en ningún documento.

A finais do ano 2006 o Sr. Pérez Touriño anuncia a posta en marcha da denominada Cidade do Mar en terreos da antiga ETEA. No Faro do día 24 de decembro do ano 2006, nunha entrevista di: "A Cidade do mar debería estar en 2009 e custará máis de cen millóns de euros. O 2007 será o ano do nacemento e despegue da Cidade do Mar". Efectivamente, uns meses antes das eleccións municipais do ano 2007, como é táctica e estratexia habitual do Partido Socialista, fai unha macro presentación na ETEA, con carpa incluída, pinchos e demais, onde se invita a todos os colectivos desta cidade para facer a presentación dese proxecto que inmediatamente procederá ó seu despegue. Pois ata o día de hoxe ese despegue aínda non se coñece, debe ser que o avión ten moitas dificultades.

Isto non sería o grave se nas eleccións xerais de marzo de 2008 non acontecera exactamente o mesmo. O 3 de febreiro a Ministra de Educación anuncia nun acto electoral que o Goberno e a Xunta crearán un consorcio para impulsar a Cidade do Mar. Primeiro no ano 2006 fai un anuncio de que en 2009 está rematado ese proxecto, logo en febreiro do ano 2008 dinos que se vai crear un consorcio e agora,

loxicamente antes do 1 de marzo, dinos que se van mercar os terreos.

En definitiva seguimos sen coñecer o proxecto, sen saber que é a Cidade do Mar, cantos metros cadrados e que tipo de infraestruturas vai necesitar, cales van ser as condicións de xestión, quen e como se vai xestionar, etc. O que contan son os documentos porque alí non aparece.

En calquera caso a maior proba de que durante este tempo non se fixo nada e que foi todo unha cuestión electoral é que nos presupostos da Xunta do ano 2007 aparecían sete millóns de euros para este proxecto; cinco millóns de Educación e dous de Pesca. Desá cantidade só se executaron 110.000 euros, o 1,5% do proxecto. Seguro que foi para pagar a carpa, os pinchos, a posta en escena e todo o aparato que montaron no ano 2007. Iso é aproximadamente o que pode custar unha presentación dese tipo.

O único que se fixo durante este tempo foi unha adxudicación a unha oficina de planeamento para crear ese posible consorcio que a día de hoxe nós non coñecemos se existe.

No ano 2008 aparecían partidas por importe de 5.400.000 euros en Educación e Pesca. En Educación non responderon ás preguntas nin á execución desas partidas da Cidade do Mar a 1 de setembro de 2008, pero nas partidas da Consellería de Pesca para a Cidade do Mar os presupostos para o ano 2008 eran en total eses cinco millóns e pico que a día de hoxe tampouco se xestionaron.

Na rolda de prensa tralo Consello da Xunta o 30 de decembro o Sr. Pérez Touriño repetiu o que dixera no ano 2006: que o proxecto estaba xa en marcha e que o consorcio estaba a punto de se constituír. A día de hoxe seguimos sen poñelo en funcionamento.

Por iso parécenos graves todas estas cuestións en torno á ETEA. Compromisos electorais, compromisos antes das eleccións e compromisos que a día de hoxe nos gustaría que o Sr. Secretario nos informase, se pode e se non lle pediremos un informe por escrito ó remataren este Pleno, en que situación xurídica está a apertura das instalacións da ETEA.

O convenio non se ratificou pola Xerencia de Urbanismo nin se aprobou na Xunta de Goberno. Gustaríanos saber a quen corresponde a responsabilidade da apertura desas instalacións por se hai algunha situación que poida ocorrer durante este intervalo de tempo.

Non sabemos cal é o motivo de que o convenio a día de hoxe aínda estea sen

aprobar, nin pola Xerencia de Urbanismo nin pola Xunta de Goberno e parécenos grave que unhas instalacións nesas condicións poidan estar abertas ó público porque evidentemente non sabemos de quen é a responsabilidade.

Se a Presidencia deixa informar ó Secretario nos parecería ben. En calquera caso xa anunciamos que se non lle deixa pronunciarse, ó remataren este Pleno, tal como procede e temos dereito, o Grupo Popular solicitaralle un informe para saber cal é a situación xurídica dos terreos da ETEA a día de hoxe.

Parécenos grave porque o único que estamos a facer é un aparato electoral; non sabemos quen vai pagar esas instalacións que están totalmente deterioradas e parécenos ben que se faga a apertura pero que sexa con todas as consecuencias, toda a legalidade e todas as garantías de que se sucede algo saibamos de quen é a responsabilidade. Pensamos que por parte deste Concello sería unha responsabilidade porque se asumimos a apertura desas instalacións, non sei se as pólizas de responsabilidade civil terían garantías ou non con respecto a algo que non está recibido nin aprobado por este Concello.

Parécenos grave única e exclusivamente pola falla de previsión, pola falla de xestión, de capacidade para levar a cabo un proxecto dende o ano 2005 e sobre todo por enganar ós cidadáns unha vez máis en período electoral que é o único que están a facer, neste caso o Partido Socialista da cidade de Vigo. Parécenos grave que o Sr. Alcalde poida abrir unhas instalacións sen as ter recibidas por parte do Concello nin aprobado o convenio.

Que nós saibamos a día de hoxe este convenio está sen aprobar polo tanto nos gustaría saber, Sr. Alcalde e Sr. Secretario, quen asumiu a xestión e recepción desas obras porque iso si que nos parece grave, é como se alguén fai unha recepción dunha infraestrutura e non é o propietario, nin ten autoridade, nin legalidade para poder levalo a piques. Parécenme moi ben as fotos pero se poden volver contra un, sobre todo cando hai esa falla de previsión e de xestión á hora de levar a cabo os proxectos.

Volvemos solicitar ese informe por parte do Secretario; se non é así, como temos a posibilidade do facer polo número de concelleiros, farémolo ó remataren este Pleno.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, xa sabe que non deixo que involucren ós funcionarios nos debates políticos.

SR. LÓPEZ FONT: O que vostede fai sistematicamente é repetir argumento tras argumento para ó final non dicir absolutamente nada. Sr. Figueroa, cando queira un debate sobre a ETEA e sobre a Cidade do Mar presente unha moción sobre eses temas. Vostedes tratan de escapar continuamente do pronunciamento do Partido Popular sobre a ETEA e sobre a Cidade do Mar e o que non se pode facer, aínda que non nos sorprende en absoluto, é presentar unha moción que consta única e exclusivamente de dúas cuestións: unha petición de aclaración e un pronunciamento; sabe perfectamente que non existe ningunha contradición neste goberno porque mesmo leu textos nos que así se di.

Aquí non hai ningún engano, a única que lle enganou a vostede foi a Sra. Porro que é compoñente do Pleno da Zona Franca e é a única que lle enganou, non lle deu documentación ou pretenden enganar ós cidadáns.

Non hai ningún problema co convenio. No Pleno de Zona Franca ó que asiste a Sra. Porro e a cuxa xuntanza do 3 de febreiro asistiu, presentouse un documento de convenio que estaba fiscalizado pola Xunta de Galicia e aprobado en Consello de Goberno, aprobado polos órganos de contratación e administrativos da Administración Xeral do Estado e que se ía someter á aprobación do Consello de Ministros como así foi finalmente.

Non se pode vir aquí dicindo que había dous borradores. Houbo doce ou trece ou os que sexa, o que é evidente é que a Sra. Porro preguntou cal era o texto que se aprobaba e é o que o día 10 de febreiro, unha semana despois e cos informes favorables da Xunta de Galicia e da Administración Xeral do Estado, asinouuse pola delegada do Consorcio da Zona Franca de Vigo, o Presidente da Xunta e polo Alcalde de Vigo.

Polo tanto e como queira que vostede xa debería saber esta información, no caso de non tela sabido a única que lle está a enganar a vostede e tentando enganar os cidadáns son vostedes. Non hai ningunha contradición nin con respecto ó contido do convenio, nin ó que se pretende facer na Cidade do Mar e así se formalizou no goberno, porque os dous grupos que compoñen o goberno municipal manifestáronse no Pleno na Zona Franca en favor da constitución da Cidade do Mar, non sei se llo dixo a Sra. Porro.

Si se sabe a que se destinan os terreos da Cidade do Mar. Debería pedirlle á Sra. Porro o contido do documento que se lle entregou onde están perfectamente delimitadas como anexo II as seis zonas das que se compón a ETEA. Non queira crear

alarmismo entre os cidadáns sobre contradicións neste goberno porque os dous grupos que o formamos manifestamos no Pleno de Zona Franca, máis alá da historia que houbera anteriormente con relación ós terreos da ETEA, a nosa posición a prol da Cidade do Mar, a prol do convenio que se sometía a votación e tamén lle debería ter informado a Sra. Porro que o único tema que se suscitou, diríamos que como discrepancia, no Pleno da Zona Franca foi en que condicións se cedían as instalacións deportivas.

Debería terlle informado porque votou a favor de que a proposta do Alcalde na súa condición de Presidente do Consorcio da Zona Franca: "O Pleno acorda mandar ó Comité Executivo para que de forma inmediata se reúna e estude a entrega das instalacións deportivas da ETEA nun estado de uso razoable". Esta é a posición do goberno, debería ser tamén a posición do Partido Popular porque isto é o que votou a Sra. Porro no Pleno da Zona Franca.

Vostede fai un relatorio no que coa súa habitual falta de rigor do único que se esquece é dun tema moi importante: de onde se inicia todo isto. Casualmente esquecese de que é o Partido Popular, cun delegado do Consorcio da Zona Franca de Vigo do seu partido e cun Ministro de Defensa tamén do seu partido quen deciden a venda da ETEA, entregar cinco mil millóns de pesetas, trinta millóns de euros, á Administración Central. Perfectamente podían ter impedido iso.

O que non lles escoitei a vostedes en ningún momento é que estean a favor do proxecto da Cidade do Mar e como queira para nós, como debería ser para vostedes, é unha instalación punteira, emblemática e vai colocar á cidade de Vigo no máis importante das instalacións tecnolóxicas e científicas deste país, é por onde deberían ter empezado.

Coido que se demostra claramente da postura que vostede mantén que aínda non temos un pronunciamento do Partido Popular a favor da Cidade do Mar e en segundo lugar que das declaracións que vostede fai, Sr. Figueroa, parece que quixera pechar a ETEA. Parece que vostede e máis o seu Partido están descontentos con que esas instalacións que levaban de costas á cidade moitos anos non as poidan gozar os cidadáns.

Evidentemente entre o proxecto que vostedes tiñan e o que temos nós para a ETEA hai moitas diferencias polo que coido deberían valorar o proxecto que acadamos, deberían valorar que se recupera a ETEA para a cidade de Vigo, que dos cento e pico mil metros que teñen os terreos da ETEA, 50.000 son para a cidade de Vigo en

instalacións para os cidadáns en zonas deportivas.

É difícil pensar que un partido como o de seu oponse e non se manifesta a favor dun investimento de 130 millóns para a cidade de Vigo. É verdade que estamos acostumados, que vemos permanentemente que todos os grandes proxectos para esta cidade lles teñen a vostedes en contra. Aínda este Goberno está a esperar que vostedes o feliciten e se congratulen de que o AVE está conseguido para a cidade de Vigo.

Produce unha sorpresa increíble oír á Sra. Porro en declaracións de hoxe mesmo dicir que foron os demais os que impediron o AVE directo de Madrid a Vigo. Foi a Sra. Porro quen como conselleira estivo en contra cando se propuxo a "L" e vostede sábeo perfectamente.

Insisto en que estamos aínda pendentes de que vostedes recoñezan isto pero tamén de que o fagan con outras cuestións porque dado que vostede se refire absolutamente a todo, ogallá o Partido Popular se congratule do plano que o Goberno central vai levar a cabo con Citröen. Sei que a vostede non lle gustan estes temas, Sr. Figueroa, pero son temas importantes para a cidade, dando que ós de esa bancada gústalles moito falar de crise.

Voume referir estritamente á moción que presentou. Aclárolle que só hai un texto de convenio; ese texto está asinado polo Alcalde de Vigo coa capacidade legal que lle corresponde e de acordo cos trámites legais será sometido á Xerencia de Urbanismo e á Xunta de Goberno. Non se refiran tanto a compromisos electorais, isto é unha realidade para a cidade, unha realidade analizada dunha vez por todas en que se vai compoñer a Cidade do Mar e que instalacións van recuperar os veciños da nosa cidade.

É evidente que na súa intervención ten que haber referencias en canto a pinchos e organización doutras cuestións. Aínda lle dicía esta mañá que estou esperando por aquel reto do churrasco onde hoxe están as tuneladoras. Dixo neste Pleno que onde hoxe están as tuneladoras, onde se abre o futuro de Vigo, vostede ía facer un churrasco no momento en que comprobasen os incumprimentos deste Goberno. É certo que como queira que aínda o anterior goberno deixou facturas de pinchos e da organización de actos dende o ano 2004, debe saber vostede moito disto.

É unha mágoa que en relación coa moción que presentou teñamos que acabar noutro tipo de debate. Aclárolle cal é o texto asinado e dígolle que os dous grupos que formamos parte deste goberno estamos a favor de que as instalacións deportivas se

arranxen con cargo a Zona Franca.

Nese sentido cremos que o texto que debería aprobar este Pleno debería ir mesmo un pouco máis alá do que vostedes presentan e, dado que a primeira parte da súa moción non ten sentido ó estaren xa aclarado, sería "Esixir do Consorcio de Zona Franca de Vigo o arranxo das instalacións deportivas cuxa titularidade cede ó Concello que permita o perfecto estado de uso das mesmas".

Coido que isto é o que defendemos no Pleno os dous grupos e que sería importante que foxe aprobado por este Pleno como complemento ó mandato que a proposta do Alcalde se fixo ó Comité Executivo de Zona Franca para a súa aprobación.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Aínda que sexa unha vez máis e levo moitas, pido no nome do BNG que por favor nos cingamos ó respecto institucional desta Corporación e ó que ven na orde do día porque nun tema moi importante para a cidade como é o da Zona Franca, empezamos falar do AVE, Citroën, churrasco e rematamos con pinchos e facturas. Hai que respectar dunha vez por todas a esta Corporación e cando se queiran traer debates de calquera tipo se traen, pero non a través dunha ou máis mocións utilizar ó Pleno da Corporación para que cada quen tente facer as súas proclamas políticas electorais.

O BNG non vai entrar nisto porque coido Sr. Alcalde que vostede, que é a quen lle toca manexar o debate, debería tomar cartas no asunto porque non podemos utilizar mocións para logo debater algo que non está na orde do día. Non imos facer iso e de novo pedimos a responsabilidade de todo o mundo para que de Zona Franca non acabemos en pinchos e churrasco.

Sr. Figueroa, téñolle que dar a razón nunha cousa: o proxecto da Cidade do Mar está sen definir, polo menos nós non o coñecemos e nese sentido si que lle dou a razón e xa o dixen publicamente. Si coñecemos o convenio que se levou a aprobación á Zona Franca, lémolos e estudámolos e naquel momento o BNG deixou ben clara a súa postura.

Parécenos un convenio positivo, cremos que vai regularizar dunha vez por todas a situación duns terreos que tiñan que ser recuperados para uso e goce da veciñanza. Creemos ademais que cos milleiros de metros cadrados que se reservan para zonas de lecer e relacionadas coa náutica pódese integrar en parte, non en todo, a aquel proxecto que eu mesmo presentei nun Pleno dunha Corporación como é o proxecto Euromar que foi efectivamente aprobado por unanimidade.

Creemos ademais que é bo que por fin esas instalacións deportivas, dende hai moitos anos demandadas, deixadas deteriorar por Zona Franca, se devolvan á cidade de Vigo. En definitiva, como dicía o voceiro do grupo Socialista, non hai ningunha discrepancia en conxunto no Goberno no tema dos terreos da ETEA. Si hai unha diferenza á hora de como plasmar a nosa preocupación.

Xa dixemos no Pleno da Zona Franca que nos preocupaba e por iso non íamos apoiar este convenio, que no texto do mesmo non se deixara claro que as instalacións deportivas se ían devolver no seu perfecto estado de uso. Isto porque se non evidentemente o Concello de Vigo tería que acometer estes custos e non cremos que sexa o Concello quen o teña que facer habida conta que foi o propio Concello quen estivo reclamando historicamente durante moitos anos que esas instalacións se devolvan á cidade de Vigo cando estaban aínda en bo uso e xa daquela dicíamos que de non se facer así logo estarían moi deterioradas.

Non nos inventamos cifras, xa temos estudos cunha valoración que é arredor dos dous millóns de euros o que temos que gastar nesas instalacións deportivas se queremos que se poidan usar en perfecto estado.

Naquel intre non discrepamos da filosofía xeral que ten este Goberno porque estamos convencidos de que é un bo convenio e que evidentemente vai axudar a que eses terreos poidan ser racionalmente utilizados e que a veciñanza gaña un amplo espazo para o seu lecer.

Agora ben, xa dixemos que non imos apoiar un convenio que non contemple, como non o fai este, que se devolverán as instalacións no seu perfecto estado de uso por parte da Zona Franca. O BNG xa anuncia que agarda, porque así se aprobou por unanimidade no Pleno da Corporación, que a Sra. Delegada convoque dunha vez por todas, como xa lle pedimos polo menos o BNG, ó Comité Executivo e que nese Comité se poida chegar ó acordo de que esas instalacións as pague Zona Franca e as devolva á cidade en perfecto uso.

Estamos polo tanto absolutamente de acordo co sentido da súa moción, cremos que, como ben dixo o voceiro, sobra a primeira parte de aclarar cal dos dous convenios é válido porque a Sra. Porro efectivamente preguntou no Pleno cal dos dous convenios se votaría e xa se lle deu cumprida resposta nese momento. Votouse e nin nós nin o PP votamos a favor a proposta de que se devolvan as instalacións no seu estado actual. Por outra banda, estando a favor da moción, paréceme que a alternativa que presenta como texto o voceiro do Grupo Socialista non dilúe en absoluto o sentido.

Logo de deixármonos de AVE, Citroën, churrascos e pinchos o importante, o que hoxe se debe aprobar aquí é que a Corporación, por unanimidade, esixe á Zona Franca que pague o arranxo das instalacións deportivas para que se devolvan a esta cidade no seu perfecto estado de uso. Ese é o centro deste debate e a resolución que sen ningunha dúbida os cidadáns agardan de nós.

SR. FIGUEROA VILA: Primeiro aclarar o tema do debate, para que logo non me digan que son eu quen introduce cuestións a maiores. Eu falei única e exclusivamente da ETEA e de todo o relacionado con ela. O voceiro do Grupo socialista incluíu unha serie de cuestións como facturas, Citroën, crise, pinchos, churrascos e demais, polo tanto quero entender que eu tamén teño moralmente a posibilidade de falar de todas esas cuestións. Sr. López Font, é vostede quen introduce estes debates, e se di que non, como minto tan descaradamente? Vostedes son expertos en mentir e en enganar. Eu non falei absolutamente de nada do que vostede di, non falei da crise, nin de facturas. Falei da ETEA e de temas relacionados con ela pero se vostede fala eu non vou calar porque non teño absolutamente nada que agochar.

Se quere falar de facturas atrasadas podemos facer un debate calquera día das que deixaron vostedes que foron de aproximadamente uns dezaseis millóns de euros. Precisamente esta sala de plenos que xestionaron vostedes tivoa que pagar o goberno da Sra. Porro. Xa lle dixen que algún día sacaremos unha relación dalgunha exposición que se fixo nesta cidade e veremos onde están eses ingresos. Falaremos tamén algún día e xa que o Sr. Alcalde non paga ningún mobiliario, polo menos que o retire da Alcaldía porque a iso se lle chama hipocrisía e cinismo, a metade dos mobles do Reitorado o Alcalde tróuxoos para a Alcaldía e tamén eses sofás de cor branca onde se sentan.

A PRESIDENCIA: Está falando da metade dos mobles e iso é absolutamente falso.

SR. FIGUEROA VILA: Pero dígame se os dous sofás que vostede ten... Conteste.

A PRESIDENCIA: Voulle contestar agora mesmo. Na miña Alcaldía están os sofás que a Sra. Porro tiña na antesala da súa Alcaldía. Séntanse na Alcaldía os que veñen visitar ó Alcalde nos sofás que a Sra. Porro tiña na antesala da súa Alcaldía, o luxo asiático de mobles permanecen alí.

SR. FIGUEROA VILA: O Alcalde de Vigo non paga os mobles que utiliza. Que nerviosos están.

Cando veñen os ministros e as ministras lévanos á antiga Alcaldía. Aí si utilizan as fotos. Mesmo cando veñen representantes portugueses tamén os levan alí. É dicir utilizan esas instalacións sen ningún tipo de rubor.

Sr. López Font, o problema de Citroën e da crise é que dende que vostedes gobernan nesta cidade hai sete mil parados máis.

Dende que vostedes xestionan e gobernan hai sete mil parados máis na cidade de Vigo. En Galicia hai douscentos mil parados. Vostedes prometían corenta mil postos de traballo e resulta que xeraron case trinta e cinco mil desempregos. De España xa non lle falo.

Como isto vai quedar gravado quero dicir que falaremos a partir do día 2 de marzo e veremos cantos expedientes de regulación están vostedes “parando” politicamente, ou cantos cursos de formación están facendo para que a xente non se inclúa nas listas do paro e así non se incrementen os números. Falaremos logo do 2 de marzo sobre cal é a situación de Vigo, de Galicia e de España porque vostedes son expertos en enganar, en dicir que non pasa absolutamente nada. Neste País non había crise e os que dicíamos algo eramos anti-patrióticos. Agora a realidade chámase tres millóns trescentos mil parados en España aínda que nós estamos convencidos de que son moitos máis porque están facendo vostedes trampas para agochar os números.

Nós non falamos de Citroën porque por responsabilidade é mellor non o facer, polo ben da cidade e polo ben da mesma empresa. Ogallá que Citroën non mande ó paro a nin un só traballador fixo ou temporal, nin ós que están por quendas, a ningún. Ese é o desexo do meu grupo político aínda que vostedes teñan dúbidas. Pero no Partido Popular xa comezamos a tremer porque cando vostedes fan unha afirmación tan rotunda sobre algo é que vai acontecer todo o contrario, porque cando din que non hai crise si que hai, cando din que non vai haber máis paro si que o hai, cando din que se vai resolver a situación económica e a crise no ano 2010, non hai data, cando falan de pleno emprego o que hai é pleno desemprego. Esa é a situación. O outro día cando vostedes introduciron no debate político a Citroën a min se me puxeron os pelos de punta. A min me dá pánico porque cando din unha cousa pasa todo o contrario.

Con respecto a todo o relacionado coa ETEA aquí falouse moi claro e díxose que o

tenente de alcalde da cidade de Vigo non coñece o proxecto da cidade do mar. Díxoo el claramente e con rotundidade. Eu felicíto, polo menos pola sinceridade e honestidade política. Vostede di todo o contrario, di que o proxecto o coñece todo o mundo, que está en marcha e que xa está totalmente definido. Pero resulta que o tenente de alcalde non coñece o proxecto da cidade do mar. Acábao de dicir claramente. A ver quen minte, digan se son vostedes ou el que din que non coñece o proxecto, pero dende logo como nós tampouco o coñecemos estou máis coas súas teses que coa de vostede, Sr. López Font. A vostede o único que lle importa unha vez máis é enganar á cidadanía.

A Sra. Porro recibiu da Zona Franca o día do comité unha fotocopia do convenio onde se di que se reciben as instalacións no seu estado actual. Nós non enganamos porque se dá a circunstancia de que este expediente non se lle entrega á Sra. Porro ata dous minutos antes da reunión do Consello de Administración do Consorcio da Zona Franca. A Sra. Porro ten este documento porque llo entregou a delegada da Zona Franca, tíñao enriba da súa mesa tres minutos antes do comezo da reunión. Non minta, Sr. López Font. O convenio dicía: “O Concello de Vigo accederá á titularidade no seu estado actual”. Este era un acordo. E para que vexa que non enganamos dígolle que, como vostedes non nolo facilitan, nós tivemos que remitir un escrito da Sra. Porro á Zona Franca dicindo que nos remitan o convenio que se asinou e nos remiten outro texto totalmente distinto. Polo tanto a Sra. Porro non minte e eu collo moi ben a información que me dá porque ademais ela é a que busca a ratificación a través da Zona Franca. Polo tanto aquí están os dous convenios cos que vostedes pretenden enganar ós veciños e veciñas.

Pero o máis grave é que entre o Bloque e o Partido Socialista se abre un debate a través dos medios de comunicación e así un deles di: “O BNG calcula en dous millóns as reformas da ETEA e o alcalde fala de cifras inventadas”. Este é un debate que se produce entre os socios de goberno que se critican nos medios de comunicación. Isto está recollido nas hemerotecas e pódolle ler quince fotocopias de xornais mediante os que vostedes entraron nun debate público durante dous ou tres días falando de cifras, de quen fai ou non o investimento ou de canto custa. Isto acábao de dicir o tenente de alcalde con toda a claridade. Eu supoño que el é o número dous deste goberno.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, vaia rematando porque dobrou o seu tempo.

SR. FIGUEROA VILA: Din vostedes que o Partido Popular é o culpable da situación da ETEA e o Partido Popular recuperou a ETEA para a cidade de Vigo a través dunha institución como é a Zona Franca, recuperouna para mal ou para ben cando gobernaba o Sr. Egerique, pero foi cunha condición porque había un acordo co Bloque Nacionalista Galego que daquela gobernaba en Urbanismo (mágoa que non estea na sala ningún daqueles membros do BNG) de facer un proxecto para recuperar ese investimento e ceder as instalacións deportivas e o uso e goce da ETEA para os veciños e veciñas, mesmo coa construción e habilitación dun porto deportivo que vostedes rexeitaron no seu momento.

Cando nós chegamos ó goberno da cidade de Vigo había un proxecto de D. César Portela encargado polo goberno anterior, o goberno de D. Lois Pérez Castrillo. Aquí está o primeiro convenio de Guixar asinado por D. Lois Pérez Castrillo con D. Pablo Egerique polo que eses cartos retornarían á cidade de Vigo para o uso e lecer dos veciños e co compromiso a maiores de desenvolver Guixar. Facíase unha grande operación para o barrio de Teis, é dicir, comprábase a ETEA e recuperábanse eses cartos que servirían de investimento para a zona de Guixar.

O que fixeron vostedes agora foi pagarlle á Zona Franca dende a Xunta e o Concello, que lle van pagar trinta millóns de euros con cartos de todos os vigueses e viguesas a Zona Franca e ademais liberan vostedes a esta última da construción e desenvolvemento de Guixar. Iso é o grave de todo este tema, que non só lle van pagar trinta millóns a Zona Franca, senón que a maiores van imposibilitar o desenvolvemento da zona de Guixar, cousa que si é grave e seguramente os veciños decatáranse porque o tema está perfectamente claro. Zona Franca está liberada de todo compromiso en Guixar, é a grande beneficiada de toda esta operación porque recibe 30 millóns de euros a cambio de lle dar nada á cidade, libérase de Guixar.

Nós témolo moi claro: estes son os ingresos que vostedes lles dan ó goberno central do Sr. Zapatero e senón, por que vostedes non obrigan a Zona Franca a que desenvolva ese proxecto tal e como queren, cun acordo en canto á cidade do mar e a que desenvolva Guixar automática e inmediatamente. Pola contra liberan a Zona Franca de todo e eu vou dicir por que xa que quero que conste expresamente en acta: detrás de todo isto, a medio prazo está a liquidación de Zona Franca. Iso é o grave porque a Zona Franca acabará decidindo dende o Ministerio de Economía e Facenda todos os proxectos, aínda que ultimamente xa non ten ningún en marcha

agás os que viñan de épocas anteriores, pero agora xa non se quere implicar en ningún tipo de proxecto. Logo noutro punto falaremos tamén desa cuestión.

Señores do goberno, o que teñen que facer é aclarar a situación da ETEA e a de Guixar. Pero o triste de todo é que isto non o dicimos nós.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, creo que debemos respectar os tempos porque leva quince minutos nunha intervención de cinco. Remate, por favor.

SR. FIGUEROA VILA: Lereino despois. Os informes dos técnicos son contundentes. Non me estraña que vostedes aínda non levaran isto á Xerencia de Urbanismo porque con estes informes técnicos dende logo que eu se fose responsable político non o faría. Os nosos responsables técnicos din claramente que hai dúbidas sobre a posibilidade de implicación de Zona Franca en Guixar e dúbidas sobre o desenvolvemento de Guixar. Mesmo din que sería conveniente ter unha valoración dos terreos para tomar unha decisión, porque a pregunta é: quen tomou a decisión do custo deses terreos ó día de hoxe? Vostedes, os políticos. Porque non hai ningún informe técnico que nos faga unha valoración. Un informe dun técnico di con contundencia o seguinte: "...considerando necesaria a incorporación ó expediente dun informe de valoración urbanística de ditos terreos". Pero aínda que non me vou meter niso, os técnicos din máis e así, con estes informes técnicos descualifícase calquera proposta. As conclusións dareinas no remate da seguinte intervención.

En calquera caso, póñanse de acordo. Eu non teño por que non me fiar da palabra do tenente de alcalde que di que non coñece o proxecto. Existe ou non o proxecto? Coñecemos ou non o proxecto? O Partido Popular non o coñece, o goberno do Partido Socialista semella que si e o Bloque Nacionalista Galego, o tenente de alcalde, o número dous do goberno dixo claramente, e están de testemuñas todos os medios de comunicación e estará nas actas, que non o coñece o proxecto da cidade do mar. Aclárense.

A PRESIDENCIA: Sr. López Font, o Sr. Figueroa utilizou na súa segunda intervención dezasete minutos cando tiña asignado, como corresponde segundo o acordado, cinco minutos. Prégolle a vostede que tente rematar en cinco minutos.

SR. LÓPEZ FONT: Tentareino, Sr. Alcalde, pero a verdade é que é un pouco difícil

diante da dispersión do Sr. Figueroa e diante dos seus argumentos porque semella un auténtico crebacabezas, vai collendo dos informes dos técnicos, do que dixo o tenente de alcalde, esquece outras cousas que dixo este último e demais.

A min non me impute que eu dixen mentira sobre os documentos entregados á Sra. Porro no pleno, ou os escritos que esta puidera dirixir á delegada de Zona Franca porque non teño absolutamente nada que ver.

Sr. Figueroa, déixeme falar que eu non o interrompín.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, se falou dezasete minutos déixelle falar ó Sr. López Font polo menos cinco.

SR. LÓPEZ FONT: Dixo o tenente de alcalde que o documento se entregou no Pleno de Zona Franca. A Sra. Porro tivo o documento ó mesmo tempo que os demais e só hai un documento, ela preguntou e se lle respondeu. Tamén dixo iso o tenente de alcalde.

Polo tanto vou tentar seren breve pero diante da súa dispersión é un pouco difícil.

O día 3 de maio de 2007 estaba vostede, estaba tamén a daquela alcaldesa de Vigo na presentación do proxecto da cidade do mar. Cando eu lle contestei ó dos pinchos foi porque vostede dixo que unha partida orzamentaria se debeu destinar ás carpas e ós pinchos. Pero, como pretende deixarme por mentireiro se foi vostede o primeiro en falar de pinchos, quen dixo que determinadas partidas se deberon destinar a iso. Pois de se ler o convenio que lle tiña que ter pasado a Sra. Porro, decatárase do que é o proxecto da cidade do mar.

O 3 de maio de 2007 asinouse un protocolo de intencións para pular o proxecto da Cidade do Mar e explicouse polo miúdo tanto polo daquela delegado de Zona Franca, como polo presidente da Xunta. No mesmo protocolo que está neste convenio establecíase un espazo dotacional científico-tecnolóxico, uns espazos para usos dotacionais terciarios e deportivos, a recuperación das instalacións portuarias e unha contorna urbana. Ese é o proxecto de cidade do mar, Sr. Figueroa, estivo vostede na súa presentación, é un documento oficial. Vostedes estiveron alí, estivo a ex-alcaldesa e no convenio que se asinou se delimitan seis zonas cos seus correspondentes metros cadrados para cada un dos usos.

A vostede isto do nerviosismo encántalle pero saiba que non hai ningún nerviosismo por esta parte, é por parte de vostedes. A vostedes moléstalles que no “cul de sac”

no que meteron á cidade, hoxe estamos falando da ETEA, está resolto. Moléstalles profundamente e iso tamén o deben saber os cidadáns, que se abrise a ETEA, en troques de estar moi contento semella que vostede está enfadado porque os cidadáns hai dous sábados puideran acceder á ETEA; ese é o problema, o problema é que volve tentar enganar ós cidadáns pero xa non vai colando, Sr. Figueroa. O convenio establece claramente que o Concello recupera o 45% dos terreos da ETEA, 51.000 m² a custo cero.

Vostede trae aquí varios debates, o urbanístico e outros, pero saiba que os compromisos con relación a Guixar son os mesmos que estaban no Plan Xeral, Sr. Figueroa. Saca vostede un debate e agora, cando se lle contesta non está dispostos a escoitalo.

Eu quero falar da ETEA e non doutras cuestións. Vostede cre que se pode dicir neste Pleno que hai moitos máis parados en Vigo cando en Madrid tamén hai douscentos mil? É que no Partido Popular aínda non se decataron, Sr. Figueroa, que estamos diante dunha crise económica mundial que afecta a Vigo e tamén ós Estados Unidos. Non se decatou diso?

A PRESIDENCIA: Sr. López Font, iso sábeo todo o mundo, céntrese na cuestión.

SR. LÓPEZ FONT: Creo que todo o mundo menos o Partido Popular e en especial o Sr. Figueroa.

Sr. Figueroa, apela a responsabilidades políticas ó falaren de Citröen e demais e iso é o que me encantaría que vostedes tiveran: responsabilidades políticas. É unha irresponsabilidade política non se congratular aínda de que este Concello vaia ter un investimento de 52,2 millóns de euros dun fondo chamado "Plan Zapatero" que ven do goberno estatal e a verdade é que cada vez que vou a unha Mesa de Contratación e cada vez que unha empresa propón o incremento dunha serie de traballadores sobre o que está no prego de condicións lémbrome de vostedes.

A PRESIDENCIA: Sr. López Font, céntrese na ETEA, por favor.

SR. LÓPEZ FONT: Céntrome e remato coa ETEA.

Como vostede fai mención a determinados informes dos técnicos, saiba que tamén hai un informe dos técnicos cunha valoración dos terreos e instalacións que se lle

ceden ó Concello de Vigo de 14.868.815 euros, fronte a un custo que supón este convenio asinado de cero euros. Iso é o que lle ten que dicir vostede á xente. Si, Sr. Figueroa, porque permanentemente vostede colle documentos e lle quere trasladar á opinión pública unha parte que non ten nada que ver coa conclusión.

Eu tamén podo mostrar informes dos técnicos e hai que dicir, porque vostede non deu ningún argumento, que este convenio lle custa cero euros ó Concello.

Como me pode falar de mesturar as cousas, Sr. Figueroa? Remata vostede a súa intervención dicindo que o que está detrás de todo isto é liquidar a Zona Franca. O Tribunal de Contas o que di é que a Zona Franca case a liquida o Sr. Egerique. Se vostede chama responsabilidade política ó que fixo o Sr. Egerique e o Ministerio de Defensa, dende logo que vaia carreira que levan.

A súa moción dicía dúas cousas: aclaración sobre o convenio, que xa ten vostede a información, o que pasa é que lle encanta montar aquí este teatro ó que nos ten acostumados, e o outro é a preocupación que temos todos polas instalacións deportivas. Entendo que é tamén unha preocupación compartida polos tres grupos. Foi o alcalde e todos os membros compoñentes do Pleno de Zona Franca os que fomos favorables. Creo polo tanto que se apela á responsabilidade política debería aceptar precisamente o que tamén dicía o tenente de alcalde, que aquí se aprobase unha esixencia a Zona Franca de que se arranxen as instalacións deportivas con cargo ó seu orzamento.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, para rematar o debate. Lémbrolle que o tempo asignado é de tres minutos e eu vou seren rigoroso.

SR. FIGUEROA VILA: O convenio do Concello de Vigo sobre Guixar dicía no ano 2003: "...o Consorcio no mesmo momento, ben directamente ou a través da persoa xurídica que estableza, asumirá o financiamento inicial da actuación sen prexuízo da posterior repercusión do seu importe na forma prevista na lexislación aplicada". Sabe en que converteron vostedes a obriga que tiña Zona Franca de desenvolver Guixar? En función do que leo ó seguíren: "En función dos datos que se desprendan dos informes sinalados nos apartados anteriores, poderase realizar o estudo que analice no seu conxunto a viabilidade da actuación presentada. O resultado dos estudos citados nesta cláusula será determinante para decidir sobre a participación do Consorcio neste proxecto que, de seren procedente, daría lugar á firma dun novo convenio". É

dicir, con ese convenio liberaron á Zona Franca de desenvolver o proxecto de Guixar e por iso os dous técnicos municipais din que "...sería conveniente clarear cal é a implicación da Zona Franca no desenvolvemento de Guixar". Digo isto porque se a Zona Franca non se implica en Guixar vostedes non lle van poder pagar os once millóns de euros á Zona Franca, nin se vai construír o túnel de Guixar.

A conclusión de todo este expediente é: primeiro, que non hai elaborado ningún proxecto sobre a ETEA. Falou vostede dunha presentación o 3 de maio do ano 2007, en período electoral, dun protocolo e dunha infografía que presentaron nunha carpa invitando a todos os veciños, pero dende ese día non hai nin un so acordo. O Presidente da Xunta dixo que o presentaría e que se constituiría un consorcio. Pois non hai consorcio. Agás eses 110.000 euros, dos orzamentos de Galicia do ano 2007 e 2008 non se destinou nin un so euro máis ó proxecto da cidade do mar.

Segundo tema, o que están facendo vostedes aquí é recadar trinta millóns de euros para Zona Franca que é a gran beneficiaria desta historia, métese trinta millóns de euros nas súas arcas e a maiores libérase do compromiso de Guixar que tiña claro, o que vai posibilitar que unha zona de Guixar tan importante coma esta se desenvolva, iso vai prexudicar claramente ó Concello, porque somos parte dese proxecto, tamén os propios veciños, pequenos e humildes propietarios que non van ser quen de levar a cabo por eles mesmos o desenvolvemento dese proxecto e, o máis importante, que o túnel de Guixar non se vai desenvolver que é o que realmente tamén nos preocupa.

A maiores, vostedes non teñen aínda o proxecto para a ETEA porque non saben que van facer con el, porque ten que haber un investimento de cen millóns de euros coa Xunta de Galicia, se non tiveron a vontade política nos últimos dous anos nos que había nun orzamento sete e noutro cinco, de incluír nin un só euro nin para desenvolver ese protocolo que vostedes teñen aí, vostedes cren que van investir cen millóns de euros.

A segunda pregunta é, que van facer co porto deportivo se é que o queren incluír e que van facer coas instalacións da ETEA. Miren o seu pouco peso político que hai que traer a este Pleno unha moción para suxerir á delegada da Zona Franca que inclúa a remodelación das instalacións deportivas. Iso quere dicir claramente que a delegada da Zona Franca lle gañou a partida a todos vostedes, hai que felicitala, darlle un dez coma xestora. Vostedes coma xestores son un auténtico desastre porque lles fan pagar ós veciños e veciñas de Vigo trinta millóns de euros, dezaioito a través da

Xunta e once a través do propio Concello. Iso é lamentable e por riba Guixar non se vai desenvolver, o túnel se vai imposibilitar, o Concello ten propiedades aí e a grande beneficiada de toda esta historia vai ser a Zona Franca.

Agora estamos discutindo un convenio que nin se ratificou e estamos discutindo unha cuestión menor. Se vostedes tiñan todo tan claro, por que non deixaron perfectamente claro no convenio que a Zona Franca tiña que pagar a remodelación das instalacións da ETEA? Se o teñen tan claro, se teñen tanto peso político por que agora se ten que dirixir o Pleno á Zona Franca para que o faga? Tiña que estar incluído.

Eu pido unha cousa: que este Pleno sirva única e exclusivamente para que cando leven o convenio na súa redacción vaia incluído directamente que a Zona Franca remodelará todas as inhalacións e que nos traia un proxecto de remodelación de todas as instalacións. Voulles incluír unha emenda á moción que vostedes presentan: que a Zona Franca se defina claramente cun proxecto de viabilidade para Guixar. Incluíu ese segundo apartado. Eu acéptolles a súa proposta pero tamén lles vou propoñer un segundo apartado: “Que a Zona Franca defina claramente a intención e a viabilidade dun proxecto para desenvolver Guixar”.

Nós queremos que se vote tamén a “inclusión dun proxecto de viabilidade económica para que a Zona Franca desenvolva Guixar”.

A PRESIDENCIA: Onde se inclúe ese proxecto de viabilidade? Non entendo a súa proposta. Aclárea.

SR. FIGUEROA VILA: Que cando traian o convenio que se vai firmar coa Zona Franca, nel se inclúa un apartado onde se diga que a Zona Franca se compromete a desenvolver Guixar e nos remita o estudo económico financeiro para o desenvolvemento dese ámbito.

A PRESIDENCIA: Dáse conta vostede de que iso require como uns tres ou catro anos? Quere ter vostede a ETEA pechada catro anos.

SR. FIGUEROA VILA: Vostede minte permanentemente. Acaba de dicir o alcalde que Guixar non se vai facer, di que require tres ou catro anos un estudo de viabilidade.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, todo o mundo nesta cidade sabe que o desenvolvemento dun ámbito urbanístico, e vostede deberíao saber porque estivo de concelleiro de Urbanismo, sabe que require tres ou catro anos. O desenvolvemento dun ámbito require ese tempo.

Vostede sabe que Zona Franca quere desenvolver un estudo como se acordou no Plan Xeral que nós non podemos contradicir porque é unha lei.

Polo tanto, Sr. Figueroa, vostede acepta a emenda que lle propoñen? Porque se o que vostede di é que Zona Franca elabore ese estudo votámoslle de inmediato que si.

SR. FIGUEROA VILA: Eu propoño que Zona Franca se comprometa a desenvolver Guixar e nos remita o estudo económico-financeiro o máis axiña posible.

A PRESIDENCIA: O que sucede, Sr. Figueroa, é que o Plan di que Zona Franca ten que desenvolver un estudo..., etc.

SR. FIGUEROA VILA: Claro, é que aí está o problema.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, deixe falar, vostede fala moito e non di nada. Déixenos falar ós demais.

O Plan aprobado e vixente di o que ten que facer Zona Franca. Ese é o mandato que ten. A legalidade é esa.

Agora o que está facendo Zona Franca é asumir trinta millóns de euros que paga integramente a Xunta de Galicia, entrégalle a este Concello unhas instalacións que valen quince millóns de euros que a nós nos custan cero euros. Iso é o que estamos a votar, pero a vostede non lles interesa iso.

Acepta por tanto a emenda que lle presentan?

SR. FIGUEROA VILA: Acepto a emenda se vostedes aceptan a nosa.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, vostede falou trinta e cinco minutos nas dúas primeiras intervencións e segue falando sen parar. Vouno ter que o chamar á orde. Por favor, non me obrigue.

Se non acepta esa emenda imos proceder á votación da moción do texto que figura.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Pero a min me gustaría que, como aquí xa se trabucaron todas as quendas, sinxelamente me deixaran falar medio minuto.

A PRESIDENCIA: É unha cuestión de orde, Sr. Domínguez Olveira.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Si porque imos votar algo moi importante e entón eu pediría claramente que a Corporación se manifestara a favor de reclamar á Zona Franca o arranxo das instalacións deportivas para as devolver no seu perfecto estado de uso. Iso é o que se vai votar.

Sr. Figueroa Vila, eu estou de acordo pero evidentemente non para que se contemple no convenio. Vostede sabe que non se pode contemplar no convenio o plan de viabilidade de Guixar. Agora ben, o BNG, coido que tamén o PSOE polo que acaba de dicir o alcalde, si que llo aceptamos. Pedir que Zona Franca faga ese estudo? Por suposto que si. Iso é o que debemos votar hoxe aquí: Que Zona Franca devolva as instalacións en perfecto estado de uso e que faga o estudo de viabilidade de Guixar. Iso é o que temos que pedir e todo o demais é marear.

A PRESIDENCIA: Nestes momentos temos unha moción cunha redacción feita polo Grupo popular e unha proposta que formula o Sr. Domínguez Olveira nos termos que propuxo antes o Sr. López Font, pronúnciense, Sr. Figueroa, sobre se aceptan iso como emenda alternativa.

SR. FIGUEROA VILA: Non e dígolle por que.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, auto-eméndase vostede?

SR. FIGUEROA VILA: Si e ademais non vou abrir debate.

Como o debate foi por onde foi e para que non nos enganemos, nós propoñemos a maiores un segundo apartado que diga: "O Consorcio, ben directamente ou a través da persoa xurídica que estableza, asumirá o financiamento inicial da actuación de Guixar sen prexuízo da posterior repercusión do seu importe na forma prevista na lexislación de aplicación".

Este era o convenio que estaba firmado inicialmente.

A PRESIDENCIA: Non estaba firmado.

SR. FIGUEROA VILA: Ben, non estaba firmado, como vostede queira, pero incluímos esta cláusula porque no convenio que vostedes firman... Déixeme explicar.

A PRESIDENCIA: Non hai nada que explicar, xa tivemos o debate. Vostede falou durante media hora e segue falando sen parar. Deixe que procedamos porque vostede non deixa que discorra un Pleno de xeito normal.

O Grupo Socialista e o Grupo do BNG fixeron unha proposta. Vostede non a acepta e fai unha proposta alternativa que tampouco se acepta. Polo tanto procedemos a votar nos termos da súa moción: "Instar ó goberno municipal a que aclare cal dos dous convenios é válido e en todo caso se esixa ó Consorcio da Zona Franca que entregue as devanditas instalacións en perfecto estado de uso".

(Está ausente a Sra. Porro Martínez)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila, relativa ó convenio de transmisión dos terreos da ETEA ó Concello, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

14.- (31).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO SE DEFINA A SITUACIÓN URBANÍSTICA DA PARCELA DE ALFAGEME.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de febreiro, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

"Nos últimos días xurdiu na cidade un debate sobre a situación urbanística da parcela de Alfageme, así como das posibles consecuencias que podería levar aparellada, o que está a xerar certa confusión.

O Grupo Municipal do Partido Popular amosa a súa preocupación por este feito polo

que propón:

“Instar ao Goberno Municipal a que realice todas as xestións administrativas oportunas para que se defina canto antes a situación urbanística da devandita parcela”.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 16 de febreiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, debo explicarlle que a partir de agora vou aplicar taxativamente os tempos. Ten vostede dez minutos. Non imos prolongar eternamente este Pleno.

SR. FIGUEROA VILA: Paréceme ben. Vou tentar cumprir o tempo. Xa miro que están bastante preocupados, que non queren debater.

O tema que imos tratar agora é outro tema importante, deses temas que veñen colgados do Plan Xeral, algo parecido ó de Guixar. Cando nós votamos en contra do Plan Xeral sorprendese moita xente e explicamos que había moitas cousas importantes que co paso do tempo se ían cuestionar.

Este tema de Alfageme é algo semellante ó de Guixar. O Concello ten que tomar unha decisión de participación activa. No de Guixar tamén porque se resulta que nós como Concello temos que pagar once millóns e medio de euros que veñen dunhas plusvalías, dun desenvolvemento dun ámbito e resulta que ese ámbito estaba comprometido a unha institución como Zona Franca que agora non ten o compromiso...

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, atéñase a cuestión. Estamos na moción de Alfageme, non na de Zona Franca nin da ETEA, lémbrolle que iso rematou. Proceda atendendo á normativa deste propio Pleno porque se alguén non é capaz de cumprir as normativas que nós nos aplicamos, como vai cumprir cos cidadáns? Proceda.

SR. FIGUEROA VILA: Non se preocupe, logo llo terei que explicar ós medios de comunicación. Xa que vostede non quere que o fagamos aquí, farémolo por outra vía. Alfageme era un ámbito que estaba no Plan Xeral como solo industrial. Un día os redactores do Plan Xeral e a comisión de seguimento constituída por representantes de todos os grupos políticos formuláronnos unha posibilidade presentada pola

propiedade e polos sindicatos. Era que en aras de mellorar a zona industrial e de buscar unha solución para sectores industriais, como había a posibilidade de que a Zona Franca desenvolvese o polígono de Matamá-Valladares, esa conserveira se trasladara a ese polígono de Matamá-Valladares. Esa foi unha proposta que se fixo por iniciativa de todos os sindicatos, mesmo por escrito, e da mesma propiedade Alfageme.

Fíxose un estudo económico desa proposta, consensuouse e déuselle unha clasificación de solo urbano consolidado coa posibilidade tamén de reutilización e do mantemento do edificio catalogado. Estamos falando dunha parcela de 13.953 m² onde se autorizaba unha parte residencial e a catalogación e reutilización dese edificio coa posibilidade de rehabilitación para un museo da conserva que se lle cedería ó Concello de Vigo. Tramitouse na aprobación inicial do Plan Xeral cunha serie de condicionantes e entre eles, evidentemente, que os postos de traballo e a conserveira se mantivesen na cidade de Vigo. Remitiuse toda a documentación á Xunta de Galicia e a Consellería dinos que ese solo non se pode clasificar como urbano consolidado, senón que se ten que clasificar como solo urbano non consolidado.

Vostedes fixeron unha serie de correccións pero o curioso é que non tocaron este tema, corrixiron outros pero non este. Remitírono outra volta á Xunta de Galicia como solo urbano consolidado. A aprobación parcial do Plan Xeral en maio de 2008 repítenos que ese solo non pode ser urbano consolidado, senón que ter ser solo urbano non consolidado.

Que nós saibamos a día de hoxe non hai ningunha información pública do que vostedes están facendo con esta parcela, pero o que si nos preocupa é o anuncio da empresa de que se vai trasladar a outro concello da comarca do Sanlés e que os postos de traballo van desaparecer. A empresa está dicindo que os postos de traballo non se van manter na cidade de Vigo e o Alcalde, como sempre, bótalle a culpa ó PP, di que ten a culpa de que esta empresa se marche logo de ano e medio sen estar no goberno e logo da súa proposta de aprobación do Plan Xeral.

Nós pedimos en primeiro lugar saber a situación da parcela porque xa pedimos un informe e nos din que a día de hoxe esa parcela remítese ó Plan Xeral do ano 1993, é dicir, mantén o solo industrial e as zonas verdes.

Nós queremos facer unha proposta concreta que diga, como se acordou cos traballadores, cos sindicatos e coa propiedade, que se non hai un compromiso firme,

articulado e garantido de que eses postos de traballo se manteñen na cidade de Vigo, que non se faga a recualificación desta parcela. É algo moi sinxelo e moi básico. Nós seguimos mantendo que se os postos de traballo quedan na cidade de Vigo que se faga a recualificación, parécenos unha boa solución, sexa como solo urbano consolidado ou non consolidado, pero en calquera caso e baixo ningún concepto, se non hai ningún compromiso firme que garanta que eses postos de traballo e a conserveira quedan na cidade de Vigo, como foi o acordo inicial, evidentemente que non se faga a recualificación.

Intervín seis minutos e medio, menos de dez minutos e aínda me quedaban tres e medio.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sr. Figueroa, sobre todo pola brevidade.

Unha cuestión de orde: a súa proposta de moción é outra, non é esta que nos acaba de dicir. Pregúntolle se está propoñendo unha emenda.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, estou facendo unha proposta concreta. Se nos dixo que se recualifica a parcela, remitíronos un informe e agora estamos dicindo que en base a ese informe teñamos unha proposta concreta.

Coido que non é nada anormal porque no debate se abren outras posibilidades. Nós temos agora o informe que nos remitiron os técnicos; nel se di que esa parcela a día de hoxe está remitida ó Plan Xeral do 93 como solo industrial e cualificada unha parte como zona verde.

Nós agora facemos unha proposta política, se vostede non a quere recoller, recolla a moción. Igual que no tema de Guixar xa presentaremos outra moción que levaremos á Xerencia do próximo xoves, xa llo anunciamos.

Estoulle aclarando a postura política deste grupo. Parécenos que sería bo que se non hai recualificación se poidan trasladar os postos de traballo, se hai recualificación os postos de traballo téñense que garantir tal e como está no anterior acordo. Senón nos parecería que é enganar á administración pública, ós que fixeron a negociación que foron os redactores do Plan Xeral e parécenos que coa situación que temos agora mesmo levar postos de traballo fóra non sería bo para esta cidade.

SR. MARIÑO MENDOZA: Primeiro anunciar que imos votar a favor da moción que vostedes presentaron porque os traballos se están ultimando e nos vindeiros días

darase a coñecer a proposta deste goberno para a parcela de Guixar.

Dende logo que queremos e é outro tema que non ten que ver co Urbanismo, que a empresa se quede na cidade; esa e todas as que están. Coido que ninguén desexa que as empresas se vaian da cidade e que todas as que se queiran instalar se instalen; é algo que todos queremos.

Impresióname vostede cando fala porque foi concelleiro de Urbanismo e di unha cantidade de mentiras impresionante. Primeiro nos xornais di que nós non ratificamos un convenio, un convenio que non existiu nunca no Plan Xeral. Non sei se por convenio vostede se refire a acordos persoais que vostede puidera ter con algunhas persoas, pero lle podo asegurar que ese convenio non está no Plan Xeral e de súpeto sae na prensa dicindo que este Concello non ratifica este convenio. Non atopamos o convenio por ningures e a verdade é que nos gustaría que nos aclarase a que convenio se refire.

Hoxe dinos algo moi sorprendente, que nós non modificamos Alfageme cando o enviamos á Consellería. É que vostede nin sequera lembra de como o deixaron. Estou completamente abraiado. Voulle explicar como o deixaron porque gracias a Deus eu si que seguín o proceso. Vostedes deixárono co groso da fábrica, a factoría, en solo urbano consolidado cunha ordenanza e o resto deixárono como solo urbano non consolidado; as contas da documentación que vostedes nos entregaron din que ese solo urbano non consolidado daba números negativos.

Esas son as contas que nos entregaron, iso era o que lle preocupaban a vostede no seu día os traballadores de Alfageme e os postos de traballo. Entregáronnos un documento onde a factoría aparecía en solo consolidado e o non consolidado daba números negativos. Vostedes só querían rematar o Plan Xeral para as eleccións, é o único que querían, esa era a súa prioridade, iso era o preocupados que estaban polos traballadores. Repítollo o dos números negativos porque toda a documentación do Plan Xeral está para que se poida consultar. Ese é o documento e vostede nin sequera lembra como nos deixaron Alfageme.

Nós non enviamos Alfageme así, enviámolo á Xunta como AOP e non como vostedes o deixaron. Sr. Figueroa, logo de tres anos de concelleiro de Urbanismo nin sequera lembra como estaba Alfageme. Dende logo vostede non levaba o urbanismo nesta cidade, iso semella que queda moi claro.

Hai outra cousa que me sorprende moito, é que vostede mestura os conceptos. Non acabo de ter moi clara a proposta que fixo ó final porque de súpeto dinos que a

recualificación dos terreos quede vinculada a que non se perda un posto de traballo. Se quere lle leo o que di a lei sobre o solo urbano consolidado, en ningún momento fala de postos de traballo, nin de convenios, nin de acordos. A clasificación do solo é inherente ó solo e non ós acordos ós que vostede poida chegar.

Pero hai unha cousa que me sorprende moito máis, di que existe un acordo coa empresa e cos traballadores e resulta que o solo urbano é consolidado. Iso non se decide así, hai uns trámites regulamentados que din se o solo é urbano consolidado ou non. Pero é moito peor porque maxinemos que seguimos adiante coa súa proposta; pode suceder que se o vindeiro mes, co Plan Xeral aprobado, despidan a dez traballadores, a parcela xa non tería clasificación urbanística? Un Plan Xeral condicionado a que se despidan a tres traballadores. Significa que a partir de aí xa non hai cualificación urbanística para esa parcela? Non entra en vigor? Iso si, se os volven admitir xa volve ter clasificación urbanística. Non vin ningún plan urbanístico así, pendente de que nunha factoría haxa uns postos de traballo.

Paréceme increíble que vostedes falen dese acordo que, por certo, non o deron a coñecer á opinión pública gracias a Deus, pero si que lle agradecería que se chegou a máis acordos dese tipo no seu despacho nolo diga porque revisaremos eses ámbitos. Déixame abraiado ver que vostede chegou a eses acordos, a Sra. Porro chegou a un acordo, segundo as súas declaracións nos xornais.

Nós non chegamos a ningún tipo de acordo nin de convenio para a recualificación de ningún solo porque repito que a recualificación do solo non vai en función do que vostede di, de onde se situa a empresa. Claro que queremos que se quede en Vigo pero non é condición do planeamento facer iso. Confúndese, coido que lle perde o subconsciente e se lle vai outro sitio porque o Plan Xeral non pode definir que se se despide a dous traballadores dunha empresa a cualificación da parcela cambia de uso. O Plan Xeral di moi claro por que a factoría non queda aí: é porque se pretende recuperar todo o fronte litoral.

Pero repito que o que me parece máis grave é que nin sequera lembre como deixaron a parcela de Alfageme no Plan Xeral. Eu pensaba que viña esta moción por outra cousa, pola preocupación polos traballadores, pero xa que vostede fala de como quedou a parcela no Plan Xeral eu lémbrolla: solo consolidado a factoría, non consolidado o resto onde ían os edificios e con números negativos. Iso é o que lle importaban a vostede os traballadores de Alfageme.

SR. ALONSO PÉREZ: Vai sendo hora de que teñamos unha pouca de rigorosidade e seriedade ó falaren porque non é normal que presentemos unha moción e esteamos discutindo sempre cuestións que non aparecen no texto. Os cidadáns cada vez están máis asombrados porque en función de se estamos ou non no goberno temos distintas posicións a respecto do Plan Xeral, unha vez si outra non. Agora presentamos un texto pero non é iso o que discutimos. Esta Corporación debe ser un pouco rigorosa, saber que o que estamos discutindo é unha proposta dun texto.

O BNG está de acordo coa moción que presenta o Partido Popular tal e como ven: “Instar ó goberno municipal a que realice todas as xestións administrativas oportunas co gallo de que se defina canto antes a situación urbanística da devandita parcela”. Iso é o que se discute e entón non hai que mesturar outras cousas porque é esa proposta.

Non ten sentido mesturar aquí un debate sobre a cualificación da parcela coa situación dos traballadores. Ó BNG si que lle interesa o futuro dos traballadores e das traballadoras de ALFAGEME, pero coidamos que o normal é que deixemos ós sindicatos dos traballadores que negocien coa empresa a súa saída futura. Iso é o que quere o BNG.

Os traballadores e traballadoras están nestes momentos nunha fase de negociación coa empresa para se trasladar dun xeito provisional a Vilaxoán mentres se resolve unha localización definitiva que a empresa propón no parque industrial do Morrazo. Están os traballadores e as traballadoras xunto cos sindicatos negociando a garantía dos postos de traballo para todos os fixos e fixas discontinuas. Deixade ós sindicatos, á empresa e ós traballadores que fagan o seu labor. En todo caso o que queremos como Corporación, penso eu, é que se garanta o emprego de todos e todas os traballadores de ALFAGEME. Iso é o que quere o BNG, que nunha situación de crise resolvan as partes negociando. Non mesturemos isto cunha situación urbanística.

Nós imos votar a favor da moción do PP tal e como ven, pero debemos ter en conta o rigor na presentación de propostas ó Concello porque senón o Pleno é unha risa xa que presentan algo que logo non é o que se discute ou se toma outra posición.

Estamos decote non sendo rigorosos. Hai liberdade para pensar, estudar e para traer as mocións pero debemos limitármonos a discutir iso ou cousas que teñen que ver coa moción e non estar dándolles voltas ás cousas porque non é bo para este Pleno.

SR. FIGUEROA VILA: Cando falamos de algo serio para esta cidade parece que non lles interesa ó Bloque e ó Partido Socialista.

Señores do BNG, a nós si que nos preocupa que eses postos de traballo se manteñan na cidade porque se non é así isto é un “pelotazo” urbanístico. Dígoo así porque recualificamos o solo para levar uns cartos que ó final non reverten na cidade de Vigo. Esa foi a condición e ademais o foi do seu goberno e do seu concelleiro de Urbanismo. Non esquezan que vostedes teñen historia no Plan Xeral. Vostedes elaboraron o Plan Xeral e nós apoiámolo, votamos a favor e seguímolo por responsabilidade. Repito novamente que esa foi unha decisión que se tomou.

Como comprenderán a min preocúpanme os postos de traballo pero me preocupan en Vigo e por iso a cidade de Vigo recualificou os terreos para que deran máis plusvalías.

Todo isto é un armazón que se irá demostrando, é un problema de tempo. Se Alfageme non vai ó polígono industrial de Matamá-Valladares, este polígono sen Alfageme, sen Cordelerías Mar e sen outros que están na mesma situación en Beiramar, non se poderá facer porque á Zona Franca non lle será rendible. A nosa conclusión política é que xa non o vai facer, pero en todo caso se todas as empresas que se ían localizar no polígono de Matamá-Valladares non van alí o polígono non é rendible.

Eu non sei porque veñen aquí cun polígono do Morrazo que está sen executar, ou é que hai xa un acordo sen definir? Porque a Zona Franca dixo que non era viable. Xestur xa asinou algún acordo que non coñezamos os seus membros de administración? Eu son membro dese Consello de Xestur e a día de hoxe non sabemos nada do desenvolvemento do polígono. Aínda que xa nos chegaron os rumores de que o que a Zona Franca non quixo por nove euros, vostedes van chegar a un acordo de dezaoto euros e xa hai un acordo por debaixo. Que casualidade que o dono dos terreos do Morrazo é o mesmo de Alfageme.

Isto é impresentable. É o mesmo dono que dunha parte de Beiramar, quere dicir que Alfageme e Cordelerías Mar van ir todos para o Morrazo, todo o que se ía facer en Beiramar. Que casualidade que o dono de Alfageme é o dono dunha parte de Beiramar e dos terreos do Morrazo.

Nós si sabemos a clasificación que se deixou, foi por unha imposición da Xunta porque se estivo negociando coa Xunta. O que pasa é que a Xunta actúa con criterios distintos porque aquí actúa cun e en Candeán con outro distinto, cousa que nos

parece ben porque queremos que se salve esa situación de Candeán. Pero, por que actúa cun criterio nunha empresa de Candeán e nesta con outro completamente distinto? Cal é a proposta do goberno sobre Alfageme que se vai remitir á Xunta de Galicia? Ou é que estamos esperando logo do 2 de marzo para facer a proposta que máis conveña?

Nós dicimos que vostedes están desmantelando a posibilidade de postos de traballo na cidade de Vigo e vostede, señor representante do BNG, acábo de dicir, fóiselle porque pensou que eu non coñecía a outra situación. Pero si a sabemos e ademais non queremos que nos enganen e polo tanto se eses traballadores se van ó Morrazo, que nos parece ben que se manteña o posto de traballo, pedimos que non se recualifique esa parcela. Iso é así de claro, non hai que dicir nada máis, que quede como estaba no Plan do 93 e senón, se a hai que recualificar que non se faga cos números que se tiñan cando era o acordo do traslado dos traballadores a Matamá-Valladares porque o que vai pasar é que se van desmantelar os postos de traballos, as empresas, se vai facer unha recualificación urbanística e ó final se van levar os cartos uns cantos. A nós iso parécenos sangrante e non teño nada contra do empresario, pola contra penso que é lícito que tente facer o mellor para a súa empresa, pero o Concello e a administración teñen que facer un control rigoroso desa recualificación.

Coido que quedou perfectamente clara cal era a nosa inquietude, quedou claro sabendo o tema do Morrazo e non o querendo dicir porque hai un sentido da responsabilidade pero é que con isto veñen moitas máis cousas.

Xa lle digo que o Plan Xeral vai ter moito debate no futuro e temas como Guixar, Alfageme, o polígono Matamá-Valladares, o da vivenda protexida e moitos máis que están en marcha irán saíndo. Nós coidamos un fracaso o Plan Xeral tal e como vostedes o concibiron na parte final e demostrarase.

Se vostedes seguen facendo abandono das súas responsabilidades en temas como Guixar, non comprometendo a Zona Franca a que desenvolva ese ámbito, ou en temas como Alfageme deixando a libre elección que os traballadores negocien para o seu traslado fóra de Vigo, ou outros que poden estar en marcha como Beiramar o que teremos será que fixemos unhas recualificacións co obxecto de manter postos de traballo e industrias e o que estamos facendo é manter a recualificación pero desmantelar as industrias e os postos de traballo.

Sr. Mariño, sei perfectamente as negociacións que houbo e algún día con algún

director da Xunta de Galicia veremos o dano que fixo a esta cidade cos atrasos, con eses guindastres que ían estar por toda a cidade. Tiveron paralizado intencionadamente o Plan un par de anos. Ademais vostedes como Partido Socialista non poden dar exemplo absolutamente de nada porque tentaron paralizar o Plan, boicoteárono, falaron das alturas e da edificabilidade e logo o único que lles preocupou foi cambiar do 20 ó 40% a vivenda protexida para que fose inviable o Plan. Iso foi o único que fixeron.

Gustaríame lembrar algún debate deste Pleno con todo o que dixeron do Plan Xeral de Vigo, con todas as barbaridades que dixeron vostedes. A conclusión final é que a decisión que tomaron os vai facer responsables única e exclusivamente da paralización e do desastre urbanístico desta cidade unha vez máis. O alcalde prometeunos guindastres e non están por ningures. Dicía que 6.000 vivendas protexidas e de momento as únicas que hai en marcha son as que asinei eu, mesmo as cen de Barreiro que hoxe vostedes tentan publicitar tamén están asinadas por nós nun acordo coa Federación veciñal e, por certo, teñen un proxecto, unha construción e uns materiais magníficos que poden ser exemplo de vivenda protexida para a cidade de Vigo, só fai falla ir aló e miralo. Ese é o exemplo de dous xeitos de actuar.

Nós pedimos na moción “Instar ó goberno a que realice todas as xestións oportunas co gallo de que se arranxe esta situación” e damos unha opinión a maiores. Non se pode dar unha opinión concreta do que queremos? Queremos que se se recualifica a parcela sexa para beneficio da cidade e que eses cartos retornen para a cidade de Vigo. Eu non teño nada contra o Morrazo, pola contra espero que ese polígono se desenvolva moi ben e que o fagan francamente ben, pero o que me preocupa a min é isto porque houbo un acordo de todos os grupos políticos na Xerencia e houbo unha reunión cos sindicatos.

Non é esta unha cuestión persoal miña porque eu non recibín a ninguén no despacho nin tentei arranxar absolutamente nada a nivel persoal. Foi unha decisión do equipo redactor e un apoio de todos os grupos políticos a través dos sindicatos. A Sra. Méndez que estivo nesa reunión do Consello da Xerencia non me deixará mentir, mesmo os sindicatos nos pararon un día, subiron con nós, tivemos unha xuntanza e tomamos un acordo político da vontade de que esa empresa se trasladase a Matamá-Valladares. Polo tanto non tenten implicar a ninguén porque nesa Xerencia de Urbanismo todos os grupos coincidimos en que había que lle dar unha axuda a esa empresa para tentar salvar os postos de traballo.

Agora non nos din iso, o único que se di na prensa é que esa empresa se vai e de irse ó Morrazo sería un mal menor, o problema sería que se fose outra comarca fóra desta área metropolitana. En calquera caso, como comprenderá vostede, non é igual o traslado da empresa ó Morrazo se os terreos son do propio empresario que trasladala ó polígono Matamá-Valladares porque iso nos vai traer a imposibilidade de que outras empresas se poidan instalar alí porque con esta teoría se van ir todas.

Dende logo que nós actuamos baixo a responsabilidade do que fixemos e do que queremos para esta cidade. Polo tanto que non se ruborice ninguén de abrir o debate. O debate é este Pleno e se alguén non o quere facer aquí sentímolo moito. Nós preferímolo facer aquí coa presenza de todos os corporativos e de todos os medios e non o facer por detrás como se fai nalgúns casos por algúns grupos. Parécenos que a nosa postura é moito máis valente.

Votamos en contra do Plan Xeral porque o coñecemos moi ben e repetimos novamente a día de hoxe que o Plan Xeral tal e como se aprobou vai traer moitas consecuencias negativas para esta cidade. Se non somos quen de tentar garantir as cousas positivas evidentemente que todo irá moito peor. Coido que douscentos postos de traballo na cidade de Vigo son moi importantes.

SR. MARIÑO MENDOZA: Os meus compañeiros dicíanme que vostede ía aproveitar esta moción para nos falar do Plan Xeral e eu dicíalles que non, que seguramente o que lle preocupaba eran os traballadores de Alfageme pero vexo claramente que ó final esta moción non é máis que para nos falar outra volta do Plan Xeral, Plan do que estamos moi orgullosos. O que está claro e o tempo irao dicindo, que vostede di que nos vai desvelando cousas, o que nos vai ir desvelando son os acordos ós que vostedes chegaron e que logo poderán xerar problemas.

Nós si que temos claro o que fixemos no Plan Xeral que foi introducir o 40% de vivenda con algún tipo de protección que, por certo, esas vivendas en Barreiro das que vostede acaba de falar e que vostede asinou, do que estamos encantados, de moita calidade, con moi bos materiais para que a xente teña unha boa calidade de vida; iso é o que queremos para todo Vigo. O que non entendemos é por que está tan orgulloso con esas vivendas con algún tipo de protección e non co 43% de vivenda que ten o Plan. Paréceme increíble o que vostede expón.

Di que “rigoroso na súa inquietude”. A min sorpréndeme porque lle lembro novamente como nos deixaron o ámbito de Alfageme que vostede nin sequera

lembraba; dicía que o remitíramos tal e como o deixaron e iso non é certo. Sr. Figueroa, os documentos están aí e facilitarémolos á prensa ó remataren o Pleno. Pero hai unha cousa que me rechama, que vostede fala de “gran pelotazo”, non sei, ó mellor vostede xa ten datos de como vai quedar Alfageme porque nos di que de se instalar nesta cidade non é un “pelotazo”, de localizarse noutro sitio si o é. O que non entendo é canta edificabilidade lle deron vostedes a maiores para que a empresa quedase aquí. De que estamos falando? Non entendo o que nos está tentando dicir. Dende logo o traslado da empresa é exactamente o mesmo porque se alguén ten terreos en calquera outro Concello será porque os compraría, suponse que pagaría por ese solo.

Polo tanto o Plan Xeral do que fala é de cargas urbanísticas por traslado e vostede o que nos ven dicir aquí é que se non se queda en Matamá-Valladares é un grande “pelotazo”. Está dicindo vostede todo. Está dicindo e díxoo na prensa hai unhas semanas que é un gran “pelotazo” . En primeiro lugar non existe documento no que apareza como vai quedar Alfageme no Plan Xeral, ó mellor vostede o coñece pero seguro que de seren así sabe que non é un grande “pelotazo” porque nós non facemos esas cousas, Sr. Figueroa.

Vostede fala da tramitación na Xunta de Galicia e levan dous anos queixándose de que a vostedes lle paraban todo, que non lles deixaban facer nada. Nós acadamos pechar neste tempo todos eses grandes proxectos que a vostedes lles freaban cos dous gobernos, o da Xunta e o de Madrid, moitos proxectos para esta cidade. Vostede fala de que llos paraban, llos freaban, eu coido que era unha falla de xestión. Cando nós recibimos o documento había moitas cousas que estaban sen corrixir desa Orde da Consellería de Política Territorial.

Cando vostede fala de canto lle preocupan eses traballadores de Alfageme, lémbrolle que o ámbito que lles deixaba alí daba números negativos. Iso é o que a vostede lle preocupaba o ámbito de Alfageme.

Cando vostede nos fala dese acordo cos sindicatos, eu si que podo dicir publicamente que durante todos estes meses me reunín infinidade de veces cos sindicatos de Alfageme e foron conscientes en todo momento do estado de tramitación no que está o seu ámbito porque si é prioritario, non hai problema no dicir, pero se lles informou. Non se negociou con ninguén ningún tipo de posto de traballo porque o urbanismo é o que é e o solo é consolidado se o é e senón non o é. Pero, Sr. Figueroa, vostede estame dando a razón, non o entende así, entende o

urbanismo doutra maneira, enténdeo como un lugar onde se pode chegar a acordos, pero non, a edificabilidade dunha parcela é a que é, non a que vostede e máis eu acordemos. Pódolle asegurar que a de seu é unha maneira moi distinta á nosa de entender o urbanismo.

Sr. Figueroa, o que está claro é que a nós nos preocupan tanto ou máis que a vostedes os traballadores de Alfageme e por iso nos reunimos sempre con eles e apostamos porque os traballadores estivesen informados en todo momento, pero a lei é moi clara e sairá o resultado que sairá da parcela de Alfageme pero ninguén nos vai negar xamais, e senón están aí os sindicatos para o dicir, que estivemos ó seu carón. Non entendo como vostedes que están tan preocupados pola legalidade deste plan urbanístico poden facer unha proposta como a que vostede facía hai un momento que é que se a empresa se queda ten unha clasificación pero se se vai non. Que facemos, Sr. Figueroa? Esperamos a que a empresa decida? Esperamos tres, seis meses a que a empresa nos diga claramente se se vai situar en Vigo ou non. Iso é o que vostede nos está propoñendo.

Si lle podo asegurar que non podemos vincular ó Plan Xeral o acordo e cando queira falamos do ámbito de Casa Mar, de calquera ámbito do Plan Xeral de Vigo, pero iso si, prepáreo primeiro, non nos veña dicir aquí que o deixaron cunha clasificación que non é certa porque mentir nun Pleno é algo grave porque nos deixaron o documento para que nós o estudáramos con outra clasificación. Iso é así, Sr. Figueroa, así foi o seu paso pola Xerencia de Urbanismo.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Mariño, a diferenza entre vostedes e nós é que no asunto de Cordelerías Mar houbo un convenio polo que se lle pagaron sete millóns de euros directamente ós traballadores. Ese convenio está asinado por algún avogado que lles asesora a vostedes. Se quere saquen un día o convenio de Cordelerías Mar que por certo é unha situación tamén semellante, imos ver como resolven vostedes. Ese convenio está escrito, viu a este Pleno e pagóuselles ós traballadores con cartos que non saíron dun plan de urbanismo, saíron das arcas municipais.

Repítolle novamente que no Plan Xeral houbo acordos, como non pode ser doutra maneira, non é que naza a edificabilidade por unha normativa como di vostede, nace por unha serie de acordos por mor de situacións estratéxicas que ten a cidade. Iso é o que hai. Claro que en momentos determinados hai condicionantes políticos, sindicais e por parte dos traballadores á hora de tomar decisións. Que pasou con

Álvarez? O condicionante caeu do ar? Parece mentira, vostede debería saber moito máis urbanismo que eu porque é un profesional, ó final eu non deixo de ser un político e non pretendo pasar desa raia, pero me está demostrando todo o contrario, que está tentando enganar ós cidadáns. Quere que lle dea máis exemplos? Que pasa con Beiramar? Hai numerosos exemplos no Plan Xeral de Vigo.

Sr. Mariño, no equipo redactor do Plan Xeral había xente moi vinculada a outros partidos políticos e o único que nós fixemos no Plan Xeral foi apoiar politicamente un escenario que había. Aí están as persoas que tomaron os acordos do Plan Xeral de Vigo que hoxe son cargos públicos. Eses acordos están aí e coido que están ben feitos. Non veña vostede agora con que o solo é en función dunha normativa, ou dunha norma xa establecida. Non, Sr. Mariño.

A pregunta é, que van facer vostedes agora con Alfageme? Supoño que lle darán unha edificabilidade e clasificarán o solo en base a unha serie de cousas. Vostede mesmo dixo que estaban a falar cos sindicatos. Eu non falei nin negocieei con ningún sindicato, só un día nos esperaron a todos os grupos políticos cunha pancarta na Xerencia de Urbanismo, tivemos unha xuntanza con eles e tomouse un acordo da comisión de seguimento de trasladar o tema ó equipo redactor do Plan Xeral para que chegaran a un acordo con eles. Todo cunha única condición: que se podía estudar o tema urbanisticamente sempre e cando os postos de traballo se mantivesen na cidade de Vigo. Foi esa a única condición política que puxemos todos os grupos políticos. A partir de aí trasladóuselle o tema ó equipo redactor quen con eses condicionantes políticos que eu asumo, e volvo asumir, tomou unha decisión técnica.

Así é como se elabora un documento do Plan Xeral porque, senón como se fan os convenios? Acabamos de debater aquí o tema da ETEA, como se leva a cabo isto? Hai algunha norma que fixe o tema da ETEA? Si, pero vostedes dan once millóns de euros por un lado e dezaioito por outro sen informes urbanísticos, sen cargas urbanísticas. En Guixar tamén sen cargas urbanísticas. Vostede estase contradicindo permanentemente, é increíble o que está dicindo.

Fagan o que queiran. Nós só lles trasladamos unha inquietude política, non temos a responsabilidade de tomar esta decisión, téñena vostedes que foron quen aprobaron o Plan Xeral. Pero o noso posicionamento é que se vostedes non manteñen os postos de traballo na cidade de Vigo estanlle facendo un fraco favor á cidade e están incumprindo unha vontade política de todos os grupos. Se vostedes queren facer o

que fixeron en Casa Mar, entregarlles seis millóns de euros ós traballadores, fágano. Fagan o que coiden axeitado. Nós dende logo temos unha responsabilidade política e ímola manter, por iso “Instamos ó goberno a que realice as xestións oportunas co gallo de que se arranxe a situación de manter os postos de traballo na cidade de Vigo”.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sr. Figueroa, procedemos a rematar o debate e a votar a moción que presenta o Partido Popular que reza: “Instar ó goberno a que realice todas as xestións administrativas oportunas co gallo de que se defina canto antes a situación urbanística da devandita parcela”.

(Están ausentes as Sras. García Míguez e Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila, instando se defina a situación urbanística da parcela "Alfageme", co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

15.- (32).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO O INCREMENTO DE DOTACIÓNS ORZAMENTARIAS PARA O MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DOS CENTROS EDUCATIVOS E AXUDAS ÁS FAMILIAS VIGUESAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de febreiro, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, formula a seguinte moción:

"En varias ocasións no que vai de lexislatura, o Grupo Municipal do Partido Popular se ten feito eco neste Pleno das reclamacións das ANPAS dos colexios da cidade.

Todos estamos de acordo en que neste momento de dificultades económicas para o país é especialmente necesario arbitrar medidas de política social que axuden ás familias. Neste Pleno temos debatido sobre as axudas municipais para comedores escolares, para a adquisición de libros de texto ou para o transporte escolar. Tamén

debateremos amplamente sobre as carencias de mantemento, infraestruturas e equipamentos dos centros.

En ambos casos quedou de relevo a insuficiencia das axudas e dotacións. As discrepancias entre o Concello de Vigo e a Xunta de Galicia sobre as competencias de cada un nestes temas, están sendo o atranco que impide actuar de xeito áxil e eficaz á hora de paliar as necesidades denunciadas pola comunidade educativa en relación a servizos indispensables, que están a dificultar, non só as actividades ou servizos extra-escolares, senón, o que é máis grave, o desenvolvemento normal da actividade académica.

É desalentador observar como na proposta de investimentos que o goberno local de Vigo fixo ao “Fondo estatal de inversión local y fondo especial del estado para la dinamización de la economía y el empleo” (Decreto Lei 9/2008, del 28 de novembro) co obxecto de incrementar o gasto produtivo das administracións locais, non apareza ningunha partida dedicada a Educación.

A proposta deixa ben claras as prioridades do Goberno e non coincide coa que faría o Partido Popular neste momento de crise. Cada día unha comunidade escolar máis, e xa son moitas, denuncia o desinterese da Consellería de Educación e do Concello polos seus problemas. Unímonos a eles nas súas demandas e propoñemos para a súa aprobación:

Que se incrementen as dotacións orzamentarias destinadas ao mantemento das instalacións dos centros educativos e as axudas ás familias para mellorar as condicións de ensino dos escolares vigueses.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 16 de febreiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

A Sra. Larriba Leira procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SRA. LÓPEZ ATRIO: Sra. Larriba, voulle contestar parágrafo a parágrafo para clarear a situación.

Levamos neste goberno sobre un ano e oito meses. Dende que cheguei saben que a miña atención está adicada expresamente a Educación. Sabemos todos que o Concello é o propietario de todos os centros públicos do ensino de infantil e primaria que hai nesta cidade e que ten a responsabilidade legal da súa conservación xeral e mantemento, isto é, cincuenta e oito edificios e espazos exteriores que atenden a un total de dez mil cincocentos rapaces.

Ademais temos a obriga de atender e dotar ós centros cos porteiros vixilantes en todos eles. Este ano chegamos ó 100% dos porteiros vixilantes.

Tamén é responsabilidade do Concello con cargo ós seus orzamentos a subministración eléctrica, o combustible para as calefaccións eléctricas e de gas porque as outras xa as recolle a Consellería, así como o servizo de limpeza. No orzamento municipal de 2008 só nestes apartados os gastos ascenden a cinco millóns de euros. Quedan outros tres millóns para proxectos educativos, axudas de comedor, etc., que explicarei polo miúdo.

Non é que haxa problemas Xunta-Goberno municipal. A Xunta posibilitou a gratuidade dos libros de texto, mellorou a ratio de ordenadores nos centros públicos, pasou dun ordenador por cada doce rapaces a cinco, está poñendo encerados dixitais en todas as aulas e ata o momento hai mil cincocentos, esperamos que haxa máis na vindeira lexislatura, acadouse o 100% de acceso a internet nos centros educativos, tamén se promocionou a aprendizaxe da lingua estranxeira na educación infantil no 98% dos casos. Estou falando só de actividades da Xunta, polas que tamén máis 4.600 rapaces se beneficiaron de bolsas de estudo no estranxeiro para inglés e francés, dobráronse as prazas de educación infantil.

Ademais temos adxudicada a cantidade de cincocentos millóns para reparacións e construcións de novos centros educativos que esperamos que sexan a solución para os problemas que temos en Vigo.

En canto ás infraestruturas e equipamentos dos centros, cousa tan notoria na prensa, direilles que eu encarguei un estudo detallado de todos e cada un dos centros públicos de Vigo. En total están aquí detallados vinte e sete centros, faltan outros tantos por detallar, cousa que estará feita no mes de maio. O estudo destes centros fíxoo un equipo de tres arquitectos, identifica cada un deles, o seu número de alumnos, o estado dos inmobles, fai unha inspección detallada, propón unha valoración económica detallada e ademais fai as observacións e comentarios froito da inspección para este traballo.

Sucedede que nós queremos dúas cousas. Primeiro pensamos no concepto de mantemento preventivo; mediante recoñecemento especializado xeral dos centros planificar os investimentos para reparacións inmediatas e facer os protocolos correspondentes que xa saben vostedes o tempo que leva.

A segunda parte foi este instrumento técnico novo que non había. Isto permite en primeiro lugar ter moi claras todas as necesidades, pero sobre todo non tanto porque non poidan os centros estar en condicións, senón para lle dar unha auténtica calidade.

Queremos igualar as condicións físicas e ambientais dos colexios por enriba e non por embaixo porque hai centros que están en boas condicións, que son máis insistentes ca outros solicitando e así en épocas anteriores atendéronse de xeito máis sistemático. Pero non están todos os centros nas mesmas condicións de atención. Con este plan queremos substituír o sistema actual que funcionaba a base de parcheo, é dicir, alguén pedía, resolvíase algo pero non se estudaban as condicións.

O que queremos é unha calidade moi importante nos centros públicos porque estes centros que vimos levan feitos unha media de trinta ou corenta anos. Isto quere dicir que os vinte primeiros anos puideron pasar sen reparacións, pero os outros vinte xa había que botar man deles dende a Xunta (lembren quen estivo na Xunta durante dezaseis anos) e dende o Concello no que lle correspondese, coma é o mantemento, reparación e todo o que lles dixen de calefacción, limpeza, vixilancia, etc.

Polo tanto vinte anos son moitos sen atender ás auténticas necesidades de reparación que calquera edificio, sexa casa particular ou edificio público, necesita; necesitan carpinterías novas porque as ventás deixan de funcionar; calefaccións porque sobre todo as eléctricas están obsoletas e precisan reparación ou substitución, necesitan unhas cubertas axeitadas xa que tamén se van deteriorando. Pero o que está a suceder dende hai pouco tempo é que os centros educativos non tiñan previstos os comedores escolares, nin o Plan “Madruga”, nin certas estancias para actividades extra-escolares. Agora, para facer posible que os pais e nais traballen danse unha serie de servizos que non estaban considerados, por exemplo moi poucos centros educativos contan cun comedor escolar propio o que precisou que se habilitaran espazos de maneira moi pouco axeitada para que serviran as inmediatas demandas dos pais.

Por iso considero moi importante a reparación, mantemento e substitución nunha primeira fase, pero os grandes investimentos en cubertas, en carpinterías, calefaccións e comedores van nunha segunda fase e o embelecemento do contorno exterior dos edificios con pequenos xardíns, parques infantís e acondicionamento de pistas e pavillóns deportivos nunha terceira fase.

Isto témolo totalmente estudado para acadar que os centros educativos públicos sexan referentes e capaces de asumir as oito ou dez horas que os rapaces permanecen nos centros porque co Plan “Madruga” dende as oito da mañá ata as seis da tarde precisan estar non en boas, senón en estupendas condicións para vivir.

Outra das cousas coas que nos atopamos é con que non hai un mapa escolar e así non podemos traballar porque a xente pide centros educativos pero non hai espazos. Non houbo previsión de espazos para asentir centros educativos. Agora nos atopamos con que en certas zonas da cidade onde si estaban planificados, os espazos educativos dedicáronse a outras cousas co goberno anterior. Agora a ver como facemos os centros. Hai centros que se precisan reconverter porque aumentan e ó seu carón non dispoñemos nin de terreos, nin de espazos onde facer uns novos. Procuraremos estudar a maneira de solucionar o problema pero non pode ser da noite á mañá.

Dende a Concellería de Educación por suposto que imos solicitar achegas económicas, axudas e subvencións, a todas as administracións. Dos proxectos que presentaremos esperamos que participen as Consellerías de Educación e Deportes, os Ministerios correspondentes de Educación e Deportes, as propias Concellerías de Vías e Obras e Parques e Xardíns para poñer os colexios como queremos que sexan, espazos onde os rapaces poidan permanecer tantos anos da súa vida e tantas horas de cada día. Coido que o máis importante é a calidade de vida para os nenos.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Como ben dicía a representante do Partido Popular, estes días saen na prensa as deficiencias detectadas nos numerosos centros educativos que ten Vigo e de feito o tenente de alcalde e eu mesma fomos testemuñas delas polas diferentes visitas que cursamos en varios centros, entre eles o Altamar e tamén O Pombal.

Efectivamente, como ben dicía a compañeira, Sra. López Atrio, hai moitas deficiencias, pero tamén como ela dicía non son deficiencias que veñan de agora. Os centros construíronse hai vinte ou máis anos porque o xoves estivemos na rúa Estrada e dicíanos que ese centro tiña exactamente vinte e oito anos. Iso quere dicir que en todos eses anos practicamente non houbo mantemento como eles mesmos dicían. En todos os centros comprobamos, sobre todo nun deles onde a situación clama ó ceo, como os nenos están metidos en aulas moi pequenas onde non teñen moito espazo e moitos dos seus comedores están metidos en aulas ou espazos sacados do propio espazo educativo.

No seu día foi precisamente unha concelleira nacionalista a que pulou porque en todos os centros educativos desta cidade houbera comedores escolares, pero a incorporación da muller ó traballo e a necesidade de mandar ós nenos ós comedores

fixo que hoxe estes comedores queden absolutamente pequenos e non só iso, senón que nalgúns casos están en espazos inadecuados.

Efectivamente é hora de que se tome conciencia de que nesta cidade fai falla arranxar os espazos educativos. Tamén é hora de que todos e todas pulemos por isto porque isto non é novo, aconteceu cos gobernos do Partido Popular tanto na Xunta de Galicia como neste propio Concello. Xa daquela eu, coma oposición, recibín ás ANPAs que se queixaban exactamente do mesmo. Neste terreo todos debemos pular na mesma dirección.

Por certo que vostede, Sra. Larriba, fai mención ás axudas ás familias para mellorar as condicións de ensino e como iso toca na concellería que eu dirixo agora, téñolle que dicir que efectivamente se están a dar e que ademais se incrementaron considerablemente nos orzamentos deste ano as partidas respecto ás do ano pasado. Puxéronse para axudas de comedor nada máis e nada menos que 60.000 euros a maiores dos que había.

Non só iso senón que ademais, como se fixo o ano pasado, non se permitiu que ningún neno procedente dunha familia que non se podía permitir o luxo de pagar un comedor quedase fóra porque, a maiores do que había no orzamento do ano pasado, implementouse da bolsa de vinculación todo o necesario para que ningún neno que neses momentos necesitase axudas para comedor quedase fóra precisamente por falla de cartos. Este ano implementaremos todo o que sexa necesario para que de novo ningún neno quede fóra dos comedores escolares.

Efectivamente atopámonos co atranco de que nos comedores escolares non hai suficiente espazo, pero eu espero que con todas as administracións colaborando, como ben dicía a concelleira de Educación, acadaremos o que queremos que é que os nosos nenos teñan calidade de vida tamén dentro dos seus colexios.

SRA. LARRIBA LEIRA: Falamos antes de que hai que centrar os debates e entón non sei o por que desas referencias que fixo a responsable de Educación con respecto ós logros na política educativa da Xunta de Galicia destes anos e facía referencia ós libros, ós encerados dixitais, etc. Eu podería entrar a responder cada un destes termos, dicir que os libros non son gratuítos senón que son de préstamo, os encerados dixitais en moitos colexios non se empregan porque non houbo formación para os profesores nese sentido, hai aulas informáticas enteiras con equipos novos que non se empregaron porque non se saben utilizar. Pero non vou seguir por aí

porque é saír do debate que versa sobre as infraestruturas dos colexios da cidade. Falaba vostede tamén dos anos que estivo o goberno do PP na Xunta. Ben, volto centrar o debate, estou referíndome á responsabilidade do Concello nesta materia. No Concello de Vigo durante vinte e oito anos, o Partido Popular tan só gobernou sete e medio. Entón, cando falen vostedes do mantemento que se fixo dende o Concello, coido que as responsabilidades caen bastante máis pola súa banda porque durante moitos máis anos tiveron a responsabilidade e non fixeron nada.

Falaron dos investimentos e agora podemos falar aquí de canto descendeu o investimento que vostede tiña dende o orzamento do ano pasado a este ano. Este ano é cero. Pero non só iso, precisamente por convenios que se fixeron entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP o Concello quedou liberado de certos gastos de mantemento que agora dependen da Xunta de Galicia, como pode ser o gasto de gasóleo ou certos gastos de limpeza, estes pasaron seren responsabilidade da Xunta de Galicia co que hai aí unha cantidade importante de cartos que non reverteron no mantemento dos colexios. No exercizo pasado só pasaron pola Mesa de Contratación dous arranxos de calefacción en dous colexios pero hai moitas obras pendentes que legalmente lle corresponde facer ó Concello que non se fixeron.

Na LOE en termos xerais dise que ten que haber unha concertación nas políticas educativas que as administracións públicas deberán concertar co fin de mellorar a calidade do sistema educativo e garantir a equidade. Tamén dise explicitamente que as corporacións locais e as administracións deben coordinar as súas actividades no ámbito das súas competencias para o facer. Isto é unha especie de limbo e así moitas ANPAs van rebotadas dende a Concellería á Consellería de Educación e semella que ninguén quere facerse cargo se o que están pedindo é unha obra de mantemento ou de infraestrutura. Ese é o tema pero iso está recollido nos convenios que se asinan entre a Xunta de Galicia e a FEGAM onde se di máis ou menos cales son as responsabilidades do Concello tanto no interior como nos exteriores do edificio. Pois nin esas obras que aparecen aí cunha maior claridade se fixeron.

Vostede estame a falar efectivamente dun estudo que ven de desenvolver e que presentaron hai uns días, supoño que probablemente forzados polas circunstancias de tantos colexios que se puxeron en pé de guerra reclamando atención. Efectivamente vostedes presentaron un estudo que afecta a vinte e sete colexios, non é o estudo completo de todos os colexios públicos da cidade. Deses vinte e sete colexios dos que lle presentaron ó IME os proxectos, vostede di que hai unha

especificación clara das obras e da súa contía.

Curiosamente non só é que xa non ten no orzamento aprobado para o vindeiro ano a posibilidade de acometer estas obras, senón que nin sequera no fondo extraordinario que o Estado español deu ás Corporacións locais para o desenvolvemento do emprego e do gasto produtivo, non figura nin un euro para temas educativos. Dos trinta e tres millóns que dependen das Consellerías do PSOE hai cero euros dedicados a obras de mellora nos centros educativos da cidade, van todos os euros para humanizacións.

Rechámame iso sobre todo porque vostedes están a poñer sempre en entredito o compromiso do Partido Popular co ensino público e máis porque ese informe do que fala ten o título de “Aposta polo ensino público e a modernización das instalacións”. Con todo isto, cando van dedicar cartos ás obras? Levan xa máis de ano e medio para facer a metade do estudo; supoño que o dos restantes colexios farase ata o remate da lexislatura. Entón, ata que non rematen ese estudo van quedar pendentes todas as obras de reparación? Ademais é curioso que un dos informes dos técnicos da Consellería, que non son dos técnicos municipais, ó falaren dos problemas dunha das caldeiras dun colexio estean falando de perigo latente de explosión. Iso dise nun informe técnico, non é pois iso prioritario cando ó carón dunha calefacción nesas condicións están comendo non sei cantas quendas de rapaces?

Eu non dubido de que o informe sexa exhaustivo, útil e necesario, pero o que non pode ser é que teñamos que esperar ata o remate da lexislatura que é cando estará completado o estudo para abordar estas obras de infraestrutura. Como sempre digo, penso que o compromiso non pode ser de palabra, ten que ser orzamentario e de momento nos orzamentos non se ve nin un só euro, nin pasou por Mesa de Contratación nin unha soa obra.

Prometéronse dende a Concellería catro novos edificios na cidade para colexios públicos: o Virxe de Rocío, Vicente Risco, Altamar e Caixanova. Nun ano pasou que a Xunta presentou xa proxectos que a vostedes non lles gustan. Canto tempo imos agardar? Isto é unha necesidade prioritaria. Non estamos a falar dunha infraestrutura calquera ou de remodelar unha rúa para que quede máis fermosa, habitable ou humana, estamos falando de necesidades básicas da poboación, hai nenos en catro quendas de comedores, nenos amoreados nunha mesma aula, edificios con goteiras, con problemas de calefacción; todo iso para cando? Esa é a miña pregunta.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Dese fondo estatal de cero euros do que vostede fala hai unha partida aprobada de 370.000 euros adicada integramente ó arranxo da electricidade de todos os colexios públicos. Vanse facer cento once actuacións, está aprobado o presuposto e non sei como aínda non foron á Mesa de Contratación. Supoño que non o viron porque si está aprobado.

A Consellería ten a obriga de reparar os centros públicos e nós dos manter. A Consellería ten a obriga de facer as grandes obras, nós de mantemento, reparación, vixilancia e en todo caso calefacción se non ven por parte da Xunta.

Non imos falar dos programas educativos porque sería algo moi longo, pero si de que nós temos un convenio con FOANPAS cun total no primeiro ano de 216.000 euros e 236.000 euros no segundo ano para axuda a comedores escolares, completando mesmo as bolsas deste Concello para axuda das actividades extra escolares, á parte do que dá a Xunta para comedores escolares. En inglés dende este Concello investíronse o ano pasado 500.000 euros e este ano 400.000 euros.

O Plan Madruga tamén recibe axuda económica dende o Concello para que os colexios estean abertos. Hai un convenio entre a Xunta e o Concello porque senón non poderíamos aceptar eses fondos.

Nos anos 2004, 2005 e 2006, cando gobernaba o Partido Popular, o gasto corrente en mantemento e reparacións ascendeu a 836.000 euros. É certo que vostedes prorrogaron o orzamento pero cando nós entramos no 2007, malia que o orzamento era de seu implementámolo en 102.000 euros, no 2008 en 450.000 euros. Polo tanto en gasto corrente pasamos de 836.000 euros que tiñan vostedes a 1.276.156 euros. En resume, no ano 2007 aumentamos un 12,20% e no 2008 o 36,03% en gasto corrente.

En canto os investimentos teño que dicir que no ano 2004 había cero euros para arranxo de centros educativos, para investir nos colexios. Cero euros no 2005 e 10.267 no ano 2006. Estes foron anos de goberno de vostedes. Nós, á parte dos anteriores 400.000 que lle expliquei, aumentamos 348.159 euros no 2007 e 533.000 no 2008 para investimentos nos centros, á parte das outras cantidades que tiñamos como 370.000 euros para auto xestión e o resto tamén para investimentos.

No ano 2009 temos para investimento 472.000 euros, os 370 pertencen ó fondo estatal e os outros 100.000 á partida de investimentos. Polo tanto os incrementos con respecto ó seu exercizo, no ano 2007 foron do 3.291%, no 2008 de 53%. Coido que a diferenza é considerable. Actuamos en trinta e oito colexios, fixemos

azulexado, pintamos, arranxamos canos, luces e demais, pero por suposto que iso non abonda porque nós queremos o mellor para os nenos.

Este ano fixemos un convenio Xunta-Concello para que o investimento nestes vinte e sete colexios e nos outros vinte e sete que en maio presentarei aquí se poida levar adiante. Nós terémolo disposto. Non imos chegaren ó final do mandato, será a nova lexislatura, sexa quen sexa, quen se terá que facer cargo do investimento que se precisa na cidade de Vigo para poñer os centros educativos como é debido.

Sigo pedindo axudas de todo tipo, dos ministerios e das correspondentes consellerías porque poden e deben participar en arranxar patios, espazos deportivos, pavillóns, etc. Tamén pido, como non, a colaboración neste ámbito da Deputación. Estamos dispostos a recibir toda a axuda posible para que a necesidade de investimento na cidade de Vigo quede cuberta dunha vez por todas, porque é a cidade que ten máis centros educativos e quizais os máis antigos que cómpre mellorar. Non digo que non estean habitables, pero si que precisan dunha mellora sobre toda pola prolongada permanencia dos rapaces na actualidade; antes pasaban cinco ou seis horas nos centros educativos e agora unhas dez horas todos os días. Tamén os comedores son esenciais pero iso é moi caro porque nos centros non hai espazos habilitados para ter medidas hixiénicas, amplitude e cubertas todas as necesidades dos rapaces.

Coido que quedou claro que os investimentos mesmo desta Concellería de Educación son moi superiores xa que comparando vese que houbo 0 euros, 0 euros e 10.267 euros nos tres anos que estiveron. Nós temos 348, 533, 472 máis 370.000 de investimento de autoxestión para os centros. Esta é a situación na que nos atopamos.

Confío poder presentarlles a vostedes, aquí está o expediente se o queren comprobar, os 370.000 euros adicados á electricidade dos centros, ás calefaccións e demais reparacións. A maiores foron o arranxo de dúas calefaccións o ano pasado e trinta e oito actuacións en centros educativos, tanto de pintado, de alumeado, como de preparación dos centros que nos reclamaban unha atención inmediata.

SRA. LARRIBA LEIBA: Pois non debe ser boa a información que temos pero no resume das propostas que fixo o Concello de Vigo para desenvolver accións que ían recibir fondos deste Fondo de Inversión Estatal, é que de verdade que estamos revisando e non vemos nada de nada. Temos os trinta e tres millóns que é o orzamento do plan de humanizacións, que son dependentes dos ámbitos de goberno que están en mans

dos concelleiros do Partido Socialista e logo temos a proposta de investimentos das concellerías do BNG. Non vexo nada, nin un euro investido. Sexa amable dicíndome onde está o que vostede di porque non o vexo. Aquí está supostamente todo o que se aprobou en Xunta de Goberno e unha vez aprobado foi cara Madrid. Está ó completo, por unha banda 33 millóns e por outra 18 millóns. A verdade é que non vexo nada.

Estamos a falar aquí do que é o compromiso do Concello no campo educativo na cidade. Vostede fala dos programas que desenvolveron pero xa entraremos noutro debate no que son as actividades extra escolares, os programas educativos, os programas de inglés, etc., iso dá abondo para outro debate, pero o que si está claro é que con respecto ós anos anteriores, e lembro aquí o de sempre, que nós tivemos o orzamento de investimentos paralizado, pero nese ano incrementamos as axudas para os comedores escolares que estaban en 300.000 euros a 400.000. Iso é o que puidemos facer co orzamento que tiñamos e durante os anos seguintes foi prorrogado.

O goberno popular estivo sete anos e medio no goberno deste Concello, o resto dos vinte e oito anos da democracia a responsabilidade do mantemento deses centros educativos non era do Partido Popular. Non veñan vostedes agora facer contas porque o que está claro é que con respecto ó ano anterior desapareceu a bolsa de colaboración co IME, programas educativos como o de saúde escolar, prevención da violencia nas aulas, escolas de verán (falando de conciliación da vida laboral e familiar), en fin, se entramos no debate dá abondo para outra moción o tema das actividades extra-escolares. Pero aquí centrámonos no compromiso deste Concello cos centros de ensino e ademais estou vendo outro colectivo nesta sala que semella non ter moi claro o compromiso deste goberno local co ensino; ese colectivo seguramente exporá tamén as súas reivindicacións.

Dous ou tres días logo de presentar nós no Rexistro esta moción o día 18, atopámonos na prensa coa nova de que vostedes van trasladar á Xunta de Galicia ou a outras institucións a responsabilidade económica das obras que recolleron nese informe.

Volvo poñer en entredito o compromiso do goberno municipal cos colexios e coa educación da cidade e iso que semella que están moi orgullosos de que Vigo pertenza á Rede de Cidades Educadoras. Coido que precisamente isto é moi mal exemplo.

(Está ausente a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, instando o incremento de dotacións orzamentarias para o mantemento das instalacións dos centros educativos e axudas ás familias viguesas, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Querería facerlles unha lixeira reflexión sobre o tempo do Pleno. Son as 13:00 horas, quédanos seis mocións, no tempo que levamos fixemos unha reducida e catro mocións e iso significa que debemos estar máis ou menos na metade do Pleno. Dado que son as 13:00 horas, se as 14:30 horas o proceso segue con esta velocidade pararemos a sesión e continuaremos pola tarde.

16.- (33).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO O ARRANXO DO CONTORNO DO NOVO CENTRO CULTURAL E PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE VALLADARES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de febreiro, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Comesaña Abalde, formula a seguinte moción:

"Durante o mandato do Partido Popular acometeuse a construción dunha piscina na parroquia de Valladares, no contorno do novo centro cultural e pavillón deportivo.

Ó mesmo tempo, acondicionáronse os seus accesos mediante obras consistentes na ampliación e aplicación de novo firme e capa de rodaxe, así como as acometidas dos servizos urbanísticos. Unicamente quedou pendente de urbanización unha pequena área de espaxamento.

Unha vez inauguradas as obras e transcorrido un longo tempo, segue sen solucionarse este aspecto, que orixina numerosos problemas ós usuarios das instalacións, sobre todo nos días en que se producen choivas, converténdose nun auténtico lameiro.

O Grupo municipal do partido Popular amosa a súa preocupación por este feito polo que propón:

Instar ó Goberno municipal a que realice todas as xestións oportunas a fin de que se arranxe esta situación."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 16 de febreiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

O concelleiro Sr. Comesaña Abalde procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Sr. Comesaña, alégame que todos os problemas que atopa na parroquia de Valladares sexan eses. Vostede lembra que inauguraron aquelas instalacións totalmente inacabadas pola presa que tiñan vostedes xa que estaban preto unhas eleccións. Certo é que os veciños e veciñas de Valladares tiveron que facer unha segunda inauguración unha vez solventadas moitas daquelas carencias que vostedes deixaron.

Ímoslle votar a favor da súa moción porque xa temos previsto o arranxo que propoñen como é o acceso dos materiais pesados que se utilizan no auditorio cando hai teatro e tamén na parte do centro social que non só require unha capa sólida, senón tamén unha canalización.

Voume referir a algunhas cousas que fixemos no Centro social de Valladares e tamén no seu contorno. No ano 2008 investimos en toda a parroquia de Valladares 430.000 euros, isto dá tamén unha medida da preocupación do alcalde e deste goberno municipal de que todos os cidadáns, vivan onde vivan, teñan a mesma oportunidade, é dicir, que sexan cidadáns de primeira. Para o PSOE iso é algo prioritario.

Cando lles falo da cifra de 430.000 euros estoulle a dicir que este goberno municipal do PSOE e do BNG fixemos máis humanizacións neste ano pasado que vostedes nos catro anos que gobernaron.

Dáme polo tanto a oportunidade de reiterar o noso compromiso a todos os veciños e veciñas de Vigo e poder dicir tamén o que estamos a facer en Valladares.

Nesta primeira intervención voume referir unicamente ás actuacións que fixemos no Centro Cultural de Valladares ou no seu contorno.

Fixemos traballos de albanelería, fontanería e instalacións de luminarias. Sabe vostede, Sr. Comesaña, que deixou a entrada sen ningún punto de luz e así tivémolo

que poñer recentemente. Todas estas obras foron por un importe de 3.656 euros. No contorno do Centro Social puxemos un parque infantil que vostedes retiraran e lémbrolles que inauguraron as obras sen repoñer ese parque. O importe para a provisión deste parque infantil foi importante, ascendeu a 20.500 euros, colocouse na alameda de Valladares, no contorno do Centro Social. Nesa mesma alameda axardinamos tamén o noiro, isto custou 2.000 euros.

Queda así reflectida a nosa preocupación e a dos veciños por que se fagan obras e se solucionen os problemas. Aí está o compromiso do goberno municipal

Tamén deixaron aquilo sen conexión a internet e foi este goberno municipal quen tivo que facer esa conexión ademais de dotar, como non pode ser doutro xeito, de ordenadores para que os puideran utilizar os veciños e veciñas de Valladares.

No estupendo contorno do Centro Social de Valladares fixéronse moitas máis actuacións de limpeza e acondicionamento para que os veciños o poidan gozar, non só os de Valladares senón os de todo Vigo.

Reitero o compromiso deste goberno municipal mesmo con investimentos importantes que se farán con cargo á Xunta de Galicia e tamén ó Plan Zapatero. Estas actuacións acometeranse no ano 2009 e entre elas está o acondicionamento deses accesos ós que vostede, Sr. Comesaña, facía referencia.

SR. ALONSO PÉREZ: Nese contorno do que estamos falando está localizada a piscina pública de Valladares na que cando accedemos ó goberno rematamos unha serie de obras que estaban pendentes como foi colocar a caseta do socorrista, as corcheiras de apoio, a subministración para o filtro de auga, a subministración do sistema de control do cloro e, o máis importante, a urbanización do acceso á piscina.

Efectivamente, é preciso rematar a urbanización do contorno entre a piscina e o Centro Cultural e como coidamos que iso é bo para o ámbito deportivo, esta moción vai contar co apoio do BNG.

SR. COMESAÑA ABALDE: Vostede pediu brevidade e eu fixen breve a miña exposición pero o Sr. Rodríguez Díaz quixo sacar un relatorio de todo o que fixo. Eu podería falar do que se fixo en Valladares nos tres anos e medio do goberno anterior. Non vou falar diso.

Di que é moi pouco o que eu reclamo para Valladares pero iso é debido ó que se fixo nos tres anos anteriores. Fíxose un campo de fútbol, un centro social, a piscina,

asfaltáronse trinta e oito camiños, etc.

Sinxelamente quero que se urbanice esa zona. Se o queren facer, como di o concelleiro do BNG, perfecto, se non o queren facer, déixeno.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Sr. Comesaña, non se enfade porque aquí estamos para debater, para analizar e tamén para que os cidadáns coñezan o que estamos a facer. Eu dicíalle que a proba de que este goberno municipal está atendendo Valladares é que vostede atopou pouca cousa que reclamar, pero o certo é que sempre haberá carencias en todos os sitios.

Xa lle dixen que iamos votar a favor desta moción porque dentro das actuacións que temos previstas para o 2009 está ese acondicionamento que nos reclaman os veciños. Eles saben que o imos facer e ben, non faremos só un asfaltado para que quede aquilo aparente e logo xurdan os problemas. Haberá que facer unha boa canalización de augas e quedará unha obra sólida.

De todos os xeitos reitérolle que alí hai dúas placas de inauguración. Semella que o costume do PP é inaugurar con presa aínda que non queden rematadas as cousas.

Insisto nos investimentos do Plan Zapatero, da Xunta de Galicia e deste goberno municipal en todas as parroquias. Temos un marabilloso contorno, Sr. Comesaña, non temos un “cuchitril”, esta é unha extraordinaria cidade da que todos os que vivimos aquí nos sentimos orgullosos, e digo “cuchitril” por algunhas declaracións nos medios de comunicación dalgunha persoa de aquí que agora está ausente.

Eu invito a todos os vigueses e viguesas a gozar dese marabilloso contorno de Valladares porque hoxe atópase para o poder facer.

SR. COMESAÑA ABALDE: Sr. Rodríguez Díaz, eu non considero esta cidade na que nacín e na que vivo como un “cuchitril”, ese será problema de seu. Gustaríame que me dixera vostede, Sr. Rodríguez Díaz, onde están os investimentos do Plan Zapatero en Valladares. Deixaremos a polémica porque temos présa e eu vou seren respectuoso. Pido que votemos a moción.

(Está ausente a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Comesaña Abalde, instando o arranxo do contorno do novo centro cultural e pavillón polideportivo de Valladares, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

17.- (34).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO UN PLAN INMEDIATO PARA A RECUPERACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA PARCELA PRÓXIMA Ó PARQUE DA SEARA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de febreiro, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. González Sagarra, formula a seguinte moción:

"Dende hai tempo orixínanse permanentemente denuncias de veciños e veciñas que diariamente acoden ó contorno da pista deportiva do parque da Seara para gozar do seu tempo de lecer, xogar cos nenos, sacar ós cans ou simplemente a gozar do día, tendo que soportar o estado de deterioro en que se atopa unha parcela-noiro de propiedade particular foco de insalubridade.

A roza e retirada da capa vexetal desta parcela que se fixo hai semanas, descubriu a existencia de todo tipo de lixo que representa un risco medioambiental, ademais de provocar un aspecto deplorable en relación co contorno do parque.

Sendo unha parcela privada, o Concello ten a obriga de esixir ós seus propietarios a súa conservación en bo estado ou arbitrar algunha fórmula de maneira que a citada parcela puidera recuperar un aspecto digno e mesmo rexenerado que foxe acorde co espazo no que se atopa.

Ó seren unha zona próxima a unha pista polideportiva ademais de un parque infantil, ten o risco engadido de que rapaces pequenos se acheguen a este espazo que puidera representar algún tipo de perigo nalgún momento.

Falar do risco de infeccións, pola existencia de ratas e desperdicios de todo tipo, obríganos a esixir ao Concello que tome cartas no asunto e que de maneira inmediata adopte as medidas oportunas para non ter que lamentar consecuencias desagradables.

Entendemos que o Concello pode facer máis do que fixo ata o momento polo benestar dos veciños do parque, atendendo non soamente unha demanda que debería arranxarse de inmediato, senón tamén outras concernentes ás deficiencias detectadas no contorno do parque da seara.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ó Pleno da Corporación do

S.Ordinaria 23.02.09

Concello de Vigo as seguinte proposta:

Instar aos departamentos correspondentes para xestionar de forma inmediata un plan integral de recuperación e acondicionamento da parcela próxima a pista polideportiva e do parque da Seara no seu conxunto, para que non constitúa un foco de insalubridade e para que ós veciños e veciñas da zona poidan gozar en condicións adecuadas."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 16 de febreiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Hoxe presentamos unha moción relativa á zona deportiva, á zona verde do parque da Seara. Nos últimos tempos vemos unha vez máis como os veciños reclamaron, logo de se facer unha limpeza nunha parcela en particular que todos coñecemos e que os medios de comunicación non dubidaron en chamar "vertedoiro ilegal" e pensamos que sen ningunha dúbida é necesario atender ás demandas dos veciños desa zona que mesmo pode ser un foco de insalubridade e polo tanto provocar riscos non só para as persoas, senón tamén para os animais como son os cans, gatos, etc., como declaran os veciños.

Pensamos que se deben atender e ter consideración esas demandas, dar unha resposta moito máis razoable que a que se deu dende o goberno. Non nos cabe dúbida de que se deben ter en conta tamén todas as deficiencias que hai na zona verde, nas pistas de atletismo e de baloncesto e no parque infantil. Detectamos deficiencias que saíron publicadas nos medios de comunicación relativas á mesma rúa da Seara na que hai unhas fochas impropias. Coidamos que hai que ter en conta esas demandas dos veciños e solucionarlas.

Polo tanto imos instar ó goberno a xestionar de xeito inmediato un plan integral de recuperación e acondicionamento non só desa parcela da que estamos a falar, que os medios de comunicación denominaron como "vertedoiro ilegal", próxima á pista deportiva e ó parque da Seara, senón que sexa un plan integral no seu conxunto para que a parcela non sexa un foco de insalubridade e, sen querer provocar alarma social, que sexa un perigo para as persoas e para os animais.

SRA. LAGO REY: Ímonos cinguir ó que pon a moción. Podemos falar do que vostede queira pero sempre referíndonos ás mocións.

A primeira denuncia que chegou a este Concello dende que está o goberno socialista foi hai un ano e dende ese primeiro momento atendeuse esta reivindicación e

abriuse un expediente. Dende entón seguíronse os prazos que marca a lei en canto á sanidade.

Incoouse o expediente o 7-12-2007 a quen figuraba como titular do terreo situado entre a rúa López Mora e o parque da Seara a raíz dun informe do inspector de Sanidade que se fixo o 30-11-207 por se atopar o terreo con arboreda e maleza de tamaño alto. Intentada a notificación a quen figura no Catastro de Facenda do Estado como propietario do terreo por correo certificado e logo de dous intentos, o servizo de Correos devolveu a carta. Posteriormente tentouse a notificación a través de notificador municipal sen o acadar. Consonte co artigo 59.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas, practicouse a notificación a través do BOP saíndo publicada o xoves 27 de marzo de 2008 na páxina 50.

Posteriormente recibíuse no negociado de Sanidade un escrito da viúva do propietario do terreo e procedeuse a ditar unha nova resolución que se fixo o 10/04/2008 solicitando á herdeira a limpeza do terreo. A interesada, con domicilio en Madrid, presentou varios escritos o 12/06/2008 e o 05/08/2008 alegando que tiña problemas de carácter técnico e xurídico para realizar a limpeza. Notificouse á interesada o 24/07/2008 informe clarexando as dúbidas presentadas nos anteriores escritos, informe que paso a ler: “O parque da Seara é de uso público e pode pasar polo mesmo coa maquinaria e elementos necesarios sempre que non danen a propiedade municipal. Non se autoriza o paso a ningún vehículo polo parque da Seara, se quere proceder ó peche, cousa que non se lle pide, terá que transportar os materiais por outros medios que non danen a propiedade pública”.

Transcorrido o prazo concedido para proceder á limpeza da finca, o inspector municipal informa que non se realizaron os traballos de limpeza polo que se impón, mediante resolución do 26/11/2008, a multa coercitiva que marca a lei de 300 €, á interesada, sendo esta notificada o 19/12/2008. Contra a anterior resolución a interesada presentou tres escritos a través do Rexistro Xeral alegando que procedeu á limpeza do terreo deixándoo no seu estado natural, é dicir, sen maleza, queixándose de lanzamento de bolsas de lixo, depósito de neumáticos e colchóns.

Mediante resolución de 02/01/2009 desestímase o recurso sobre a base de que para a administración a propietaria da finca é a responsable da limpeza do terreo, sendo notificada a interesada o 16/01/2009. Na resolución concédeselle un prazo de 30 días naturais para rematar as tarefas de limpeza do terreo, prazo que rematou o martes pasado, o día 17 da pasada semana.

Con data 17 de febreiro o inspector de Sanidade comproba que cortaron e retiraron a maleza dos terreos denunciados pero sobre os terreos se aprecia lixo estendido como plástico, papel, envases diversos, metais, aluminio, ferro, rodas, troncos de árbores cortadas sobre o terreo e colchóns. Transcorrido o prazo concedido para realizar a limpeza e a raíz do anterior informe, este departamento de Sanidade propón poñer unha multa coercitiva incrementada nun 100%, é dicir, de 600 €. O 20 de febreiro rematan os prazos legais.

Entre hoxe e mañá entrarán as brigadas de limpeza co permiso da señora que houbo que localizar. Ademais nos imos reunir cos veciños para lles lembrar que dende que se modificou a Ordenanza de Medio Ambiente (cousa que vostedes non fixeron) a multa por arroxar lixo na rúa é de 750€.

Penso que Sanidade e Medio Ambiente fixeron todo o que tiñan que facer legalmente e seguindo os prazos.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Penso que non entendeu ou non leu a moción. Di que nos cingamos á moción, pois voulle ler a que instamos ó goberno. Léollo palabra por palabra: “Instar ós departamentos correspondentes para xestionar de forma inmediata un plan integral de recuperación e acondicionamento da parcela próxima á pista polideportiva e do parque da Seara no seu conxunto para que non constituía un foco de insalubridade e para que os veciños e veciñas da zona o poidan gozar en condicións axeitadas”.

Agora imos facer a cronoloxía segundo os medios de comunicación, porque vostede leu aquí algo semellante a un libro.

O 28/12/2008 os veciños da Seara denuncian a existencia dun vertedoiro ilegal xunto ó parque porque un mes antes, é dicir, en novembro de 2008 empeorou a situación cando se rozou o terreo, ese terreo do que vostede fala e no que quixo centrar a moción aínda que non é só iso. Dende entón pasaron catro meses para que vostedes tomaran cartas no asunto.

Non se enfade pero esperamos catro meses, saíu nos medios de comunicación en ocasións porque logo o 14/01 a zona é nomeada como unha “esterqueira onde hai de todo, ata ratas como coellos”. Venme á memoria aquela moción que presentei instando a un plan de desratización e demais e nese debate vostede dicía que tiña controlados eses roedores e que ía acabar con eles. Pero tampouco imos polemizar nese asunto porque esas cousas quedan por escrito, Sra. Lago.

En todo caso o 05/02 sae denominada a zona noutro medio de comunicación como un vertedoiro en pleno centro: “A Seara reúne metros de vertedoiro incontrolado fronte un parque infantil e unha rúa imposible para o tráfico e ata os propietarios de cans quéixanse por tremor ó posible envelenamento dos seus animais”.

Consideramos que eran suficientes estas novas durante catro meses nos medios de comunicación para que vostedes tomaran cartas no asunto e non o fixeron. Estes titulares non os invento eu, están aquí e doullos se os quere.

Se os veciños coidan que hai perigo de envelenamento para os seus animais, fíxese para as persoas nunha zona coma esta onde hai un parque infantil e que como ven na moción e se non se decatalla podo ler as veces que vostede queira, o que pedimos é un plan integral.

Voulle explicar as deficiencias que nós detectamos. Non é unha crítica especial pero vin nos medios de comunicación como o Sr. Alcalde prometía en numerosas ocasións, cando os veciños lle reclamaban un parque infantil, que o ía poñer exactamente onde eles o solicitaran, xa nos decatamos de que iso é absolutamente falso porque vimos como noutras zonas da cidade os veciños lle solicitaron un parque infantil e negouse.

A PRESIDENCIA: Sr. González Sagarra, atéñase á cuestión porque senón, entre outras cousas, lle terei que dicir que fixemos vinte e dous parques e máis cousas, pero non quero.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Dígao, non teño ningún tremor a que vostede diga iso ou o que queira. Xa sabemos o que vai dicindo polas parroquias, polos barrios e tamén polas comunidades de Vigo porque ocorreu na miña comunidade propia e noutras. Vai enganando ós cidadáns desa maneira.

Neste caso é moito máis sinxelo porque non reclamamos ningún parque novo, aí hai un parque pero ten deficiencias nas randeeiras. Isto ven na moción, Sra. Díaz, non se enfade, lea a moción, por favor. Non me estou a referir a nada que non estea incluído na moción.

Sinxelamente reclamamos que arranxen unha randeeira que segundo me dixeron os veciños hai unha semana os veciños está estragada dende hai un ano. En canto ás papeleiras para os excrementos dos cans, hai unha concretamente nesa zona onde fallan as bolsas dende hai varios meses e esa é outra cousa que nos reclaman os veciños e tamén vai incluído na moción. Iso é absolutamente lamentable porque a

Sra. Concelleira referiuse hai poucas datas a esas solicitudes dos veciños nas que reclaman que os “sanecans” se arranxen os que están danados ou se poñan máis.

A Sra. Concelleira tivo a desvergoña, porque me parece unha falla de respecto cara ós veciños, de lles dicir que esa non é ningunha prioridade do goberno. Ou sexa que cando un “sanecan” estrágase ou queda fóra de circulación pasa que hai que dicir “adeus sanecan”, cando se rematan as bolsas hai que dicir “adeus bolsas”. Esas son declaracións literais, porque as teño aquí, de seu, Sra. Díaz e voullas ler.

A PRESIDENCIA: Sr. Concelleiro, se fai alusións á Sra. Díaz esta vaille contestar.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Leo: “A información facilitada neste caso por CONTENUR era totalmente exacta e confirmouse pouco despois pola propia concelleira de Limpeza”. Non digo eu isto, senón que estou lendo un recorte dun medio de comunicación. “A socialista recoñeceu que neste asunto “non é unha das nosas prioridades ó contrario do que ocorre coa recollida selectiva”. Vouno ler completo para que non dea lugar a engano, non vou recortar, nin manipular ningunha declaración.

Cando menos parécenos impropio que se lle dea esa resposta ós cidadáns e que non se lles teña en conta as reclamacións que fan.

Pero habería que se preguntar tamén como, cando e onde actuou a eco patrulla, aquilo que nós reclamamos hai un pouco máis dun ano neste mesmo Pleno. Reclamei maior colaboración entre Medio Ambiente e a Policía Local e seis meses despois vostedes crearon esa eco patrulla. Parécenos ben pero nos preguntamos onde está, como actuou e que fixo e non unha lectura dun informe que parece un libro.

Pero é que teño as fotografías. Aquí está a foto da randeeira que falla, son cosas moi sinxelas. Por certo, tamén hai outra cousa que reclamamos e é que hai dúas fontes de auga potable e non funciona ningunha das dúas. Pero seguro que vostede non o sabe, Sra. Lago, porque o departamento de Medio Ambiente está desaparecido dende hai cinco meses, aínda que máis ben habería que dicir que dende hai un ano e medio, case dous anos xa.

A outra cuestión importante é o tema da esterqueira. Pedimos e solicitamos un plan integral de desinfección e desratización tamén na zona porque o reclaman os cidadáns e ademais iso nos parece lóxico e razoable. Non pretendemos nin queremos polemizar nesta cuestión, sinxelamente queremos que se atendan as súas demandas

como merecen.

Tamén nos reclaman papeleiras para a zona porque é verdade que hai algunhas pero non as suficientes e, Sra. Díaz, perdón polas alusións unha vez máis á concelleira de Parques e Xardíns, pero si a apoio niso, xa que di que son prioridade as illas de reciclaxe poña algunha máis porque os cidadáns tamén as reclaman. Iso á parte doutra cuestión importante que reclaman os mesmos cidadáns e que é sinxelamente que a zona da rúa da Seara a arranxen porque está chea de fochas, de buratos e dende logo os veciños tamén merecen unha resposta nese sentido porque están reclamando que sinxelamente se lles asfalte en condicións a rúa, pero foi outra concelleira a que lles dixo que sinxelamente ían parchear a rúa, remíteos a Urbanismo e dilles que iso queda pendente do desenvolvemento da zona. Entón agora resulta que está en función do desenvolvemento do Plan Xeral.

Non me vou meter nese tema pero é outro erro máis porque, onde están eses 52 millóns do Plan Zapatero que non dan nin para asfaltar unha rúa? Eu case me deixo alí as rodas nas ocasións que pasei por alí.

A PRESIDENCIA: O Sr. González Sagarra métese con todos e por iso lle teñen que contestar todos. Convén que se centre nun.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Só me estou referindo ó que pedimos nesta moción, aínda non fixen alusión a ningunha outra cousa, sinxelamente a un plan integral que é o que solicitamos e ademais o lin literalmente.

Noutro recorte de prensa dise: "Transitar pola rúa Seara, sobre todo no seu tramo final, é imposible. Tanto os vehículos como os viandantes, ademais das persoas que pasan con carros de cativos, teñen que sortear decote as inmensas fochas que ameazan as rodas e o bo estado dos coches. Pero a Concellería de Vías e Obras non pode executar unha actuación de mellora da armazón viaria en toda regra como as que xa están en marcha en outros puntos da cidade porque "é cousa de Urbanismo". Segundo xustificou a responsable de Vías e Obras a renovación da vía está supeditada ó desenvolvemento último do ámbito PERI A SEARA". Dicirlles que está supeditado a que dentro de dez, quince ou vinte anos se desenvolva ese PERI é enganar e mentirlles ós cidadáns e non o imos tolerar. Polo menos poderían dar unha resposta algo diferente, pódese dicir outra cousa pero dicir iso é o colmo, parécenos canto menos inapropiado e dígoo sen acritude.

A PRESIDENCIA: Sr. González Sagarra, vaia rematando por favor.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Solicitamos polo tanto que se solucionen todos eses problemas: parque infantil, papeleiras, "Sanecán", plan de limpeza e desinfección e asfaltado correcto desa rúa porque sobre todo, aínda que a rúa é longa, fundamentalmente o que hai que asfaltar é so un pequeno tramo porque hai zonas cunhas fochas espectaculares.

Solicitamos iso e fíxense que non me saín para nada da moción.

SRA. LAGO REY: Medio Ambiente non estivo desaparecido ano e medio, estívoo durante tres anos e medio mentres gobernaban vostedes cando daquela o Sr. Figueroa dicía que levaba a Concellería de Medio Ambiente. Xa pode ir buscando algunha forma do xustificar pero coido que non a vai atopar.

En canto ó da Seara, vostedes poderán entrar nunha finca privada saltándose a lei, pero dende logo eu non o vou facer nin vou dar ordes para iso.

Cumpriuse estritamente toda a legalidade e o expediente abriuse no 2007, cando entrou no departamento de Sanidade a primeira denuncia. Para min non fai falla chegar a que a prensa o saque, abonda con que chegue unha denuncia para que se tramite o expediente e a partir de aí se seguiron todas as pautas legais ata que se remataron o martes pasado. Nese momento puidemos entrar co consentimento da señora porque repito que é unha finca privada á que nós non podemos entrar de calquera xeito.

Penso que iso debe abondar. En troques de queixarse debería felicitar porque antes de que saíra na prensa xa se estaba corrixindo.

Non sei canto investiu o seu goberno no parque da Seara, ou no polideportivo, ou no saneamento que se está metendo neste momento na rúa da Seara porque coido que foi cero. Pero para lle contestar ó que dixo vostede sobre as declaracións da concelleira de Parques e Xardíns, voulle ler un listado de obras en parques infantís: "Parques infantís 2008. Remodelados e ampliados: Antigo Cuartel de Barreiro, ano 2007; Camilo José Cela, ano 2007; Emigrante, inclúe vía saudable; Urbanización Zapateira, xogos múltiples; Becerreira; Grupo San Pablo; Avenida Monte da Mina. Ampliados: A Miñoa, rúa Mondariz. Creados novamente: Rivera Atienza, alameda de Valladares na Asociación de Veciños, Monte forestal O Cepudo en Valladares. Cunha

área de vía saudable: A praia do Vao, Pablo Iglesias, Maruja Mallo, Areal, Sampaio. En fase de proxecto de próxima execución: Nó de Isaac Peral, A Herrería, Caeiro-Cabral".
Xa pode sacar a lista dos que fixeron vostedes.

En canto ó Fondo Estatal de Investimento Local, voulle relatar en que se investiron polo menos 34 millóns de euros do investimento "Plan Zapatero": na rúa Zamora, Barcelona, Zaragoza, Valencia, Illas Baleares, Illas Canarias, Faustino Álvarez, Sevilla; todo isto foi no contorno de Povisa. En Urzáiz: a última fase do Calvario cara Gran Vía.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Sr. Alcalde, ela non se centra na moción.

A PRESIDENCIA: Sr. González Sagarra, vostede falou do "Plan Zapatero", dese "Plan Zapatero" que lle están lendo. Preguntou vostede onde están os investimentos do "Plan Zapatero" e llas están lendo.

SRA. LAGO REY: En Venezuela, Simón Bolívar. O contorno de Teis está na terceira fase. No contorno do Calvario: Jesús Fernández, Portela, Badajoz, Antela Conde, Andalucía, Palencia, Sagunto, Toledo. No contorno de Castrelos: avenida de Balaídos, Val Miñor, Alcalde Portanet na segunda e na terceira fase. No contorno de Coia: Marín, A Estrada, Baiona, Redondela. No contorno da Praza da Industria: Torrecedeira, Tomás Alonso...

A PRESIDENCIA: Sra. Lago, pódoo deixar xa, aínda que quede bastante porque quedan todas as parroquias de Vigo.

SRA. LAGO REY: En canto ós "Sanecáns" é a primeira vez que se fan partes a diario, que se limpan diariamente e se vixian. Se nalgún non hai bolsas se reporán, pero non me parece un tema tan grave.

Vostede que ten a tendencia de distraer e dispersarse na moción ó final o que lle ten que quedar claro é que dende a Concellería de Sanidade, moito antes de que aparecera este tema na prensa, cando apareceu a primeira denuncia se incoou expediente e ata agora o único que se fixo foi seguir todas as pautas que manda a lei. O que a vostede lle parece un libro é todo o traballo que fixo a Concellería de Sanidade ata que rematou. Por iso non diga que non se fixo nada porque si que se

fixo todo o que legalmente se podía. Non se pode entrar nunha finca privada de calquera xeito. Vostedes poderían pero nós non. Éntrase hoxe con consentimento da dona e mañá para rematar a limpeza e ademais temos que quedar cos veciños para lles lembrar que non se pode botar lixo polas fiestras ou deixalo acumulado, coa modificación a ordenanza conta nestes momentos cunhas sancións de 750 euros, non 15.000 pesetas como poñían vostedes, porque si que é grave e por iso coidamos que a cantidade ten que ser parella co nivel da gravidade.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Polo que vexo non ten coñecemento, Sra. Lago, de que nós tamén votamos a favor cando se trouxo a Pleno a suba de multas por este tipo de infraccións, por verter lixo e por facer vertidos incontrolados. Alguén deberíalle informar porque como lle dicía antes vostede leva desaparecida moito pero si sabe facer unha cousa, Sra. Lago, e é axenciar contratos “a dedo”, iso si que o sabe facer vostede, fíxoo perfectamente, quedou demostrado aquí, niso si é vostede unha experta, é o único útil que fixo o ano pasado por algún dos seus amigos. Polo demais, as sete pragas do Apocalipse porque podemos falar ata dos mosquitos aparecidos na zona dos bombeiros en Balaídos e de outras moitas cousas.

Pode falar vostede do Plan Xeral ou dos parques pero xa sabemos das mentiras cando vostedes van cara ás parroquias prometerlles unha cousa en campaña e un mes e medio despois volven a esa mesma parroquia para lles dicir que non poden executar esa promesa. Iso si, teñen que buscar un culpable e dá a casualidade que cando non atopan un culpable sempre lle botan a culpa ó Partido Popular, vostedes nunca teñen a responsabilidade de nada. Pero ó final esas mentiras van quedar ó descuberto.

É unha mentira máis cando lles din ós cidadáns que se vai arranxar esa rúa, que se vai asfaltar só e exclusivamente cando se poña en marcha o PERI desa zona. Iso é unha auténtica desvergoña pola súa banda e dende logo non o imos consentir.

Sra. Lago, sabemos que hai uns trámites que cumprir, seino perfectamente porque sei como funcionan os inspectores de Sanidade, pero vostedes os puido acelerar ó igual que a reunión da Comisión de Ruídos que leva dous anos, aínda que hai ano e medio dixo que non estaba constituída de pleno dereito e aínda segue sen se reunir e a reclaman os propios veciños.

A PRESIDENCIA: Sr. González Sagarra, a Comisión de Ruídos non ten nada que ver co

parque da Seara.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Non teñen vergoña, é a pasividade absoluta. Se queren un vertedoiro fagan un nada máis porque este vertedoiro non é da Seara, é o que dixemos que se estaba formando na zona de Navia hai tan só un mes. Este é outro vertedoiro máis.

Claro que sabemos por que non queren actuar, porque o conselleiro de Medio Ambiente prefire ir facer a churrascada a un ático ilegal que incumpre a Lei de costas, iso é o que pasa e por iso lles dá igual que se forme un vertedoiro.

A PRESIDENCIA: Sr. González Sagarra, comprenderá vostede que acaba de abrir un debate e que podemos estar aquí indefinidamente porque o Sr. Conselleiro de Medio Ambiente, que saibamos, non ten nada que ver co parque da Seara.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Co parque da Seara non, pero co outro vertedoiro ilegal que hai en Vigo que é o de Navia, que se verteron alí toneladas de estrumes si.

A PRESIDENCIA: Sr. González Sagarra, o vertedoiro de Navia tampouco ten que ver co da Seara, que saibamos.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Por iso digo que se faga un só para todos eses estrumes. Sen dúbida que non é a mellor das solucións e ademais eu non a apoiarei nunca, pero se poderían levar eses estrumes a outro sitio, á mesma esterqueira que fixeron en Navia con centos de toneladas de estrumes, de cemento, etc. Se estou mentindo chamen ó Seprona onde tamén ten moito que ver a Sra. Táboas e comproben que o que digo é verdade, non teño ningún tremor.

A PRESIDENCIA: En todo caso quérolle lembrar que tiña tres minutos e leva unha intervención de seis.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Sinxelamente gustaríanos que apoiaran estas reclamacións dos veciños porque teñen razón, porque merecen que se lles dea unha resposta axeitada, que se lles atenda. Vostedes vaian cara alí e compróbeno.

SRA. LAGO REY: Pola alusión que fixo á contratación do socorrismo.

Os que fan contratos a dedo e están investigados son vostedes, eu non porque se fixo consonte a Lei e nunca, en todos os anos que leva este goberno mantendo o socorrismo estivo mellor atendido. Lémbrolle que mentres gobernaban vostedes as reclamacións dos usuarios das praias eran a centos e este ano non houbo ningunha. Non se pase de listo porque a próxima vez que me acuse diso denúncioo no xulgado.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Os xulgados están abertos as vinte e catro horas do día, Sra. Lago, e vostede pode ir cando queira.

(Están ausentes o Sr. Alonso Pérez e a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. González Sagarra, instando un plan integral de recuperación e acondicionamento da parcela próxima á pista polideportiva e do parque da Seara, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

18.- (35).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO A CONVOCATORIA URGENTE DA XUNTA LOCAL DE SEGURIDADE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de febreiro, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Coello Bufill, formula a seguinte moción:

"A seguridade é un ben principal na percepción da calidade de vida e na convivencia dos cidadáns.

Vigo, debido o seu movemento portuario e industrial ou á proximidade fronteiriza a Portugal, fai que os índices de delincuencia sexan máis elevados que noutras cidades.

Debido a esta situación e na procura de mellorar a calidade de vida dos vigueses, dende o Goberno do Partido Popular incrementamos o cadro de persoal da Policía

Local en 26 efectivos, favorecendo deste xeito a seguridade e axuda ós cidadáns e acadando unha diminución da delincuencia e delitos menores.

Pero esta actuación non foi a única, creamos a policía de distrito, a policía máis próxima ós cidadáns, que este Goberno retirou das rúas da cidade.

Debido a esta retirada, os problemas de vandalismo en Vigo agrávanse nas parroquias, posto que a maior parte dos vehículos patrulla están no casco urbano.

Nestes intres, a Policía Local e Nacional na cidade atópanse desbordadas polo crecemento da delincuencia e a falta de axentes para dar resposta.

Necesítase urxentemente, incrementar o número de efectivos policiais, ademais de reforzar a coordinación e colaboración entre os corpos locais e nacionais. O vandalismo afecta seriamente á convivencia cidadá e a Policía Nacional debe, claramente, participar na súa solución.

Por todo isto o Grupo Municipal do Partido Popular propón ó Pleno da Corporación do Concello de Vigo o seguinte:

Convocar de xeito urxente á Xunta Local de Seguridade para reforzar a coordinación entre os efectivos da Policía Local e Nacional e dar resposta ó crecemento da delincuencia que se está experimentando en Vigo”.

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do 16 de febreiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. COELLO BUFILL: Todos sabemos que a seguridade é un ben principal en calquera comunidade e democracia na que afortunadamente estamos inmersos os países de Europa.

Saben vostedes que Vigo afortunadamente está nunha situación xeo-estratéxica importante, somos poboación transfronteiriza co norte de Portugal, temos unha comunidade entre O Porto e Vigo de máis de cinco millóns de habitantes que pivotan sobre o norte de Portugal e sobre esta cidade, que a maiores é unha cidade portuaria e industrial. Todo isto trae como consecuencia que veñan persoas que se benefician a costa de deteriorar a nosa convivencia cidadá. Lembro dos meus anos mozos unha cita de Aristóteles que dicía que a policía é un ben esencial que teñen os gobernantes ó servizo dos cidadáns, e non creo que Aristóteles sexa sospeitoso de nada. Dende aquela pasaron moitos anos pero a seguridade segue sendo moi importante no noso día a día.

No escaso pero frutífero tempo no que estivemos no goberno, entre outras cousas, puidemos pular dende o punto de vista presupostario a creación de vinte e seis

prazas de novos axentes da Policía Local que hoxe afortunadamente están patrullando a nosa cidade a prol desa seguridade.

Así mesmo é importante dicir que as patrullas de a pé, de proximidade ou de distrito, como as queiran chamar vostedes, significaron un achegamento dos cidadáns a unha presenza policial. Isto non o digo eu senón que nun diario do país vasco había unhas declaracións do xefe de Policía de Nova York que dicía textualmente: “As patrullas en coche non se ven, hai que volver á patrulla a pé”, para que o cidadán lle poida transmitir as súas preocupacións e creouse pois aquela policía de distrito que polas razóns que fose hoxe en día está desaparecida do contorno da nosa cidade.

Cando apareceu aquel barco en Urzáiz lembro que o Sr. Calviño me dixo que aquilo era un tema puntual; si, pero por exemplo na Praza de España que é un centro neurálxico, como tamén a Praza das Travesa, son centros que pivotan toda a actividade do tráfico na nosa cidade; por alí eu pasei e paso moitas veces e si había axentes.

Co transcorrer do tempo vemos que se incrementou o vandalismo na cidade e que houbo un aumento da delincuencia. Penso que hai que estar moi atento a iso.

Sei que hai unha colaboración entre a Policía Nacional e a Policía Local, cónstame porque ademais nós pulamos tamén varias mesas que quedaron establecidas dende entón, pero me gustaría que a palabra reforzar, así como ven expresamente na moción, tivera fiel reflexo no que estou expoñendo eu a viva voz.

Por conseguinte a moción di: “Por todo isto o Grupo municipal do Partido Popular propón ó Pleno da Corporación do Concello de Vigo o seguinte: Convocar de xeito urxente á Xunta Local de Seguridade para reforzar a coordinación entre os efectivos da Policía Local e Nacional e dar resposta ó aumento da delincuencia que se está experimentando en Vigo.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Neste caso farei a excepción de facer unha intervención punto por punto sobre a exposición de motivos do Sr. Coello porque coido que pode ser interesante e ilustrativo facer unha intervención con referencia punto a punto ó que vostede presenta.

Empeza dicindo que Vigo cun movemento portuario e industrial e a proximidade fronteiriza con Portugal fai que os índices de delincuencia sexan máis elevados que noutras cidades.

O tópico da cidade industrial, portuaria, etc., sabe vostede perfectamente que é

falso. O seu compañeiro de Corporación, Sr. Martiño, xa tivo a afortunada oportunidade de pedir en troques de dúas comisarías de Policía, tres, nun determinado intre, poñendo como exemplo cidades como Granada e Córdoba para mellorar os servizos dos cidadáns e a partir diso fixo unha disertación case semellante sobre a falla de seguridade, etc., aínda que xa direi algo sobre iso.

É certo que iso aconteceu o ano pasado pero tiven a oportunidade de aclararlle que nas estatísticas do Ministerio dos trinta e tres municipios maiores de 150.000 habitantes Vigo ocupa o vinte e sete lugar na taxa de delitos. Trátase de delitos por mil habitantes, isto quere dicir que estamos case nos últimos lugares porque o resto das cidades eran as pequenas agás a excepción de Valladolid. Se incluimos as faltas ademais dos delitos, é dicir a taxa de criminalidade como entenden os que levan temas de seguridade, Vigo ocupa o lugar número trinta. Nestas dúas taxas a cidade de Granada, que o seu compañeiro poñía como exemplo, ocupaba o primeiro lugar en número de delitos e o segundo en número de delitos máis faltas. Moi boa puntería.

Está moi claro polo tanto que Vigo é unha cidade segura porque as cifras que saquei daquela se manteñen. A tendencia é absolutamente a mesma. Por todo iso lles aconsello que deixen os tópicos, as lendas negras e pasen a recoñecer unha realidade: Vigo é unha cidade segura, comfortable, amable e protexida, que ten unha boa calidade de vida pola que seguiremos loitando.

En canto ó segundo apartado da súa moción, en decembro de 2003 ou xaneiro de 2004, se vostede quere, o número de policía era de 349. En xullo de 2007, cando tomamos posesión, o número de policía era de 349, iso malia que en efecto vostedes nunha determinada oferta de emprego, que por certo tardaron moito tempo en realizar, pois malia eses vinte e seis novos policía o número de efectivos que vostede nos deixou era exactamente o mesmo que cando tomou posesión.

É certo que posteriormente fixemos unha oferta de emprego e unha oposición en outubro e incrementouse o cadro de persoal con vinte e seis novos policía máis. Por desgracia os policía se xubilan, van desaparecendo da RPT e en febreiro deste ano, é dicir agora, non temos os vinte e seis de mais senón que temos só uns poucos, exactamente hai 357 efectivos. É dicir, o incremento do número de policía en todo caso é cousa deste goberno e conste que en absoluto estamos satisfeitos porque vostede sabe que o noso compromiso é de cen policía netos no período de mandato. Xa verá como o ven os seus ollos.

Fala despois na moción de que crearon a policía de distrito que este goberno retirou

das rúas da cidade.

Primeiro aclararei que este goberno non retirou ningunha policía de proximidade nin de barrio das rúas, en todo caso o que fixo foi retirar o adorno de paralizar a actuación de doce policíaas na antiga Alcaldía da Sra. Porro.

Por certo, paréceme lamentable a falla de respecto a este Pleno da Corporación dunha persoa que encabezou as listas para a Alcaldía, como ven sendo habitual porque case nunca temos a honra de gozar da súa presenza no Pleno e o lamentable é que parece ser que está de campaña electoral. Gran respecto a este Pleno da Corporación.

Dicía que o único que retiramos foi o uso de doce policíaas para manter aquel despacho que poderíamos chamar “dos millóns”, etc., pero non me quero afastar do tema que é o fundamental.

Logo di que se agravan os problemas nas parroquias, pregunta onde está a policía nas parroquias. Eu xa lle digo claramente que, á parte de que as parroquias vai calquera policía, as patrullas de seguridade, motoristas ou o que faga falla como vostede debe saber tamén, os que están no día a día son a patrulla que antes se chamaba rural e agora medio ambiental que, por certo, estivo a facer grandes cousas polo medio ambiente en Vigo e xa teremos a oportunidade do comentar e de ilustrar ó señor da Corporación que nos precedeu intervindo con moi mal gusto, por certo. A verdade é que a patrulla medio ambiental está aí permanentemente.

Logo di que a Policía Nacional e a Local da cidade se atopan desbordadas polo incremento da delincuencia e a falla de axentes. Isto está absolutamente lonxe da realidade, é totalmente falso. Seguro que logo poñerá vostede a loa do gran papel que fan os policíaas, os axentes, a Policía Local que está aquí presente; seguro que fará iso, pero os está insultando pola porta de atrás porque é falso, non están desbordados. En efecto son un número escaso pero están facendo un gran papel e nada máis lonxe da realidade que o que vostede di dese suposto desbordamento.

Remata logo facendo unha loa a reforzar a coordinación e colaboración entre os corpos locais e nacionais, di que o vandalismo afecta seriamente á convivencia cidadá. Sobre isto último direille que imos dispoñer pronto dunha nova ordenanza de convivencia cidadá que será un instrumento moi útil para loitar tamén contra o vandalismo, pero o que me asombra é que fale de reforzar unha colaboración e coordinación que é extraordinaria entre a Policía Nacional e a Local.

Na Xunta Local de Seguridade temos fixado como obrigatorio ter unha reunión

mensual, cousa que se está facendo todos os meses cunha coordinación total. Non só iso senón que se instalou na sede central da Policía Local un equipo de comunicación coa Comisaría precisamente para que en tempo real se poida transmitir todo o que está a facer a Policía Nacional nas patrullas de rúa. É dicir, é algo que non ten nin pés nin cabeza de principio a fin.

Remata pedindo a convocatoria urxente da Xunta Local de Seguridade para reforzar unha coordinación que é case imposible reforzar máis.

O goberno anterior durante tres anos e medio tivo cinco xuntanzas da Xunta Local de Seguridade e este goberno nun ano e medio xa tivo seis e precisamente unha para tratar especificamente a seguridade deste municipio, atacando ademais a problemática concreta na zona de Candeán e Cabral porque xa sabemos que cando hai varios delitos seguidos se crea unha alarma que hai que abordar e mesmo tamén na práctica como en efecto se fixo e se parou aquel pequeno aumento nesas zonas como algo absolutamente fundamental.

Pódolle asegurar que hai un esforzo especial por parte da Policía Nacional e da Local para abordar e rematar cos pequenos ou grandes delitos que está a haber nos garaxes da Doblada e en determinados sitios da cidade. Pódolle asegurar que ese é o camiño porque están permanentemente en contacto e coordinados.

Outro compañeiro podería facer unha moción deste tipo, pero non o esperaría nunca dun compañeiro da Corporación que tivo responsabilidades en temas de seguridade e sabe que todo o que supoña crear alarmismo, sobre todo cando é fundamentalmente falso, é enormemente negativo precisamente para esa seguridade.

SR. COELLO BUFILL: O Sr. Calviño sempre remata igual. Voulle dicir algo do que probablemente todos os seus compañeiros menos vostede se decataron: eu xamais fago unha alusión a un compañeiro que estea presente ou ausente. Vostede fixo unha alusión á ex-alcaldesa falando do seu pouco espírito democrático. Evidentemente, Sr. Calviño, vostede non lle ten que dar ningunha lección nin a este grupo nin a ex-alcaldesa nese sentido e máxime cando está ela ausente.

En segundo lugar falou do mal gusto dun compañeiro que interveu con anterioridade. Sr. Calviño, o mal gusto interprétao un coma quere. Está aí o Presidente que dirixe os debates e eu non lle escoitei a el que tivera mal gusto. Eu pódomo queixar por exemplo dun señor que non está aí pero que dixo “o mundo en cores, coño”. Esa

frase non me gustou e escoiteina por activa e por pasiva, pero hai que se ater a unhas regras do xogo, Sr. Calviño, e vostede decote non o fai.

Cando eu falo dunha cidade portuaria, industrial, que ten na súa área máis de cincocentos mil habitantes e que no eixe norte de Portugal e de Galicia hai máis de cinco millóns de habitantes é porque me estou a referir a feitos que saltan á prensa. Vostede ten desafortunadas intervencións.

Nos xornais sae a seguinte nova: "Atopan varada nunha praia de Nigrán unha enorme planeadora que ía cargar droga preto das Azores". Fala dunha lanzadeira varada de 2.100 cabalos, a maior lanzadeira intervida ata agora en Galicia.

Sr. Calviño, ou vostede vive no "país das marabillas", ou a vostede gústalle poñerse medallas. Eu sei por algunhas persoas próximas que vostede di que é o mellor concelleiro. Evidentemente que se vostede se pon as medallas eu non estou disposto a axudalo.

Ademais, polo que di vostede semella que vive noutra cidade porque nos xornais sae a seguinte nova o día 2 de febreiro: "As policía nacional e local, desbordadas polo aumento da delincuencia e a falla de axentes". Leo un pouco deste artigo: "Unha patrulla da Policía Local circula por unha rúa calquera de Vigo, ó lonxe escóitase unha sirena e os dous axentes do 092 que van no vehículo policial se poñen en alerta, non saben que pasa. En décimas de segundo un coche do corpo nacional pasa ó seu carón como unha exhalación e coas luces acendidas. Os axentes locais non o dubidan, ninguén lles deu a voz de alerta pero se engaden á cola da patrulla do 091. Non saben onde van e nin sequera a magnitude do suceso ó que se dirixen. Polo camiño se engaden máis sirenas que van sen rumbo fixo. Cando chegan ó lugar dos feitos sobran a maioría dos coches patrulla. Alí se dan cita sen o querer Policía Nacional, Policía Local, Garda Civil, Protección Civil..., situación que se repite na cidade por falla de comunicación dos diferentes corpos de seguridade". Non o digo eu. En consecuencia semella que falamos de cousas distintas.

"A delincuencia aumenta en Galicia e sacude con forza chalés e empresas de Vigo e todo o seu contorno". "Veciños da Doblada toman precaucións para evitaren máis roubos en garaxes e vivendas". "Asaltan unha entidade bancaria en Bembrive e toman como reféns ós seus propios empregados". Esta nova é do 13 de febreiro. "Un home que foi detido en sesenta e catro ocasións é apresado logo de roubar en Navia. Sorprendérono en Teixugueira cando tentaba levar varios rolos de cable". "Empresas e particulares instalaron 1.400 alarmas o último ano ó aumentaren os roubos".

“Alarma polos furtos en Príncipe”, ata nunha xestoría. “Os roubos con intimidación en Vigo aumentaron un 40% en xaneiro”. “Veciños de Candeán montan patrullas nocturnas para evitaren roubos”. Venme á memoria o Sr. Berlusconi. “Unha ondada de intentos de roubo pon en garda ás empresas do novo barrio de Navia”. “Un grupo amordazou ó empresario Salvador Fernández en Pontearreas e outro desvalixou o chalé do Sr. Soto”. “Empresarios da área de Vigo saían para buscar maquinaria roubada en Portugal”. “O Alcalde alerta ós veciños de Candeán do perigo de organizar patrullas”. “O forte aumento dos delitos máis graves eleva a criminalidade un 2,8%”. “Detida en Vigo unha banda que roubaba en vivendas e vehículos de alta gama”. “A Policía Nacional e a Garda Civil manteñen un cerco na busca dos atracadores da comarca”. “Dous estranxeiros son detidos cada día por delincuencia ou estancia irregular”. “A policía reforza a vixilancia nas áreas comerciais para evitaren roubos”. “Cerca de trinta mil resolucións xudiciais quedaron sen executar na provincia no 2007”.

Sr. Calviño, esta é a cidade onde nos toca vivir, cidade que eu amo profundamente. Díxenlle ó principio da miña intervención e vólvoo repetir e non é por pedantería, que Aristóteles dicía que a policía e o maior ben esencial que ten un político ó servizo dos cidadáns. Sr. Calviño, o que eu propoño é reforzar a seguridade.

Sei que houbo seis comisións de seguridade, pero unha se dedicou a falar da “Patrulla Águila”.

Por outra banda, Sr. Calviño, nós deixamos vinteseis policíaas mais que estaban na Academia Galega de Seguridade cando vostedes entraron. Xa estaban seleccionados e estaban na Academia. Xa sabe que este é un período de formación complicado porque eles son os garantes da orde pública.

Tamén lle lembro que se creou con poucos axentes unha patrulla de praias que dá uns resultados magníficos e segue funcionando. Iso foi logro deste grupo de goberno que agora está na oposición.

Axudamos ademais á Policía Nacional, á xudicatura, ó delegado e ó subdelegado do goberno e ó Ministerio de Xustiza mesmo cando xa non estabamos no goberno de Madrid. Creouse tamén unha unidade especial para axudar ás mulleres maltratadas que vostede xa coñece.

Todo iso fixémolo cos poucos números e efectivos que tiñamos porque coidabamos que era de xustiza, porque nolo pediu o goberno, porque as forzas e corpos de seguridade teñen que traballar en función das prioridades e iso era absolutamente

prioritario. En troques de cinco como empezamos, ogallá tiveramos quince policía para traballar nesa lacra social que ogallá se erradique definitivamente duns malos usos e costumes que ten unha sociedade machista. Pero espero que iso se acade coa educación e coa axuda de seu, porque vostede agora ten moito que dicir, Sr. Calviño. Evidentemente que eu estou na oposición e aínda que un vixilante do XER lle dixo a un amigo que eu xa non pintaba nada, eu estou aquí para controlar ó goberno. Evidentemente que non teño responsabilidades de goberno, pero estou para controlar, para que se melloren as forzas que temos que non son moitas, ogallá fosen máis. Cantas crearon vostedes neste tempo? Xa levan case dous anos e non se enxerga que creasen nin unha soa praza máis. Imaxine vostede se non tivésemos creado as vinte e seis.

Di que había policía na rúa do Areal, pois eu síntome moi honrado porque non era só o edificio, alí estaba a primeira autoridade institucional da cidade que nese momento era a Sra. Porro, pero podía tratarse do Sr. Caballero e evidentemente que hai que dar protección á primeira autoridade. Ou é que non lle deron protección o outro día ó Sr. Zapatero cando viu? E danlla ó alcalde que tamén ten escolta. Sr. Calviño, son cousas de auténtico sentido común. Cre que os políticos, o alcalde da cidade pode saír a peito descuberto? Isto non é Suecia.

Eu lembro que na miña xuventude me impresionou bastante o asasinato de Olof Palme en Estocolmo. Olof Palme ía ó cine sen escolta porque alí hai outros comportamentos. Ogallá a xeración dos meus dous netos teña eses usos e costumes que teñen eses países nórdicos, pero aínda así mataron un primeiro ministro dunha nación con moitos anos de democracia e iso foi porque ía totalmente a peito descuberto.

Evidentemente que a delincuencia está aí para facer dano e vostede sábeo. Lin todos estes recortes de prensa porque a delincuencia se aproveita pero nós temos que seren máis sagaces, máis eficaces que todos eles, evidentemente temos que saber máis que os delinquentes e a vostede lle incumbe pasar esa información á Policía Nacional, ó Subdelegado do Goberno e ó Comisario da Policía a través dos seus mandos superiores. Iso débese facer vostede porque é a súa obriga.

Sr. Calviño, sabe que cando saímos de aquí eu non teño ningún problema con vostede. Defendo os meus criterios porque os teño profundamente enraizados e respecto moito a todas e cada unha das persoas que se sentan no seu lado, mesmo teño dende hai moitos anos amigos persoais no seu banco.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: A verdade é que si que tería que coincidir con vostede en que non é bo facer críticas dos ausentes, pero cando o tema que se pon enriba da mesa é precisamente a ausencia é bastante complexo e difícil facelo. Digo isto pola ausencia case permanente da persoa que se presentou para alcaldesa nunhas eleccións, sería bo que mesmo se vira nas actas deste Pleno da Corporación. É difícil facelo e ademais que se pode valorar o tempo que está.

Cando falo da retirada de policía refírome máis ó edificio que á escolta persoal que obviamente é imprescindible que a teñan autoridades cun determinado grao de representación. Estamos a falar do edificio no que ela decidiu illarse nun determinado intre, polo que se viu.

Pero o importante do tema é que somos representantes políticos e temos que ter responsabilidade. Eu podería traer aquí o expediente dos delitos dos anos nos que vostedes ou outros estiveron, é moi fácil porque crónicas de sucesos hai todos os días nos xornais pero, que temos que facer os responsables políticos? Utilizar eses temas coma se fósemos unha televisión amarela, alguén que excita o alarmismo cidadá ou poñer as cousas no seu punto e facer caso das estatísticas, do que di a realidade? Porque para iso están os policía e os que fan os estudos sobre o número de delitos, faltas, etc. Iso é o que temos que valorar os cidadáns. En calquera situación pódense recoller ese tipo de novas que vostede me leu dos periódicos, á marxe de que algunha non se refería ó Concello de Vigo, pero o problema é que semella que vostedes só viven dos titulares dos xornais porque os sacan en todos os puntos e mocións. Iso non é facer política responsable.

Respecto ó número de policía o que eu lle dixen foi que cando entraron vostedes no anterior goberno había 349 policía; que no mes de febreiro tiveron un importante reforzo dese número de policía, unhas oposicións de vinte e nove prazas e que os novos axentes se incorporaron no mes de febreiro, é dicir, ós dous meses de que vostedes gobernarán. Foron unhas prazas que viñan do anterior goberno formado polo BNG e Partido Socialista. É dicir, vostedes tiveron vinte e nove policía máis. Eu estou dándolle os datos obxectivos. Cando entramos nós, en xullo, había exactamente o mesmo número: 349 policía, porque repito que os policía como é lóxico se xubilan.

Só posteriormente, en febreiro dese mesmo ano, incrementouse o número cos vinte e seis da Oferta de Emprego que fixeron vostedes do ano 2005 e por certo, logo

dunhas oposicións que levamos a cabo durante este goberno e vostede sábeo ben. Pois ben, teño que dicir que xa estamos de novo con que evidentemente son necesarios máis policía e non lle volvo insistir nese tema.

Pero o máis lamentable deste asunto do que estamos a falar e ademais referido ó texto concreto da súa moción, o tema da policía desbordada, cando lle escoito ler o ese texto que case semellaba unha película cómica, o das sirenas que uns coches seguiron ós outros, etc.; iso foi un labor exemplar da Policía Local deste Concello cunha persecución ata os concellos de Moaña e Cangas que sen embargo apareceu absolutamente deformada e vostede faise eco desa información que obviamente non responde á realidade. En que cabeza cabe que se hai unha patrulla da Policía Local e ve un coche con sirena vaia seguir ese coche? Iso é absolutamente ridículo e vostede estase facendo eco desa absoluta barbaridade e dígoo diante dalgún policía que está aquí e mesmo do presidente do Comité que ó mellor non lle gustará algo do que vou dicir.

Cando lean os xornais saiban tamén de onde veñen as informacións. Os sindicalistas dan unhas informacións, unhas novas, están loitando por unha serie de melloras e vostede ten a experiencia suficiente como para sacar determinadas conclusións dalgunha información que esaxera o tema ata o punto de dicir que están desbordados, porque se le ese xornal que fala de desbordados na Policía Nacional debería saber ler un pouco entre liñas.

Por suposto, teña vostede a completa seguridade de que reuniremos a Xunta Local de Seguridade e reforzaremos a coordinación sempre que faga falla, o número de reunións está aí claro e seguiremos traballando nese tema, pero obviamente nesta cuestión que está claro que non responde a unha necesidade de actuar nestes intres, direille que imos votar en contra da moción presentada.

SR. COELLO BUFILL: Eu lin entre comiñas algunha información pero, Sr. Calviño, eu non me dirixiría nunca a un presidente dun Comité estando nun Pleno cando este señor está aí como policía. Non o entendo. Vostede dirixiuse a el coloquialmente e é coma se eu me dirixo ó público, ó periodista, Sr. Fuentes, que está aí. Coido que hai unhas regras do xogo, están aí as cámaras, esta a policía para garantir a orde e nada máis, pero que se dedique vostede a aludir ó presidente do Comité que está como policía e non pode intervir paréceme insólito. Fágao vostede na Mesa de Negociación que onde se ten que dirixir a el.

Volve vostede co tema da ex-alcaldesa. D^a Corina Porro asiste sempre e o que si que xa me parece de mal gusto é que vostede insista nesa situación. Que conste en acta. Vostede goberna. O Sr. Alcalde criticou a escolta da ex alcaldesa; el ten protección policial e paréceme ben, evidentemente, como non a vai ter? Iso é de sentido común. Logo di que non me faga eco dos medios de comunicación, entón é que os medios de comunicación menten? Os medios de comunicación son un cuarto poder, ou é que non se lembra do Sr. Nixon? Se eu trouxen todos estes recortes de prensa foi para testemuñar a realidade da rúa porque coido que os medios non a inventan. Vostede debería sacar o título de xornalista porque se os medios menten teríamos que contrastar a súa opinión.

Nós deixamos vinte e seis policía máis cun só orzamento ó que vostede, coido que por casualidade, abstivéronse e gracias a iso temos vinte e seis policía máis. Pero xa nos veremos as caras dentro de dous anos e veremos cantos policía haberá.

Moitas gracias e perdoen a miña destemperanza.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias, Sr. Coello. En todo caso e dada a seriedade do tema débolle dicir que nunca xamais critiquei a escolta da Sra. Porro cando era alcaldesa, xamais. Falamos da maior ou menor oportunidade de trasladar a un edificio unha alcaldía e o que iso podía implicar en persoal fixo.

En torno á escolta si que fixen algunha cousa máis que lle direi en privado a vostede.

(Están ausentes as Sras. Méndez Piñeiro e Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Coello Bufill, instando a convocatoria urxente da Xunta Local de Seguridade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

19.- (36).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOLICITANDO A POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA NOCTURNO PARA A XUVENTUDE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de febreiro, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Posse, formula a seguinte moción:

"Hai xa varios meses que a concellería de xuventude pechou o plan de noites vivas polo que a xuventude desta cidade quedou sen actividades nocturnas.

Este plan levaba tempo implantado na cidade polo que a xuventude tiña una alternativa que tiña moi boa acollida; esta alternativa agora non existe polo que os mozos e mozas quedaron sen actividades de lecer polas noites.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Que poña en marcha un programa de lecer nocturno para a xuventude da cidade".

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 16 de febreiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

A concelleira do Grupo Popular, Sr. Muñoz Posse, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SRA. VELOSO RIOS: Quérolle agradecer ó Grupo popular que presente esta moción gabando un programa da Concellería de Xuventude que se puxo en marcha polo daquela concelleiro de Xuventude, D. Santiago Domínguez, e informar que estamos traballando para elaborar un novo programa que se adecúe ás necesidades actuais. Estamos pechando o programa dunhas xornadas para debater e analizar os resultados deste tipo de programas na nosa cidade e noutras e elaborar un programa acaído que responda ás demandas da xuventude, polo tanto imos votar a favor desta moción.

SRA. MUÑOZ POSSE: Paréceme moi ben que se vaian facer unhas novas xornadas para debater novos programas para as noites dirixidos á mocidade, pero entre tantas xornadas para debater a mocidade leva un ano sen actividades de lecer nocturnas.

Pódese facer todo paralelamente. Pódese seguir co programa “Noites Vivas” e ó mesmo tempo facer unhas xornadas para debater outros programas. Non fai falla pechar as dúas cousas.

SRA. VELOSO RÍOS: Agradezo a suxestión e tomamos nota na Concellería, tanto as técnicas coma min, para poder facelo do mellor xeito posible. Gracias.

(Está ausente a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Muñoz Posse, instando a posta en marcha dun programa de lecer nocturno para a xuventude, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

20.- (37).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOLICITANDO SE INSTE Á XUNTA DE GALICIA DOTAR DOS RECURSOS NECESARIOS Ó PUNTO DE ENCONTRO EN VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de febreiro, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Míguez, formula a seguinte moción:

"No punto de encontro familiar atopamos un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias, en situación de crise e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

O mes de abril do ano 2008 presentouse unha moción solicitando melloras nas instalación do punto de encontro de Vigo “Aloumiño”, así coma máis recursos económicos para que a súa apertura fose de todos os días á semana. Moción rexeitada polo BNG e PSOE.

Unha vez máis nos vemos coa obriga de solicitar melloras nas condicións deste centro. A situación a día de hoxe empeorou, hai falla de seguridade, deficiencias nas partidas presupostarias que o financian, na situación laboral dos traballadores,

saturación e falla de seguridade, e a total ausencia de coordinación institucionalizada do PEF con órganos xudiciais, forzas de seguridade, os GOF...

Na Convención dos Dereitos do Neno establécese no artigo 9, que os dereitos dos nenos e nenas separados dun dos proxenitores, teñen dereito a manter o contacto cos dous. Fagamos que sexa con calidade e nunhas condicións axeitadas.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular insta ao Goberno Local para:

Instar á Xunta de Galicia a dotar dos recursos necesarios e de calidade tanto en infraestruturas como en persoal ó punto de encontro de Vigo."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 16 de febreiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Os puntos de encontro son lugares onde os pais e os fillos que non conviven poden levar a cabo as visitas nun ambiente neutral, relaxado e confidencial baixo a supervisión de persoal especializado. O mes de abril do ano 2008 presentouse unha moción solicitando melloras nas instalacións do punto de encontro "Aloumiño" e máis recursos económicos para que a apertura fose para todos os días da semana.

Por todo isto nós instamos á Xunta de Galicia a dotar dos recursos necesarios e de calidade, tanto en infraestruturas como en persoal, ó punto de encontro de Vigo.

SRA. VELOSO RÍOS: É certo que se presentou unha moción xa en abril do ano 2008 sobre este mesmo tema e no seu momento, tamén pola falla de tempo para debater as mocións porque se prolongaran excesivamente os debates, nin se chegou a debater. Sinxelamente foron unha serie de mocións que se leron e sen debate se votaron. Semella que está un pouco gafada e que desta volta tampouco temos moito tempo para a debater, pero coido que podemos chegar a un acordo sen maior problema. Concordamos totalmente coa necesidade de contar cun recurso coma este cos medios necesarios e de calidade. De feito dende a Xunta de Galicia incrementáronse considerablemente os orzamentos nos últimos anos para atender ós puntos de encontro tanto de Pontevedra como de Vigo. Cando digo considerablemente é que por exemplo no ano 2003 había 75.000 euros para os dous puntos de encontro e no 2008 foron 130.000 euros para os dous puntos de encontro. Ademais tamén se conta con persoal acaído e profesional para este tipo de servizos. Actualmente hai unha

educadora social, unha traballadora social e dúas psicólogas e ademais hai tres psicólogas de apoio traballando no punto de encontro familiar de Vigo.

Aínda así enténdese tamén dende a Xunta de Galicia que é preciso garantir mellores recursos aínda para un servizo como é o do punto de encontro e decidiuse regulamentar mediante un decreto o funcionamento destes servizos. Este mes de xaneiro aprobouse no Consello da Xunta e publicouse o Decreto 9/2009, do 15 de xaneiro, polo que se regulamentan os puntos de encontro familiares en Galicia o que implica que teña que haber unha serie de persoal e recursos necesarios e obrigatorios para poder cumprir coa lei no funcionamento dos puntos de encontro.

Todo isto supón que ademais sairán a concurso de acordo co novo decreto logo do mes de agosto, que é cando remata o contrato de concesión para o punto de encontro de Vigo. Ademais en Vigo se contará cun novo punto de encontro na urbanización Rivera-Atienza. Rematou xa a súa construción a finais deste pasado ano, está equipándose e vai saír a concurso para o seu funcionamento a partir deste ano.

Estamos polo tanto de acordo coa moción porque entendemos que cómpre dotar dos recursos necesarios a estes servizos, pero ó mesmo tempo si que é certo que xa se están facendo cousas.

Quizais o único que nos gustaría é que no acordo: “Instar á Xunta de Galicia a dotar dos recursos necesarios e de calidade, tanto de infraestruturas como en persoal, ó punto de encontro” e tendo en conta que xa imos contar con infraestruturas novas, con novo orzamento e cun decreto que vai mellorar os recursos, sinxelamente nos gustaría que constase como “Instar á Xunta de Galicia a mellorar a dotación dos recursos necesarios e de calidade tanto de infraestruturas como en persoal o punto de encontro”. Esta é a proposta que facemos para aprobar esta moción.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Sorpréndeme que comente que xa se están facendo cousas porque por parte da secretaria xeral de Igualdade, D^a Carme Adán, temos o compromiso de crear pola Xunta de Galicia antes do remate do 2006 un novo punto de encontro familiar para aliviar a saturación do actual. Antes do remate do ano 2006 xa tiñamos que contar con este novo punto de encontro pero a realidade é que a día de hoxe non temos absolutamente nada novo.

Non aprobar a anterior moción presentada no mes de abril por non haber tempo para a debater paréceme fóra de lugar porque se agora a proposta é de aprobala, iso

debeuse facer daquela cando as carencias a todos os niveis eran exactamente as mesmas.

Tamén falou do persoal. A min non me consta que no punto de encontro familiar haxa tres psicólogas de apoio, pola contra hai sinxelamente cinco profesionais traballando alí nunha situación lamentable; unha persoa vai un día a semana, concretamente os luns, para facer limpeza e mesmo o resto do persoal ten que limpar eles mesmos o centro. Coido que a situación é de moita carencia.

O 15 de febreiro entrará en vigor o decreto do que falou. Levan catro anos gobernando e apróbase o decreto agora, a principios do ano 2009, cando as queixas eran xa notables dende o 2006 e ademais logo se foron incrementando.

Nos xornais dise: "A Xunta investirá 200.000 euros no punto de encontro. A iniciativa de oficio permite ó Valedor afondar nas carencias. Desprazouse ós sete centros de Galicia. Hai saturación e imposibilidade de realizar un traballo mediador para normalizar as relacións de parella dos pais, a descoordinación, necesidade de mellorar os recursos e a seguridade. Hai inexistencia de normativa (acábase de aprobar agora logo de catro anos). Hai deficiente funcionamento do servizo o que impide que os pais poidan levar ós seus fillos e poidan estaren atendidos como debe ser".

Hai lista de espera agora mesmo dende o ano 2007 polo que dende esa data hai fillos que están recibindo unha situación familiar moi complicada porque non poden estar cos seus pais.

Non só se detecta carencia nas infraestruturas, senón que tamén falla a seguridade porque tampouco conta con vixilante de seguridade e alí estanse a suceder os conflitos decote.

Quero que reflexione sobre este tema porque me parece importante que se fagan as cousas e non que se fale de falsas promesas de que se vai facer pero isto realmente nunca chega.

SRA. VELOSO RIOS: Agora quedei coa dúbida sobre se aceptaba ou non a proposta. En todo caso lembrar que o punto de encontro funciona dende o ano 2000 e dende aquela cambiaron moitas cousas. Daquela os puntos de encontro de Pontevedra e Vigo contaban cun orzamento de 39.000 euros e no ano 2008 contaron con 138.000 euros. Coido que algo si que cambiaron as cousas.

O Decreto tampouco se fixo nin no ano 2000, nin no 2001, nin no 2003; publicouse

agora no ano 2009. Efectivamente poderíase facer antes pero está feito, que non se diga que porque se podía ter publicado antes é como se non existise, si que existe. Como tamén existe un novo local rematado e preparado para o punto de encontro de Vigo en Rivera-Atienza.

Algo si se fixo, agora ben, se se entende que está todo exactamente igual preguntáronos onde se están metendo os cartos que están dedicados presupostariamente, pero non creo que sexa o caso porque esas cousas ademais tamén se ven.

É verdade que os puntos son lugares onde se dan situacións moi conflitivas, desgraciadamente é así. A situación das familias que teñen que acudir a puntos de encontro son sempre moi difíciles e sempre vai haber situacións moi complicadas e conflitos. Do que se trata é de traballar para que a xente que ten que recorrer a este servizo o poida facer do mellor xeito posible. Iso é o que se está a facer e por iso se vai seguir dotando dos recursos necesarios e de calidade tanto ó punto de encontro xa existente, como ó punto de encontro que existirá e que se vai sacar a concurso xunto con todos os demais na segunda metade deste ano. Nesa liña seguirase traballando.

Por todo o anterior non vou facer batalla por unha palabra e sigo ademais anunciando que imos votar a favor.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Eu estiven persoalmente no novo punto de encontro que se vai crear. Evidentemente si que están as obras rematadas pero ese local nin sequera ten a titularidade, concedeulla a Xunta de Galicia a unha asociación que aínda non conveu coa Xunta de Galicia o traspaso co que ese futuro punto de encontro atópase nunha situación agora mesmo totalmente irregular porque en realidade a cesión tena outra asociación por quince anos. Só pasaron cinco anos co que se esa asociación quere que se adique ós seus fins o punto de encontro familiar de Vigo desaparecería. Iso é así e sei moi ben do que falo.

Ademais de todo iso dende o ano 2000, cando se creou o punto de encontro e foi a ex conselleira D^a Manuela López Besteiro quen creou este recurso, hai un incremento do presuposto. Evidentemente, pero no que hai un notable incremento é no número de casos. Antes, cando se creou este servizo, non había tal colapso coma hai actualmente. O que si sabemos é que dende o ano 2004 o incremento é tan mínimo que seguen co mesmo persoal que cando nós deixamos a Xunta de Galicia. Polo

tanto ese incremento do orzamento non se ve reflectido para que eses usuarios poidan facer un uso axeitado ás súas circunstancias.

Sobre todo o que máis nos sorprende é que cando no 2005 tomou posesión D^a Carme Adán, fixo unha visita ó centro e dende ese momento non o volven pisar para nada malia todo o atranco, todo o que sae nos xornais porque houbo situacións moi conflitivas. Non se dignou a achegarse ó punto de encontro familiar por veren a situación real dese centro.

Polo tanto coido que estamos falando de carencias a todos os niveis e mesmo desinterese por toda esta situación.

(Está ausente a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. García Míguez, solicitando se inste á Xunta de Galicia a dotar dos recursos necesarios ó punto de encontro en Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

21.- (38).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO A ELABORACIÓN DUN PLAN INTEGRAL DA MULLER.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de febreiro, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Molares Pérez, formula a seguinte moción:

"O vindeiro 8 de marzo celebraremos o Día Internacional da Muller, unha data para a reflexión e maila reivindicación dunha verdadeira igualdade.

Se o século XX foi o da revolución das mulleres, o XXI será necesariamente o século das mulleres, aínda que nos queda moito camiño por percorrer neste obxectivo: pasar dos dereitos aos feitos.

A pesar de que as mulleres españolas rematan os seus estudos con mellores notas que os homes, á hora da súa integración laboral seguen a atoparse grandes dificultades e desigualdades. As súas condicións laborais son, con frecuencia,

diferentes, son obxecto preferente de contratación temporal ou parcial, acceden con maior dificultade ao mercado de traballo, contan con múltiples barreiras na súa promoción, no acceso a postos directivos na empresa. Estas diferenzas reverten así mesmo nos seus salarios, inferiores aos dos varóns.

E iso no caso de teren traballo porque a crise económica que padecemos está a afectar gravemente ao emprego, tamén ao das mulleres. Onde a taxa de paro feminina é máis elevada ca dos homes.

Dende o noso punto de vista o emprego é a mellor política social, en particular no caso das mulleres porque deste xeito aseguran a súa independencia económica e, por tanto, a súa liberdade para elixir a vida que desexan vivir. Pero se hoxe o emprego é unha cuestión principal, non debemos esquecer que o camiño da igualdade aínda non está percorrido na súa totalidade e debemos ser vixiantes para que as circunstancias actuais non o deteñan nin por un momento.

Xa que logo, e diante da próxima celebración do Día Internacional da Muller, o grupo municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación que tome o acordo que segue:

Que o goberno municipal elabore, dunha vez por todas, un Plan Integral da muller, que o consensúe e que o presente diante deste Pleno, xa que logo o III Plan de Igualdade e o II Plan de violencia de xénero remataron en 2007 e logo dun ano longo Vigo segue a carecer dunha estratexia e das súas accións derivadas para seguir a percorrer o camiño da verdadeira igualdade.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 16 de febreiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Molares Pérez, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SRA. VELOSO RIOS: Xa dende a Concellería informamos tanto nunha anterior sesión deste Pleno, como na última reunión do Consello Municipal da Muller que tivo lugar o mes pasado de que na Concellería se elaborou e está pendente de publicación, en poucos días esperamos que se poida presentar a avaliación do III Plan de Igualdade e, tal como anunciamos no Consello Municipal pasado, estase realizando o Plan Integral de Igualdade que se solicitara neste Pleno e que xa informáramos que estabamos pendentes de realizar a avaliación do terceiro para comezar xa.

Está comezado e tamén lles solicitamos colaboración a todas as entidades que forman parte do Consello Municipal da Muller para poder desenvolver este Plan da maneira participativa, que entendemos que é a máis acaída dende a concellería. Ó

mesmo tempo tamén estamos elaborando o Plan de Igualdade do Concello de Vigo para os traballadores e traballadoras deste Concello cumprindo coa Lei de Igualdade. Estamos no proceso de elaboración de todos estes plans, a avaliación xa está feita e estamos elaborando o Plan Integral e o Plan de Igualdade de Oportunidades dentro do Concello de Vigo.

Por iso estamos en total disposición de votar a favor desta moción. Agora ben, o que non entendemos é que poidamos admitir como parte do acordo é esta última frase na que se di que “Vigo segue a carecer dunha estratexia e das súas accións derivadas para seguir a percorrer o camiño da verdadeira igualdade”. As accións estanse desenvolvendo, podemos estar de acordo con elas ou non pero dicir que Vigo carece de estratexia e de accións derivadas péreceme que non ten moito que ver coa demanda de que haxa un novo Plan que se está elaborando como xa informamos, repito, no Consello Municipal da Muller do mes pasado.

Sinxelamente solicitaría que esa última frase se eliminase dos acordos e votaríamos a favor desta moción.

SRA. MOLARES PÉREZ: Eu queixábame nalgúns Plenos de que o Sr. Rodríguez Díaz traballaba pouco e tardaba moito en elaborar un Plan. Decía iso porque o Plan de Emprego que quedou do anterior goberno remataba no 2007 e tardou catro meses en elaborar un novo Plan.

Como decía na moción a vostede lle deixamos uns plans aprobados ademais por unanimidade e co consenso de todas as asociacións que participaron na súa elaboración, pero tardou catorce meses en traer ese Plan do que fala.

Como vostede ben comenta xa non é a primeira vez que falamos de poñer en marcha este Plan integral, xa houbo outra moción o pasado ano. Daquela nos decía que en setembro estaría o documento final. Estamos en febreiro e ese documento non está e por iso me pareceu importante que de cara ó 8 de marzo, que como todos sabemos e hoxe mesmo uniron dúas mocións para facer unha declaración institucional do que hai que estimular ou incentivar cara acadar esa igualdade real, péreceme que o máis importante que ten que facer este goberno e a concelleira de Igualdade é ter enriba da mesa ese plan no que realmente se establezan as estratexias e os obxectivos a seguir e que se faga como se fixo sempre co consenso necesario.

A verdade é que vostede é tranquila, toma as cousas con calma e así o viamos no

tema de xuventude porque paraliza as actuacións para estudar, pero a xestión municipal supón que haxa actividade, que se xestionen as cousas con rigor pero tamén con certa axilidade. O que non pode é tardar catorce meses en elaborar e avaliar un plan.

Eu, que fun a responsable do anterior Plan, quixen que se establecera a avaliación, porque malia que esa avaliación a puideran facer vostedes dun xeito sectario, non me preocupou que se establecera esa avaliación porque coido que é o camiño para seguir avanzando. Pero as cuestións teñen que estar marcadas e establecidas nun Plan.

A vostede hoxe haille que dicir que moito traer aquí a declaración institucional do BNG, que maxino que está feita polo seu partido a nivel autonómico, con oito puntos nos que se fala xenericamente da transversalidade, da corresponsabilidade, do emprego e da formación, pero os deberes hoxe, a quince días aproximadamente do 8 de marzo, están sen facer e iso é o que eu hoxe fundamentalmente lle quería dicir pero non só a vostede e ó seu grupo, senón que tamén ó Partido Socialista e ó Alcalde que preside esta Corporación.

Vostedes hoxe nos puntos 10 e 11 retiraban a moción do PSOE para facer unha única que, agás os antecedentes que modificaron, é estritamente a que presentaba o Bloque Nacionalista Galego. Non me estraña porque na proposta que presentaba o Partido Socialista, en tres dos cinco puntos falaba do Plan Municipal de Igualdade vixente ou en vigor. A verdade é que si me preocupa que o alcalde desta cidade non saiba que na cidade de Vigo non hai plan en vigor nin vixente, en todo caso sería no próximo plan a elaborar porque esta cidade de Vigo que sempre se caracterizou por defender os dereitos das mulleres, non ten plan de igualdade vixente.

Sra. Veloso, como dicía vostede tómao con demasiada tranquilidade. Falaba de que ten estratexias e obxectivos. Xa sabe que o meu carácter é dialogante e non vou cambiar agora aínda que esteamos en plena campaña, polo tanto se non lle gusta esa frase final de “que non ten estratexias e obxectivos” retíroo e que se aprobe por unanimidade que coido que é o importante.

Penso que vostede non soubo nin sequera manter as actuacións que estaban postas en marcha con anterioridade. Vímolos no ámbito da violencia de xénero cunha iniciativa que ademais contou co apoio de todos como era a de establecer un marcador no comezo da rúa do Príncipe e ese marcador está apagado. Este é un tema importante e foi un acordo da Corporación porque esa era unha maneira de

sensibilizármonos diante desa grave situación.

Pero non só dentro do tema da violencia de xénero, coma ese marcador que pode seren máis ou menos simbólico, tamén tivo sete meses paralizada esa casa de acollida para a cambiar a outro modelo que coido que máis ben o único que fixo foi cambiar dunha concesión a unha asociación por unha xestión polo consorcio porque pouco máis se soubo dese tema. O que si soubemos foi que durante sete meses, dende xuño ata practicamente hai uns días, ese centro estivo pechado aínda que tamén nos dixera nun Pleno que en setembro estaría en marcha, pero tardou cinco meses máis.

Tamén se comprometera aquí a que o plan de igualdade estaría en setembro rematado e hoxe, estamos a piques de celebrar o 8 de marzo e aínda non está.

Sra. Veloso, hoxe en día e diante desta situación de crise, dentro dun plan que se poida poñer en marcha, o emprego ten que ser unha das prioridades fundamentais e actuar de xeito diferente que nun momento normal. Vostedes están desaproveitando recursos. Deixámoslles montado un viveiro de empresas, o EMPECE, e sen embargo está sen usar e corremos o risco de que haxa que restituír eses fondos que son da Mancomunidade porque non se fixo nada. Temos todo, está amoblado, só esperando que tomen unha decisión, que xestionen.

Pero non só iso, Sra. Veloso, en novembro de 2006 a Sra. Porro asinaba co Sr. Quintana un protocolo para poñer en marcha na cidade de Vigo iniciativas de infraestruturas sociais e no ámbito da igualdade. Aparecía un centro de promoción de empresas de mulleres de base tecnolóxica. En primavera a Sra. Iglesias e máis eu tivemos unha reunión en Vicepresidencia para saber que querían facer con ese centro. Dixéronos que o estaban matizando, que era entre varias consellerías; a día de hoxe pasou ano e medio e seguimos sen ter coñecemento dese tema e o emprego é fundamental.

Por iso hoxe eu lles pido, aínda que o fago con brevidade dada a hora que é, que se poñan a traballar, que utilicen os recursos que teñen enriba da mesa, que as mulleres e homes temos que avanzar cara á igualdade, que nestes momentos hai unha crise, a máis importante da historia da nosa cidade e do noso País e vostedes teñen os recursos e os están infrautilizando.

Alégrame polo tanto que vaia votar a favor, pero á parte coido que se ten que poñer a traballar en serio, que xa son horas, como siga así remata o mandato e aínda segue estudando.

SRA. VELOSO RIOS: Tal e como se di na moción as mulleres somos moi estudosas e entón efectivamente seguimos estudando. Tomo con tranquilidade as cousas porque así aprendín de vostedes.

Hai catorce meses que rematou o período de execución do Plan anterior e neste tempo fixemos a avaliación do plan, cousa que non foi doada porque é certo que se tardou máis do previsto ó non existiren datos sobre a execución de moitas das accións en áreas que non eran a de Igualdade, cousa que ademais nos amosou o que nos queda por camiñar na transversalidade das políticas de igualdade, iso sábeo vostede moi ben. Custounos acadar eses datos para poder facer unha avaliación rigorosa e non sectaria. Publicarémola e poderá comprobar que non é unha avaliación sectaria, senón feita con rigor e por iso quizais se tardou máis do que estaba previsto porque se pretendía poder apoiar con datos todas as conclusións ás que se chegaba na avaliación para que xustamente non se nos puidese acusar de que esa avaliación fose un uso político, nin que estivese feita de maneira sectaria. Quixémola facer con rigor para que sexa útil para o Concello, para a sociedade viguesa e para todas aquelas cidades e vilas que queiran aproveitar a experiencia dun Concello como Vigo que conta cunha Concellería de Igualdade, antes Muller, dende hai moitos anos.

Digo que tomo as cousas con tranquilidade porque aprendín de vostede porque nós fixemos a avaliación do plan anterior e iniciamos xa a elaboración do novo plan en catorce meses. En facer a avaliación do Plan anterior vostede tardou dez meses en publicar o seguinte Plan logo de que rematara o anterior. Así que coido que compartimos o interese por facer as cousas ben.

Aceptou a miña proposta e polo tanto creo que tampouco cómpre ir máis ó fondo, o que pasa é que é certo que fixo referencia ás mocións do 8 de marzo e teño que dicir que cando vin a orde do día sorprendeume que o Grupo Popular non presentase unha moción co gallo do 8 de marzo, algo que fixo tradicionalmente.

Lendo esta última moción e escoitando agora esta última intervención, confírmame a miña sospeita. Esta era a moción do 8 de marzo camuflada para non a ter que consensuar cos outros grupos e non poder debater e dicir cousas que non sempre se corresponden coa realidade. Por exemplo, está dicindo que nada se sabe dese plan de apoio ás empresas de mulleres na cidade de Vigo logo daquela reunión coa Secretaría Xeral. Téñolle que dicir que ese centro galego de apoio ás iniciativas

empresariais innovadoras de mulleres está aberto dende o mes de outubro e está situado nos locais da Confederación de Empresarios de Pontevedra. Quizais o que pode haber é unha falla de información.

En todo caso seguimos traballando e aceptando ademais todas as suxestións da oposición e especialmente de vostede, que como foi concelleira de Muller ten experiencia, podemos todas aprender e estou segura de que iso o poderemos ver na avaliación do seu Plan de Igualdade.

O Plan Integral traerémolo a Pleno porque tamén o estamos facendo de maneira participativa e querémolo facer con consenso. Non o levaremos unicamente á Xunta de Goberno como se fixo co III Plan de Igualdade que non viu a Pleno; o noso si virá a Pleno.

A PRESIDENCIA: Non lle imos dar a palabra á Sr. Rodríguez Díaz que a solicitou porque seguro que é por alusións e realmente foron citas. Ímolo considerar así por mor de rematar a sesión o máis axiña posible.

SRA. MOLARES PÉREZ: Sra. Veloso, no BNG son tranquilos as mulleres e os homes porque dende logo que os outros departamentos tamén van lentos.

Di que aprendeu da miña tranquilidade. Teño moitos defectos ou virtudes pero dende logo que a tranquilidade non é unha delas. Mentres vostede leva dúas áreas eu levaba unha Tenencia de Alcaldía como leva o seu compañeiro, aínda que non presumía de iso e presentábame normalmente como Concelleira de Deportes porque era do que máis orgullosa me sentía, non tiña dez asesores, nin un coordinador xeral e as sete áreas coido que estiveron ben atendidas. Xa lle digo que non estamos aquí para sacar méritos, pero tamén que traballe máis, Sra. Veloso.

En canto ó que fixen eu ou o que fixo vostede, non é esa a cuestión pero este Plan de Igualdade está presentado en novembro. Fálame de que non se fixo avaliación pero é que practicamente non había nada que avaliar porque o anterior, II Plan de Igualdade, fíxose en campaña electoral en 2003 e polo tanto practicamente non se desenvolvera. Coido que foi un xesto de cortesía non xustificar que daquel plan pouco se podía elaborar pero o traballamos con consenso e con participación de todos os axentes que quixeron, que por certo hai que dicir que os grupos políticos non foron precisamente quen máis participaron nese plan.

En canto a que presentamos unha moción camuflada do 8 de marzo, trabúcase.

Presentamos unha moción que só faltaría que lle dixera eu ó Sr. Secretario como ten que facer as cousas; púxoas no punto 20. Si é verdade que eu non aceptei unha moción institucional porque cría que neste momento esta moción tiña que vir porque vostede ten que se xustificar perante este Pleno e é a miña obriga dende a oposición facer que vostede xustifique o seu traballo. O meu labor é controlar ó Goberno e así establecín que esta moción é de control ó Goberno.

O que non ten moito sentido é que os partidos de goberno veñan aquí facer unhas declaracións ó sol sen ter feitos os deberes. Vostede tiña que ter traído a este Pleno ese proxecto de Plan de Igualdade e tiña que poñer enriba da mesa instrumentos para que neste intre o emprego se impulse porque como dixen é unha das áreas fundamentais que fai facer que homes e mulleres sexamos iguais.

A realidade do paro feminino en Vigo dende que o Sr. Caballero é Alcalde da cidade son 2.164 mulleres máis e vostedes desaproveitando recursos. Non sei como me pode dicir que esa actuación que fixo o Sr. Quintana coa Confederación substitúe ese punto do convenio do Consorcio en canto a un centro de promoción de empresas de mulleres de base tecnolóxica. Se ese era o investimento que pensaba facer o Vicepresidente da Xunta de Galicia no ámbito tecnolóxico para as mulleres, decepcióname porque iso non foi o que falou naquel intre coa Alcaldesa e non é o que nos merecemos a xente de Vigo.

O importante é que esta moción é construtiva, o que pretende e estimulala a vostede para que traballe con máis ilusión, con máis ganas e a favor de todos e todas.

A PRESIDENCIA: Votamos coa retirada da última frase da moción.

Emenda formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Ríos, durante o curso do debate:

Eliminar da parte resolutiva da moción a última frase: "...e logo dun ano longo, Vigo segue a carecer dunha estratexia e das súas accións derivadas para seguir a percorrer o camiño da verdadeira igualdade.

Coa conformidade da concelleira, Sra. Molares Pérez, a Presidencia somete a votación a moción coa emenda formulada pola Sra. Veloso Ríos.

(Está ausente a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

O goberno municipal elaborará, dunha vez por todas, un Plan Integral da muller, consensualo e presentalo diante deste Pleno, xa que logo o III Plan de Igualdade e o II Plan de violencia de xénero remataron en 2007.

22.- (39).- ROGOS E PREGUNTAS.

* ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. GONZÁLEZ SAGARRA, RELATIVO Ó CUMPRIMENTO DE PROXECTO APROBADO NO PLENO EN NOVEMBRO DE 2008 DE RECUPERACIÓN INTEGRAL DO RÍO LAGARES.

INTERVENCIÓN DO SR. GONZÁLEZ SAGARRA: O pasado mes de novembro aprobouse en Pleno un proxecto de recuperación integral do río Lagares. A concelleira que nese intre defendeu aquí esa moción presentada por nós dixo: "...Tamén lle quero dicir que nos ocupamos do río Lagares e dos seus afluentes. Non só imos actuar na canle do Lagares senón tamén en dous afluentes..."

Nós rogamos que se cumpra este acordo plenario e nos seus afluentes tamén. Afluentes como o Eifonso en Bembrive, Barxa en Beade ou no San Meirás no que mesmo hai que estudar unha canalización e un saneamento. Que non se paralice e que se actúen tamén neses afluentes.

A PRESIDENCIA: Tomamos nota do seu rogo.

* PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO POPULAR, SRA. MOLARES PÉREZ, RELATIVA A MOCIÓN APROBADA O 26.05.08 SOBRE ÁS TITULACIÓNS UNIVERSITARIAS DE EMPRESARIAIS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 11.02.09, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Molares Pérez, formula a

S.Ordinaria 23.02.09

seguinte moción:

"Hai xa oito meses que o Partido Popular presentaba unha moción diante do Pleno da Corporación de Vigo co obxectivo de debater e tomar posición sobre o requirimento de numerosos colectivos da cidade para manter dous graos diferenciados para a Diplomatura de Empresariais e a Licenciatura en Dirección e Administración de Empresas, diante da adaptación do sistema educativo español ao Espazo Europeo de Educación Superior, coñecido como Plan Bolonia.

O GM do PP sostiña entón, e reitérao hoxe, que deste xeito manteríase a tradición e o prestixio da Escola Empresarial viguesa, fundada en 1910, nomeada "Viguesa Distinguida" polo Concello en 1996 e fortemente apoiada social e máis empresarialmente na cidade.

A moción aprobouse por unanimidade logo de que os GM negociasen os termos da mesa.

En xuño de 2008 o Grupo parlamentario popular presentaba no Parlamento de Galicia unha proposición non de lei sobre este asunto. Cando en setembro dese ano se debateu en comisión esta iniciativa parlamentaria popular o PSOE e o BNG votaron en contra amosando, por enésima vez, que o que votan en Vigo nada ten que ver co que votan en Santiago. Desta falta de coherencia só se pode deducir que en realidade non lles importan as cuestións viguesas. Aquí, socialistas e nacionalistas tratan de enganar aos vigueses representando un papel que non manteñen en Santiago.

Pero ben distinta é a escenificación política do PSOE e BNG noutras cidades. Mentres o Reitorado de Vigo só propuña un grao, o de A Coruña -en situación idéntica- fixo os seus deberes e propuxo dous e queda á espera agora dos ditames solicitados pola Dirección Xeral de Universidade da Xunta de Galicia ao respecto.

De volta a Vigo logo de largos meses e coa iniciativa da cidade de A Coruña parece que, se o Alcalde de Vigo fixo algo, foi ignorado polo goberno da Xunta, do que cabe deducir unha preocupante falla de peso político do actual titular do goberno da primeira cidade de Galicia, e dicir, de Abel Caballero.

Tamén se podería deducir que o PSOE escenifica un claro reparto de papeis entre os socialistas de Vigo e os de Galicia, cara beneficiar ao norte da comunidade fronte ao sur, coa lamentable complicidade do PSOE vigués. Pero é tempo de escoitar as explicacións do Alcalde de Vigo.

Xa que logo, esta concelleira pregunta ao Alcalde de Vigo:

1.- ¿Que fixo o Alcalde de Vigo dende entón polo cumprimento desta moción na que se instaba á Universidade de Vigo e á Consellería de Educación a dialogar coas partes para ofrecer unha resposta satisfactoria á reclamación de transformación en grao de cada un dos títulos do ámbito empresarial existentes e se reclamaba o consenso de todos para acadalos?

2.- ¿Está o Alcalde de Vigo disposto a esixir ao goberno da Xunta que presente os

tres ditames referentes a este asunto á maior brevidade posible e sempre antes de que se esgote a legislatura para que o goberno da Xunta tome unha decisión clara, amosando cal é a súa posición respecto da reclamación da cidade para que se lle outorguen os dous graos que merece?"

INTERVENCIÓN DA SRA. MOLARES PÉREZ: O pasado mes de xaneiro presentei por escrito unhas preguntas referentes ó futuro da moción que hai xa oito meses aprobamos neste Pleno por unanimidade referente ó mantemento de graos diferenciados da diplomatura de empresariais e licenciatura en dirección e administración de empresas en canto á adaptación do sistema educativo español ó espazo europeo de educación superior coñecido como Plan Bolonia. Terían que ser respondidas hoxe, neste Pleno.

A PRESIDENCIA: Podería contestar sinxelamente dicindo que moitas cousas e sería suficiente pero lle vou responder porque lle agradezo a pregunta aínda que un tamén podería preguntar que fixeron vostedes. Tamén podería expoñerse aquí que foi o que fixo o Grupo do Partido Popular a efectos de conseguir que isto se leve adiante, pero non vou entrar nesa cuestión.

Efectivamente a moción que aquí se aprobou foi instar á Universidade de Vigo, non instar ó Alcalde para que o Alcalde fale coa Universidade de Vigo. En segundo lugar solicitalo á Consellería de Educación. Como acontece con todas as mocións se lle enviaron ós organismos ós que se dirixía apoiadas por unanimidade por este Pleno; á Universidade vía Reitor e á Consellería de Ordenación Universitaria vía conselleira. Ese era o mandato que nós tiñamos deste Pleno.

Esta é unha cuestión que o Alcalde, como representante da cidade pero tamén como o catedrático máis antigo da Universidade de Vigo, quere afrontar. Pero vaime permitir que lle diga que tamén o quere afrontar porque no ano 82, cando aquí non había Universidade e sendo eu catedrático viña gratis todas as fins de semana dar clase á Facultade de Económicas da Universidade de Vigo para tratar de potenciar esta Universidade. Non vou dicir nomes aínda que podería pero outros viñan e cobraban 80.000 pesetas ó mes. Eu viña gratis porque quería potenciar esta Universidade, porque teño un compromiso con ela.

Pero ademais durante algúns anos e sendo deputado viña os venres, tamén sen cobrar nada, e daba clases nesta cidade. Moitas xeracións de economistas foron alumnos meus.

A partir daí quero dicirlle que hai unha razón adicional que lle quero mencionar: que eu son profesor desta escola tamén, son catedrático de Economía e no meu departamento de Fundamentos de Análise Económico damos algunhas asignaturas nesta Escola Universitaria. Sendo eu director dese departamento durante varios anos tomaba decisións relativas á forma, a pedagogía e polo tanto cunha involucración directa todo o tempo nesta Escola. Quero dicirlle que aquí compartimos todos esa preocupación.

Fixen moitas cousas. En primeiro lugar respectar a autonomía universitaria, principio constitucional sagrado. A Constitución establece esa autonomía porque sempre hai determinadas tendencias dos poderes a quitar o libre pensamento das universidades. Coma Alcalde son especialmente respectuoso coa autonomía universitaria pero lle transmitín ó Reitor persoalmente a posición inequívoca deste Pleno e a miña persoal de que era altamente conveniente que se aprobara o grao da Escola actual de Empresariais como grao de Comercio porque era unha magnífica decisión para esta cidade.

Por moitas razóns, entre outras porque no grao da Escola Empresariais, na titulación de empresariais da Facultade de Económicas, das que eu son profesor en ambas, podemos chegar anualmente entre cincocentas e seiscentas solicitudes de entrada. É a titulación desta cidade que ten máis demanda de entrada, as dúas escolas xuntas, polo tanto parece razoable que se leve adiante.

Fixen máis, reuninme coa Conselleira de Educación e transmitinlle esta opinión e a posición deste Pleno. Levei ó seu ánimo e así mo transmitiu oralmente e á do Reitor Xeral de Universidades que responde do desenvolvemento de Bolonia, da conveniencia de tramitar esta titulación, de tal xeito que se o Reitor da Universidade de Vigo, en suma, o Consello de Goberno da Universidade de Vigo en uso da súa propia capacidade decidise pedir o grao de empresariais a Consellería aceptaría.

Fixen máis, reuninme co grupo de profesores da Escola de Empresariais da Universidade da Coruña que estaban neste mesmo trámite para ver de que xeito o estaban a enfocar.

Fixen máis, reuninme dúas veces co director da Escola que é un bo amigo persoal, e coa secretaria que é membro do meu antigo departamento de Fundamentos, para lles transmitir esta posición e tratar con eles a forma de levar adiante este proxecto.

Fixen máis, hai uns días reuninme co Claustro de profesores da Escola Universitaria de Empresariais e cos representantes dos estudantes para que quedara inequívoca a

posición do Alcalde de apoio total e incondicional a esta titulación para ben da Universidade de Vigo e desta cidade.

Isto foi o que fixen. Vou seguir facéndoo, vou seguir apoiándoo, isto aínda ten percorrido e coido que o que temos que facer é xuntar todos os esforzos e convencer á Universidade coma institución autónoma de que o máis conveniente para ela e ter dous títulos e seguir mantendo a posibilidade de que siga a haber aquí abaixo, na Escola do futuro grao de Empresariais poñamos que douscentos alumnos no primeiro curso de cada licenciatura e arriba entre douscentos e trescentos. Esa sería a mellor situación.

Fixen máis, Sra. Molares. Pedín un informe neste Concello para saber se no caso de que se suprimira esta titulación poderíamos reclamar o local para non permitir que se utilizara para ningunha outra cousa que non fose a Escola de Empresariais.

Por tanto era difícil facer máis.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás quince horas e vintecinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.